

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17

SESION ORDINARIA DO 24 DE NOVEMBRO DE 2008

ASISTENTES

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Alonso Pérez, Fco. Xabier
Calviño Rodríguez, Xulio
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Díaz Vázquez, Raquel
Domínguez Olveira, Santiago
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo

Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López Atrio, Laura
López Carreira, Xesús
López Font, Carlos
Martiño Gómez, Antonio
Méndez Piñeiro, María
Molares Pérez, Lucía Emilia
Muñoz Posse, Carlota
Porro Martínez, María Corina
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor
Velooso Ríos, Iolanda

NON ASISTE:

Lago Rey, María Jesús

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e nove minutos do día vinte e catro de novembro do ano dous mil oito, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velooso Ríos, actuando como secretario xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste a Sra. Lago Rey. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sr. Mariño Mendoza e Sra. Maure Noia e máis o Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

1.- (201).- ACTA ANTERIOR.(SESIÓN 29.09.08)

(Está ausente a Sra. Lago Rey)

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación que tivo lugar o día 29 de setembro de 2008.

2.- (202).- RECLAMACIÓN DA COMUNIDADE DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE SAN PEDRO DE MATAMÁ SOBRE OCUPACIÓN DO MONTE MARUXENTO. EXPTE. 18336/240.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 7 de outubro polo xefe de patrimonio, conformado pola xefa de Réxime Interior e máis polo concelleiro delegado:

"1.- A Comunidade de Montes en Man Común de San Pedro de Matamá, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral deste Concello o 13 de marzo de 2008, solicita o desaloxo da parcela do Monte Maruxento que o Concello ven utilizando como depósito de desperdicios de obra e outros elementos de construción.

2.- Polo xerente do parque central de servizos da Concellería de Vías e Obras, informouse en data 14.07.2008 en relación ó solicitado pola CMVMC que *ao menos fai 20 anos (...) se veñen depositando materiais, na súa maioría dos servizos de Vías e Obras e Xardíns, todos eles recuperados de traballos efectuados nas rúas. Os materiais son lastros, pedra, xardineiras, biondas de formigón, etc... Confirmámoslle que no citado terreo, na actualidade, efectivamente atópanse depositados materiais como os anteriormente descritos.*

3.- A parcela obxecto de reclamación forma parte da propiedade nº 606 no Inventario municipal de Bens e dereitos, aprobado por acordo do Pleno do 4 de

maio de 1993, correspondente os Montes de Matamá de LD nº 845,846,847,848.

Sen embargo, por acordo do Xurado Provincial de clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, resolveuse en data 14.07.2004 a clasificación como veciñais en man común a favor da parroquia de Matamá dos Montes "A Mo, Maruxento e Fonte Santa" con excepción das ocupacións de particulares, estradas e superficie ocupada polo depósito municipal. Recorrida dita resolución na vía xurisdiccional contencioso administrativo pola CMVMC de Matamá, foi finalmente estimado, por sentenza do 22.11.2007 ditada pola sección 2º da sala do contencioso administrativa do TSXG, o recurso de apelación deducido contra a sentenza ditada na primeira instancia polo xulgado do contencioso administrativo, e conseguintemente decláran que procede a clasificación como terreos do monte veciñal as zonas excluídas pola ocupación do vial de circunvalación, incluíndo a totalidade do monte Fonte Santa II e o depósito de materiais situado no monte Maruxento.

Sentenza da que se deu conta á Xunta de Goberno local na súa sesión ordinaria do 29 de abril do 2008.

4.- A teor do exposto, resulta procedente rectificar o inventario municipal de bens e dereitos desta administración dando de baixa na propiedade nº 000606, os montes de LD números 845, 847 e 848 correspondentes ós montes de Moo, Maruxento e Fonte Santa, clasificados como Montes veciñais en man Común a prol da parroquia de Matamá, e así mesmo acordar a retirada dos materiais de obra que na actualidade se atopan ocupando polos servizos municipais, terreos pertencentes a dita CMVMC de Matamá.

5.- Resulta competente para acordar a rectificación do inventario o Pleno Municipal, previo ditame da Comisión informativa da Xestión Municipal, de conformidade co disposto no art. 34 do RBEL."

Visto o anterior, o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de novembro, quedou informada do contido da anterior moción.

(Está ausente a Sra. Lago Rey)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Rectificar a propiedade nº 000606 do Inventario Municipal de Bens e Dereitos dando de baixa os Montes de Matamá de LD números 845, 847 e 848 (Moo, Maruxento e Fonte Santa), de acordo coa resolución do Xurado Provincial de

clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra do 14.07.2004, e a sentenza do TSXG do 22.11.2007.

Segundo.- Que pola Concellería de Vías e Obras se proceda ó traslado, a dependencias municipais, dos materiais depositados na parcela pertencente a Comunidade de Montes de Matamá, deixándoa libre e a disposición de dita Comunidade.

3.- (203).-SOLICITUDE DE COMPATIBILIDADE DA CONCELEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SRA. VELOSO RÍOS. EXPTE. 1254/110.

ANTECEDENTES.- Con data 10 de novembro o secretario xeral do Pleno informa o que segue:

"Lexislación Aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.
- RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Antecedentes:

Mediante Decreto de data 20.07.2007 a Alcaldía, a proposta do Voceiro do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, resolveu que a concelleira, D^a IOLANDA VELOSO RÍOS, exerza as funcións correspondentes ó seu cargo en réxime de dedicación parcial de dezanove horas semanais cun importe retributivo, a día de hoxe, de 34.862,27€/ano.

O 06.11.2008 ten entrada no Rexistro Xeral escrito da Concelleira no que solicita a compatibilidade das súas funcións coas que, como profesora asociada, desenvolve na Universidade de Vigo.

De conformidade co art. 122.5.e) da LBRL corresponde a esta Secretaría Xeral o asesoramento legal do Pleno e das súas comisións. A autorización de compatibilidade require un acordo que debe ser adoptado por este órgano municipal (art. 13.3, RD 2568/1986), en virtude diso emítase o seguinte,

INFORME

O parágrafo segundo do art. 75.2 da LBRL advirte que os membros das Corporacións Locais que sexan persoal das Administracións Públicas poderán

percibir retribucións pola súa dedicación parcial fora da súa xornada de traballo nos termos sinalados no art. 5 da Lei 53/1984. O parágrafo 2 do precepto citado indica que os membros das Corporacións Locais en réxime de dedicación parcial recibirán retribucións por tal dedicación sempre que a desempeñen fora da súa xornada de traballo e sempre que a retribución por tal dedicación non supere os límites que con carácter xeral se establezan. Os "límites" son os que se sinalan no art. 7 da Lei 53/84. Da petición formulada se desprende que o total das retribucións a percibir polo cargo e polo posto, 44.564,03€/ano, non supera o importe retributivo que a Lei de Orzamentos prevé para o cargo de Director Xeral, 57.594,56 €/ano, tal total é tamén inferior á retribución que a Sra. Concelleira percibe pola súa dedicación incrementada nun 30% (45.320,95€). Cúmprense os límites do art. 7.1. Infórmase favorablemente a petición.

Conclusión: Non existe impedimento legal para que o Pleno do Concello autorice a compatibilidade solicitada que non poderá ir en detrimento da súa dedicación na Corporación. Do acordo no seu caso adoptado darase traslado á Universidade de Vigo (Servizo de PDI)."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de novembro, ditamina na forma que se expresa na parte dispositiva deste acordo.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Autorizar á compatibilidade solicitada pola concelleira dona Iolanda Veloso Ríos, que non poderá ir en detrimento da súa dedicación na Corporación.

4.- (204).- CONSTITUCIÓN DA FUNDACIÓN "VIGO CONVENTION BUREAU" E APROBACIÓN INICIAL DOS SEUS ESTATUTOS.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de novembro de 2008, o coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, coa conformidade do concelleiro delegado, emite o seguinte informe:

"O pasado 23 de xuño de 2008 a Xunta de Goberno Local, previo informe favorable da Asesoría Xurídica, adopta acordo de aprobación dos estatutos para iniciar os trámites de constitución da Fundación Vigo Convention Bureau.

MEMORIA

O Spain Convention Bureau é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa na actualidade a 41 cidades de congresos. Constituíuse en 1984, no seno da Federación Española de Municipios e Provincias, como unha sección especializada dentro da Comisión de Turismo, coa denominación de Sección Española de Cidades de Congresos.

Os seus obxectivos principais son, por un lado, promover o intercambio de experiencias e información deste sector turístico entre os municipios que o forman e, por outro, realizar accións de promoción conxunta tanto nacional como internacional.

Principais actividades do SCB:

1. Asesorar e proporcionar información sobre os lugares máis idóneos para realizar un evento, dependendo do número de asistentes e a capacidade hoteleira requirida.
2. Elaborar un informe estatístico sobre o mercado de reunións co obxectivo de mellorar o coñecemento do mercado e, a partir de aí, establecer estratexias de *marketing*.
3. Elaborar un calendario de congresos anual.
4. Realizar accións promocionais nacionais e internacionais.
5. Levar a cabo xornadas e seminarios para mellorar a formación do persoal técnico dos entes municipais.

2.- Requisitos de incorporación de novos membros ó Spain Convention Bureau.

1. Que existan recursos humanos e estruturas funcionais de xestión e promoción que posibiliten a intervención municipal e provincial en materia turística (Fundación Vigo Convention Bureau).
2. Dispor de infraestruturas de aloxamento, hostalería e servizos axeitados para acoller este tipo de eventos.
3. Dispor de equipamentos para o desenvolvemento de actividades complementarias, culturais, deportivas e de ocio.

4. Dispor dunhas instalacións que permitan acoller, nun edificio único, pazo ou centro de congresos, equipado de forma adecuada, a unha reunión, convención ou congreso de, cando menos, 500 persoas.
5. Estar en disposición de dar aloxamento e facilidades de *catering* a, polo menos, 500 persoas.
6. Dispor de boas comunicacións terrestres e aéreas.
7. Posuír un bo equipo de profesionais na organización de congresos.
8. Oficina de congresos con persoal cualificado e unha adecuada infraestrutura.
9. Demostrar que se realizaron na cidade solicitante con éxito cinco congresos internacionais (con participación de, cando menos, tres países distintos), nos últimos tres anos.

3.- Marco xurídico para a constitución da figura xurídica que desenvolva o proxecto Vigo Convention Bureau:

A decisión de constitución da figura xurídica que dará forma o proxecto Vigo Convention Bureau establécese no ámbito da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e polo Decreto 248/1992 do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, na medida na que non quede derogado pola Lei anterior, así como a Lei 30/1994, do 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral e polas demais disposicións legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación, tamén se rexerá polo Real Decreto 1337/2005, do 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal, ou polas disposicións que o substitúan, no que supletoriamente lle sexa de aplicación.

4.- Ámbito de actuación:

O proxecto “Vigo Convention Bureau” desenvolverá as súas actividades principais na Comunidade autónoma galega, sen prexuízo de que nas súas actividades promocionais de proxección da imaxe da cidade poida exceder este ámbito territorial e establecer relacións instrumentais con terceiros en diferente ámbito territorial.

5.- Obxecto e fins de Vigo Convention Bureau:

O obxectivo de “Vigo Convention Bureau” é a captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo, así como a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións.

Para o cumprimento dos obxectivos anteditos o “Vigo Convention Bureau” levará a cabo as seguintes accións:

- Captación de congresos, mediante a actuación ante as institucións, entidades e grupos ou persoas que as convoquen, presentación de candidaturas en colaboración cos seus delegados locais, facendo un seguimento para a súa obtención e actuación ante as diversas administracións para o seu fomento.

- Captación de convencións e viaxes de incentivos de grandes empresas, mediante promocións específicas en diferentes cidades nacionais e internacionais, viaxes de familiarización a Vigo de altos executivos con capacidade decisoria.
- Información e axuda na selección de infraestruturas e servizos especializados para a organización de todo tipo de eventos, reunións, conferencias, congresos, etc.
- Soporte para a confección de programas de actividades para viaxes de incentivo e programas culturais, sociais e de ocio para delegados e acompañantes.
- Aglutinar ás empresas, institucións, organismos, que presten servizos para a organización de congresos, reunións, conferencias, simposios, etc.
- Crear e consolidar unha conciencia pública -tanto oficial como privada- en relación coa transcendencia económica do turismo e, especialmente, do turismo de congresos e reunións.
- Servir como organismo asesor de todos os seus membros na materia específica obxecto da organización.
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos con esta actividades.
- Representar no plano nacional e internacional á cidade de Vigo como sede de congresos e reunións, así como a todos os seus membros, podendo celebrar incluso convenios de cooperación ou colaboración con entidades do sector público ou privado, que contribúan ó desenvolvemento do mesmo.
- Coordinar con autoridades, organizacións e entidades de fomento e promoción do turismo as accións promocionais.
- Asistencia a feiras e salóns especializados.
- Accións promocionais en medios de comunicación nacionais e internacionais.
- Levar un rexistro de inscrición de empresas organizadoras e provedores de bens e servizos relacionados coa actividade de turismo de congresos
- Páxina web específica da Fundación Vigo Convention Bureau.
- Producción e distribución da Guía Profesional de Congresos, que aglutine toda a información turística, cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de congresos, así como as empresas de servizos especializados para este tipo de eventos.
- Asesoramento persoal para a organización de congresos ou reunións en Vigo, xestionando os contactos coas empresas profesionais necesarias.
- Coordinación coas áreas municipais correspondentes para a correcta utilización dos servizos municipais.
- Proporcionar información turística en distintos soportes e publicacións de interese ós delegados.
- Calquera outra actuación, relacionada cos fins anteriores, que decida o Padroado, dando conta disto ó Protectorado.

6.- Entidades vinculadas ó proxecto:

Para a constitución do presente proxecto a través da Fundación Vigo Convention

Bureau, preséntase a seguinte proposta de entidades que participarán na constitución da mesma:

O Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación, a Confederación de Empresarios de Pontevedra e o Instituto Feiral de Vigo.

Ademais destas entidades a fundación, poderá contar con entidades colaboradoras que acrediten o seu interese en colaborar economicamente e de forma activa no desenvolvemento dos fins fundacionais da Fundación Vigo Convention Bureau.

7.- Órganos de goberno e xestión da Fundación Vigo Convention Bureau:

A estrutura de goberno e xestión estará conformada polos seguintes órganos de goberno e xestión da Fundación:

1. O Padroado
2. O Comité Executivo
3. E, o Xerente da Fundación.

8.- Composición do padroado da Fundación:

En base a proposta de participación como entidades fundadoras do presente proxecto a composición do padroado estará integrado polos seguintes membros:

- O Alcalde ou Alcaldesa - Presidente do Concello de Vigo.
- O Concelleiro/a de Turismo do Concello de Vigo.
- A Xunta de Galicia.
- O Director/a Xeral de Turismo da Xunta de Galicia.
- A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.
- O Instituto Feiral de Vigo.
- Caixanova.
- A Confederación de Empresarios de Pontevedra.

Ademais formará parte do Padroado un representante do conxunto das entidades colaboradoras da Fundación.

9.- Vías de financiamento do proxecto Vigo Convention Bureau:

Para garantir a viabilidade económica do proxecto os recursos económicos da Fundación Vigo Convention Bureau compóranse de:

- A dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e no art. 19 do Decreto 248/1992.

- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens, ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A Fundación Vigo Convention Bureau desenvolverá actividades económicas relacionadas cos fins fundacionais ou que sexan complementarias ou accesorias ás mesmas, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia."

Polo anteriormente exposto o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Na devandita proposta figura un selo coa conformidade do interventor accidental, así como un documento de retención de crédito por importe de 94.000 euros con data do 19.11.08.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 17 de novembro, ditamina favorablemente.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Só para explicar brevemente e pedir a aprobación da Corporación da constitución da Fundación Vigo Convention Bureau.

Esta é unha Fundación que nestes momentos teñen xa moitas das cidades importantes de España, practicamente todas, e evidentemente Vigo necesitaba e tiñamos que facer o esforzo para a poñer en marcha.

Esta Fundación vaise integrar posteriormente na entidade Spain Convention Bureau e vai ter como función fundamental a captación de congresos e feiras internacionais para a nosa cidade, algo moi importante precisamente para traballar en aras a desesternalización do sector turístico, ademais vai permitir que dende a promoción da cidade contemos cunha institución áxil, estable e profesional que axude ó propio traballo do Concello na promoción de Vigo en materia turística e tamén vai ser un complemento ideal e enmarcado dentro dese plano de competitividade turística que como sabemos acabamos de ter a aceptación por parte do Ministerio de Turismo deste plano e polo tanto a constitución da Fundación Convention Bureau vai tamén enmarcarse dentro deses traballos.

Unha Fundación na que ademais do Concello tamén estarán a Universidade de Vigo, entidades como Caixanova, o recinto feiral do IFEVI, a Cámara de Comercio, a Confederación de Provincial de Empresarios e a Dirección Xeral de Turismo por

parte da Xunta de Galicia.

En definitiva cremos que é un organismo que era necesario constituír e pensamos que teremos logo que traballar entre todos e todas porque pode ser un bo instrumento para seguir traballando na promoción da nosa cidade.

SR. FIGUEROA VILA: O noso grupo votou a favor da constitución desta Fundación na comisión informativa cun compromiso do goberno de que antes de se realizar a Xunta de Voceiros teríamos un informe de Intervención. Resulta que ese informe nin a día de hoxe está no expediente e polo tanto pedimos que se retire porque hai un compromiso que nós aceptamos, a pesar de que non queríamos entrar no fondo do debate deste tema porque eramos máis partidarios dun consorcio que xa deixou preparado no goberno anterior a Sra. Molaes e mesmo iamos facer esa aclaración no sentido de que nos parecía moito máis interesante un consorcio do que mesmo quedaron redactados os estatutos, pero cada quen gobernando toma as decisións gobernando que considera máis convenientes.

Agora é unha cuestión formal que vostedes mesmos nos pediron e nós votamos a favor en aras de buscar a máxima colaboración pero ese expediente está sen rematar. O informe de Intervención que dixeron que ían achegar na Xunta de Voceiros a día de hoxe non está, por iso pediríamos a retirada deste punto e que o traian o máis urxente posible para debater sobre o tema.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Este expediente non ten absolutamente ningún tipo de problema con Intervención porque o que se trae a aprobación son os estatutos e a achega económica do Concello que está reflectida no propio orzamento e que polo tanto o informe de Intervención non terá ningún tipo de problema.

Como xa lle teño explicado a vostede traelo hoxe é porque necesitamos que esta Fundación estea aprobada antes de que remate o ano a fin de poder constituíla e que esa achega, igual que as das outras entidades, sexa factible.

En relación ó consorcio ou non, teño que lle dicir que a constitución dun Convention Bureau non é obstáculo para que no futuro se poida constituír un consorcio se así se decide. Hai cidades onde existe o Convention Bureau e unha empresa municipal de turismo ou un consorcio de turismo.

Pediría a aprobación deste punto pero en todo caso, o interventor que está aquí

non me desdía no sentido de que este expediente non ten ningún tipo de problema pero en todo caso poderíamos facer a aprobación indicando que vai haber ese informe de Intervención. É unha cuestión de tempo e de urxencia.

Pediríamos que se aprobara porque repito que a partida orzamentaria está absolutamente definida nos orzamentos, este expediente non ten ningún tipo de obxección por parte da Intervención e é sinxelamente unha cuestión de urxencia e de datas.

SR. FIGUEROA VILA: Paréceme moi ben que non teña ningún problema pero si hai unha achega económica a esta Fundación e cando iso pasa sempre hai un informe da Intervención. En calquera caso o que nos parece mal é que se se nos pide un compromiso, solicitado polo propio BNG, para que votemos a favor dun expediente, aceptámolo e parécenos que o razoable é que ese informe estea no expediente.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En todo caso as noticias que eu teño do expediente e que si está conformado, non sei se hai un informe definitivo pero si está conformado pola Intervención.

A PRESIDENCIA: Por aclarar este expediente e dado que me informa o secretario, no expediente de constitución do Vigo Convention Bureau hai unha conformidade do interventor, "...Previo o informe de fiscalización proponse ó Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:..." Esta proposta ven coa conformidade do interventor xeral accidental don Benjamín Suárez Sánchez.

SR. FIGUEROA VILA: Está aquí o interventor e coido que o pode aclarar.

SR. INTERVENTOR XERAL: Ten o conforme do interventor accidental así que en principio a fiscalización está feita. Estou falando sen coñecer o expediente porque estiven ausente esta semana e correspondeulle ó interventor accidental. En principio falo dos aspectos estritamente formais, hai un documento contable, o RC, onde se acredita a existencia de crédito dispoñible, logo hai unha dilixencia de conformidade no ditame da comisión informativa. Realmente o informe tería que ser previo pero se emenda posteriormente.

SR. FIGUEROA VILA: Precisamente esa é a contradición porque se di que hai un ditame da comisión informativa e o noso voto está condicionado ó informe da Intervención Xeral é que non había ese informe.

Ó noso grupo se nos dixo que na Xunta de Voceiro teríamos o informe da Intervención, ademais por iniciativa propia do BNG que non o solicitamos nós. Un membro do grupo do BNG chamounos para nos advertir que non había informe da Intervención e pedímonos que en aras de que este expediente se tramitase o antes posible, non puxésemos reparos. Contestamos que estabamos dispostos na comisión informativa e que na Xunta de Voceiros se nos entregaría ese informe da Intervención.

Votamos condicionados a ese informe da Intervención e resulta que agora o Interventor di co ditame da comisión informativa. Pois nós deixámolo perfectamente claro na nosa intervención e polo tanto como non hai ese informe, ímonos abster.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Evidentemente poden facer o que queiran, Sr. Figueroa, están na súa lexitimidade, pero son ganas de enredar. Díxenlle que na comisión informativa non ía estar o informe porque o interventor non estaba. Pasou nesa comisión condicionado por vostedes e paréceme lóxico a que cando chegara á Xunta de Voceiros ou ó Pleno houbera ese informe da Intervención. Acaban de dicir e está claro que no expediente está conformada esta proposta pola Intervención. Non sei que máis quere pero voten o que queiran.

SR. FIGUEROA VILA: O interventor acaba de dicir claramente que hai un conforme e un RC. Iso xa o tiñamos na comisión informativa. Votamos condicionado a que estivese ese informe, o informe non esta e ímonos abster.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Para rematar o debate quero aclarar que o que non se pode dicir é que non está o informe. Está conformado pola Intervención o expediente, polo interventor accidental e por se vostedes non o saben, cando o interventor titular non está e hai un conforme do interventor accidental vale exactamente o mesmo que se fose o interventor titular.

Non se pode dicir que non está conformado pola Intervención.

A PRESIDENCIA: Ten que rematar esta discusión. O secretario infórmame que legalmente está en disposición de ser votado. Se o grupo Popular pide a retirada, someterémolo a votación.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

Sométese a votación a retirada do expediente da orde do día a petición do concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila.

VOTACIÓN DA RETIRADA DA ORDE DO DÍA.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a petición de retirada do expediente da orde do día solicitada polo concelleiro do Grupo Popular Sr. Figueroa Vila.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar os estatutos definitivos da Fundación Vigo Convention Bureau

co texto que se transcribe ó final deste acordo, así como a participación do Concello de Vigo na mesma.

Segundo.- Autorizar a achega económica de 100.000 € á Fundación, dos que 6.000 € serán en concepto de cota fundacional con cargo á partida 7510.8110000 “Achega socio fundador Convention Bureau” e 94.000 € con cargo a partida de nova creación 7510.4890000, do presuposto en vigor para o ano 2008 da Concellería de Industria, Comercio e Turismo.

Terceiro.- Nomear como Presidente/a do Padroado ó Alcalde/Alcaldesa do Concello de Vigo. Asemade nomear ó Concelleiro de Turismo como Vicepresidente do Padroado e Presidente do Comité Executivo, de acordo cos Estatutos da Fundación.

ESTATUTOS FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

- Artigo 1. Natureza xurídica, denominación e réxime xurídico.
- Artigo 2. Personalidade e capacidade xurídica.
- Artigo 3. Ámbito, domicilio e duración.

TÍTULO II

OBXECTO E FINS DA “FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU”

- Artigo 4. Obxecto da Fundación.

TÍTULO III

DA DOTACIÓN E DAS ENTIDADES FUNDADORAS E COLABORADORAS

- Artigo 5. Dotación da Fundación.
- Artigo 6. Entidades fundadoras.
- Artigo 7. Entidades colaboradoras.
- Artigo 8. Dereitos e obrigas dos/das membros colaboradores.
- Artigo 9. Separación das entidades colaboradoras.

TÍTULO IV

GOBERNO DA FUNDACIÓN

- Artigo 10. Órganos de goberno e xestión da “Fundación Vigo Convention Bureau”.
- Artigo 11. O Padroado.
- Artigo 12. Funcións do Padroado.
- Artigo 13. Funcionamento, convocatoria e acordos.
- Artigo 14. Composición do Padroado.
- Artigo 15. Organización do Padroado.
- Artigo 16. O/A Presidente/a do Padroado.
- Artigo 17. O/A Vicepresidente/a do Padroado.
- Artigo 18. Vocais do Padroado.

- Artigo 19. O/A Secretario/a do Padroado.
Artigo 20. O/A Tesoureiro/a do Padroado.
Artigo 21. O Comité Executivo.
Artigo 22. O/A Xerente.
Artigo 23. Funcións do Xerente.

TÍTULO V

RECURSOS DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

- Artigo 24. Composición, administración e disposición do patrimonio.
Artigo 25. Titularidade de bens e dereitos.
Artigo 26. A financiamento.
Artigo 27. Plan de actuación.
Artigo 28. Xestión económica.
Artigo 29. Das contas anuais.

TÍTULO VI

MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

- Artigo 30. Modificación dos estatutos.
Artigo 31. Extinción da Fundación.

TÍTULO I DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Natureza xurídica, denominación e réxime xurídico.

Ó abeiro do disposto no artigo 34.1 da Constitución Española e, de acordo co artigo 27º-26º do Estatuto de Autonomía para Galicia, o Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo, a Confederación de Empresarios de Pontevedra e mailo Instituto Feiral de Vigo constitúen unha organización de natureza fundacional de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, o patrimonio da cal está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da organización. A organización denominarase Fundación Vigo Convention Bureau.

A Fundación Vigo Convention Bureau rexerese pola vontade dos fundadores manifestada nos presentes estatutos, pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego, e polo Decreto 248/1992 do 18 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de organización e funcionamento do protectorado das fundacións de interese galego, na medida na que non quede derogado pola Lei anterior, así como a Lei 30/1994, de 24 de novembro, de Fundacións e de Incentivos Fiscais á Participación Privada en Actividades de Interese Xeral e polas demais disposicións legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación.

Tamén se rexerá polo Real Decreto 1337/2005, de 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal, ou polas disposicións que o substitúan, no que supletoriamente lle sexa de aplicación.

Artigo 2.- Personalidade e capacidade xurídica.

- 1.- Para o cumprimento dos seus fins a Fundación Vigo Convention Bureau terá

plena capacidade xurídica e de obrar, para o que poderá realizar tódolos actos necesarios, sen outras limitacións que as expresamente impostas polas disposicións legais aplicables a esta clase de fundacións e polos presentes estatutos.

2.- A Fundación Vigo Convention Bureau adquirirá plena personalidade xurídica dende a inscrición da escritura pública de constitución no Rexistro de Fundacións da Xunta de Galicia, sen prexuízo da validez das actuacións imprescindibles realizadas durante a súa formación, que se entenderán asumidas automaticamente por esta, unha vez inscrita.

Artigo 3.- Ámbito, domicilio e duración.

1.- A Fundación Vigo Convention Bureau desenvolverá as súas actividades principais na Comunidade autónoma galega, sen prexuízo de que nas súas actividades promocionais de proxección da imaxe da cidade poida exceder este ámbito territorial e establecer relacións instrumentais con terceiros en diferente ámbito territorial.

2.- O enderezo da Fundación Vigo Convention Bureau radicará no edificio Municipal do Concello de Vigo, na Praza do Rei s/n, no municipio de Vigo. O Padroado poderá promover o cambio de enderezo, mediante a oportuna modificación estatutaria, con inmediata comunicación ó protectorado na forma prevista na lexislación vixente.

3.- A duración da fundación será indefinida, aínda que poderá disolverse nos casos previstos legal e estatutariamente, previo cumprimento dos trámites legal e regulamentariamente procedentes.

TÍTULO II OBJECTO E FINS DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU

Artigo 4.- Obxecto da Fundación.

O obxectivo do “Vigo Convention Bureau” é a captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo, así como a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións.

Para o cumprimento dos obxectivos anteditos o “Vigo Convention Bureau” levará a cabo as seguintes accións:

- Captación de congresos, mediante a actuación ante as institucións, entidades e grupos ou persoas que as convoquen, presentación de candidaturas en colaboración cos seus delegados locais, facendo un seguimento para a súa obtención e actuación ante as diversas administracións para o seu fomento.
- Captación de convencións e viaxes de incentivos de grandes empresas, mediante promocións específicas en diferentes cidades nacionais e

internacionais, viaxes de familiarización a Vigo de altos executivos con capacidade decisoria.

- Información e axuda na selección de infraestruturas e servizos especializados para a organización de todo tipo de eventos, reunións, conferencias, congresos, etc.
- Soporte para a confección de programas de actividades para viaxes de incentivo e programas culturais, sociais e de ocio para delegados e acompañantes.
- Aglutinar ás empresas, institucións, organismos, que presten servizos para a organización de congresos, reunións, conferencias, simposios, etc.
- Crear e consolidar unha conciencia pública - tanto oficial como privada - en relación coa transcendencia económica do turismo e, especialmente, do turismo de congresos e reunións.
- Servir como organismo asesor de todos os seus membros na materia específica obxecto da organización.
- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos con esta actividades.
- Representar no plano nacional e internacional á cidade de Vigo como sede de congresos e reunións, así como a todos os seus membros, podendo celebrar incluso convenios de cooperación ou colaboración con entidades do sector público ou privado, que contribúan ó desenvolvemento do mesmo.
- Coordinar con autoridades, organizacións e entidades de fomento e promoción do turismo as accións promocionais.
- Asistencia a feiras e salóns especializados.
- Accións promocionais en medios de comunicación nacionais e internacionais.
- Levar un rexistro de inscrición de empresas organizadoras e provedores de bens e servizos relacionados coa actividade de turismo de congresos
- Páxina web específica da Fundación Vigo Convention Bureau.
- Producción e distribución da Guía Profesional de Congresos, que aglutine toda a información turística, cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de congresos, así como as empresas de servizos especializados para este tipo de eventos.
- Asesoramento persoal para a organización de congresos ou reunións en Vigo, xestionando os contactos coas empresas profesionais necesarias.
- Coordinación coas áreas municipais correspondentes para a correcta utilización dos servizos municipais.
- Proporcionar información turística en distintos soportes e publicacións de interese ós delegados.
- Calquera outra actuación, relacionada cos fins anteriores, que decida o Padroado, dando conta ó Protectorado.

TÍTULO III

DA DOTACIÓN E DAS ENTIDADES FUNDADORAS E COLABORADORAS

Artigo 5.- Dotación da Fundación.

- 1.- Está composta pola achega fundacional determinada na carta fundacional.
- 2.- Polos bens e dereitos que no sucesivo adquira a Fundación ou se aporten polos

fundadores ou por terceiras persoas que o Padroado acorde afectar con carácter permanente ós fins fundacionais. Uns e outros deberán figurar a nome da Fundación e constar no seu Inventario e, no seu caso, nos Rexistros correspondentes.

Artigo 6.- Entidades fundadoras.

1.- Son entidades fundadoras da Fundación Vigo Convention Bureau, e como tales figuran na escritura pública fundacional, o Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Innovación e Industria, a Cámara de Comercio, Industria e Navegación, a Confederación de Empresarios de Pontevedra e o Instituto Feiral de Vigo.

2.- As entidades fundadoras, nos termos previstos no artigo 14 destes estatutos, formarán parte do Padroado da Fundación Vigo Convention Bureau, en virtude da súa achega e do seu compromiso estable co desenvolvemento desta.

Artigo 7.- Entidades colaboradoras.

1.- Consideraranse entidades colaboradoras as persoas naturais ou xurídicas, públicas ou privadas, que acrediten o seu interese en colaborar economicamente e de forma activa no desenvolvemento dos fins fundacionais da Fundación Vigo Convention Bureau.

2.- As solicitudes de ingreso, dirixidas ó Presidente do Padroado, deben ser aprobadas polo Padroado da Fundación por maioría de dous terzos, e estarán supeditadas a que se realice a achega que se considere suficiente, que será anualmente aprobada polo Padroado.

3.- A solicitude de ingreso irá acompañada do acordo do órgano competente solicitando a admisión e deberá manifestar a vontade de aceptación destes estatutos e os acordos que os desenvolvan, así como as demais disposicións que resulten aplicables, co compromiso de asumir as obrigas inherentes á condición de entidade colaboradora.

4.- O conxunto das entidades colaboradores poderán designar un vocal no Padroado da Fundación Vigo Convention Bureau.

Artigo 8.- Dereitos e obrigas dos/as membros colaboradores.

1. Cumprir os estatutos e acordos que se adopten.
2. Estar legalmente establecidos na cidade ou área metropolitana.
3. Formar parte e asistir con voz e voto ás reunións do Padroado nos termos previstos nestes estatutos.
4. Satisfacer as achegas ordinarias e extraordinarias que se establezan.
5. Participar nos órganos complementarios, que se creen, na forma que se determine.
6. Recibir información para o exercicio das súas funcións na fundación.

Artigo 9.- Separación das entidades colaboradoras.

1.- O Padroado previo requirimento poderá decidir a separación destas entidades, en caso de incumprimento notorio e reiterado das súas obrigas, tras a instrución do expediente ó efecto e coa audiencia da entidade afectada.

2.- Non será preciso requirimento previo no caso de actos que afecten gravemente ó interese xeral e ós fins da Fundación. En todo caso será precisa a audiencia da entidade ou interesado no expediente que se instrúa.

3.- O incumprimento de obrigas non será determinante para a separación se a entidade cumprise voluntariamente as obrigas contraídas, aínda que sexa de forma extemporánea.

TÍTULO IV GOBERNO DA FUNDACIÓN

Artigo 10.- Órganos de goberno e xestión da Fundación Vigo Convention Bureau.

Conformarán os órganos de goberno e xestión da Fundación:

2. O Padroado
3. O Comité Executivo
4. E, o Xerente da Fundación.

Artigo 11.- O Padroado.

1.- O Padroado é o máximo órgano de goberno, representación e administración da Fundación Vigo Convention Bureau. Exercerá as funcións que lle corresponden con suxeición ó disposto no ordenamento xurídico e nos presentes estatutos.

2.- O Padroado é titular exclusivo de todas as facultades que en dereito sexan precisas para o eficaz desenvolvemento dos fins fundacionais. Correspóndenlle, con carácter enunciativo, as recollidas nestes estatutos e a interpretación dos mesmos. Todo iso, sen menoscabo de que o protectorado exerza as facultades que a lexislación vixente lle atribúe sobre as fundacións privadas.

Artigo 12.- Funcións do Padroado.

1.- A competencia do padroado esténdese a todos os actos e negocios xurídicos relativos á representación e goberno da Fundación; á libre disposición e administración de todos os bens que integran o seu patrimonio, rendas e produtos e ó exercicio de todos os seus dereitos e accións, sempre coa autorización previa do Protectorado nos casos en que así o determina a Lei.

2.- Correspóndenlle ó Padroado as facultades seguintes:

- a) Exercer a alta inspección, vixilia e orientación da labor da Fundación, así como

interpretar e desenvolver estes estatutos mediante a aprobación dun Regulamento de Réxime Interno, de persoal e de Servizos e demais normativa complementaria que se xulgue conveniente, acordar a súa modificación e adoptar acordos sobre fusión, escisión e extinción da Fundación Vigo Convention Bureau, coas limitacións establecidas na lexislación vixente.

- b) Aprobar o plan de actuación (orçamento ordinario) e as súas modificacións (orçamentos extraordinarios), o inventario, a memoria anual de actividades, as tarifas, os prezos e o balance e contas de resultados.
- c) Aprobar os plans xerais de actuación e o calendario anual de actividades propostas polo Xerente, e velar polo cumprimento dos fins da Fundación Vigo Convention Bureau, garantindo a continuidade da misión, o mandato e os propósitos cos que se crea a Fundación.
- d) Aprobar as propostas do xerente no tocante ó plan de *marketing*.
- e) Aprobar a recepción de subvencións, doazóns, achegas realizadas por entidades públicas ou privadas.
- g) A aprobación do cadro de persoal, fixando criterios da súa selección, e o nomeamento, separación ou cesamento do persoal directivo de acordo coa lexislación vixente, cos presentes estatutos e co Regulamento de Réxime Interno.
- h) Nomeamento dos censores de contas e aprobación destas.
- i) Aprobar concesións, concertos e convenios coas diferentes entidades públicas ou privadas.
- j) Aprobar a admisión de membros colaboradores e a separación destes, así como o nomeamento e cesamento dos expertos que poidan chegar a conformar as comisións asesoras e grupos de traballo que se estime adecuado constituír para o desenvolvemento das funcións da Fundación.
- k) A adquisición, administración e disposición de bens mobles e inmobles nos termos establecidos nas leis e nos presentes estatutos.
- l) Nomear e cesar ó/á Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, que será proposto polo Concello de Vigo, de común acordo coas entidades fundadoras.
- m) Calquera outras atribucións non mencionadas anteriormente que deriven das funcións de goberno da Fundación que correspondan ó Padroado.

3.- O Padroado, excepción feita das facultades sinaladas no artigo 18.1 da Lei de Fundacións de Interese Galego, poderá delegar as súas facultades no Comité Executivo e especialmente a contratación de obras, servizos e subministracións para o desenvolvemento da programación aprobada polo Padroado.

4.- O Padroado poderá avocar en calquera momento as delegacións conferidas e revogar os poderes outorgados por acoro adoitado coa maioría requirida para a súa concesión e a notificación ós interesados.

Artigo 13.- Funcionamento, convocatoria e acordos.

1.- Actuación colexiada.

- a) O Padroado exerce as súas funcións de forma colexiada e mediante a adopción dos correspondentes acordos.
- b) Poderá dotarse dos asesores, comisións asesoras e grupos de traballo específicos que estime adecuados para o desenvolvemento das funcións que ten encomendadas.

2.- Periodicidade das sesións.

- a) O Padroado reunirse en sesión ordinaria dúas veces ó ano. O Presidente/a poderá, en todo caso, convocar ó Padroado a reunións extraordinarias cando o considere oportuno e, en calquera caso, por solicitude de cando menos a terceira parte dos seus patróns/as.
- b) Corresponde en todo caso á sesión ordinaria do Padroado:
 - b.1. Examinar e, se procede, aprobar as contas do exercicio anterior, inventario, balance, memoria de actividades e liquidación de orzamentos.
 - b.2. Aprobar os orzamentos, os plans xerais de actuación e o calendario anual de actividades durante o exercicio seguinte.

3.- Convocatoria.

- a) Para a válida constitución das sesións requírese a convocatoria por escrito dirixida a todos os membros do órgano de goberno, na que se expresará a orde de día, lugar, data e hora da sesión, con cinco días de antelación. No caso de sesión extraordinaria, a convocatoria poderá realizarse con 48 horas de antelación por un medio que permita deixar constancia da mesma. Así mesmo, considerarase constituído o Padroado en sesión extraordinaria cando ó estar presentes a totalidade dos seus membros así o acorden. En tal caso, o Padroado quedará validamente constituído para tratar os temas que, unánimemente, decidisen incluír na orde do día.

4.- Acordos.

- a) Para que quede validamente constituído o Padroado requírese a concorrencia, presentes ou representados por outros membros do Padroado, da metade máis un dos seus membros, entre os que haberá de estar necesariamente o Presidente/a ou Vicepresidente/a e o Secretario/a.
- b) Os acordos, se a normativa aplicable ou estes estatutos non esixen un quórum especial, adoptaranse por maioría simple dos patróns asistentes. Cada membro do Padroado ten dereito a un voto. No caso de empate, decidirá o voto de calidade do Presidente/a.
- c) Non serán válidos os acordos adoptados sobre asuntos que non consten na orde do día, excepto que por acordo unánime se decida a súa inclusión nesta.

Artigo 14.- Composición do Padroado.

O padroado estará integrado polos seguintes membros:

- a) O Alcalde ou Alcaldesa - Presidente do Concello de Vigo.
- b) O Concelleiro/a de Turismo do Concello de Vigo.
- c) A Xunta de Galicia.
- d) O/A Director/a Xeral de Turismo da Xunta de Galicia.

- e) A Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Vigo.
- f) O Instituto Feiral de Vigo.
- g) Caixanova.
- h) A Confederación de Empresarios de Pontevedra.

Ademais formará parte do Padroado un representante do conxunto das entidades colaboradoras da Fundación.

Artigo 15.- Organización do Padroado.

- 1.- O Padroado contará cun presidente e cun vicepresidente.
- 2.- A Presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde/Alcaldesa-Presidente do Concello de Vigo ou concelleiro en quen delegue.
- 3.- A Vicepresidencia da Fundación será exercida polo Concelleiro/a Delegado de Turismo do Concello de Vigo.
- 4.- Os Fundadores membros do Padroado designaran ás persoas físicas que os representen, as cales deberán deixar constancia da súa aceptación nalgunha das formas previstas no artigo 19 da Lei de Fundacións.
- 5.- O cargo de patrón que recaia en persoa física deberá ser exercido persoalmente. Non obstante poderá actuar no seu nome e representación outro membro do Padroado designado por el. Esta actuación será sempre para actos concretos e haberá de axustarse ás instrucións que, no seu caso, o representado formule por escrito.
- 6.- No suposto de que o membro do padroado o sexa por razón do cargo que ocupe, poderá actuar no seu nome a persoa á que legalmente corresponda a súa substitución. No suposto de que esta substitución legal corresponda a outro membro do Padroado, este, ademais de actuar en nome do substituído, conservará o seu dereito de voto como membro substituínte.
- 7.- O Padroado contará cun secretario e cun tesoureiro, que non serán membros do Padroado. Terán voz pero non voto e serán nomeados polo Padroado a proposta do presidente da Fundación.
- 8.- Se algún dos fundadores decidira cesar como patrón, a súa vacante será ocupada pola persoa física ou xurídica que por unanimidade nomee o Padroado en atención ó seu interese no desenvolvemento dos fins fundacionais. O acordo deberá ser adoptado no prazo máximo de tres meses.
- 9.- Cando tal nomeamento non fose posible, procederase de conformidade co disposto no artigo 41 da Lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego, quedando facultado o protectorado, ata que a modificación se produza, para a designación da persoa ou persoas que integren provisionalmente o órgano de goberno e representación da fundación.

10.- Os membros do Padroado exercerán o seu cargo de forma gratuíta sen que en ningún caso poidan percibir retribución polo desempeño da súa función. Os membros do Órgano de Goberno terán dereito a que lles sexan reembolsados os gastos debidamente xustificadas que o desempeño da súa función lles ocasione.

11.- Outorgada a escritura pública fundacional o Presidente do Padroado convocará sesión constitutiva.

Artigo 16.- O/A Presidente/a do Padroado.

Correspóndelle ó Presidente exercer as seguintes funcións:

1. Exercer a representación da Fundación e do seu Padroado.
2. Convocar, presidir, suspender e levantar as sesións, arbitrar os debates e deliberacións e desfacer os empates co seu voto de calidade.
3. Autorizar a asistencia, con voz pero sen voto, doutras persoas ás reunións do Padroado se a súa presenza se considera conveniente pola natureza das cuestións que se vaian debater.
4. Exercer, en caso de urxencia, toda clase de accións, excepcións e recursos xudiciais e administrativos en defensa dos dereitos e intereses da Fundación dando conta ó Padroado, para a súa ratificación ou rectificación, na primeira sesión que se realice.
5. Cumprir e facer cumprir os acordos do Padroado.
6. Calquera outra función que lle sexa validamente encomendada ou delegada polo Padroado.

Artigo 17.- O/A Vicepresidente/a do Padroado.

Son as súas funcións:

1. Substituír ó Presidente/a e exercer as funcións no caso de vacante, ausencia ou enfermidade, e préstalle a súa axuda e colaboración nas funcións que a este correspondan.
2. Presidir o Comité Executivo.
3. Aquelas que, por escrito, lle sexan delegadas polo Presidente/a.

Artigo 18.- Vogais do Padroado.

1.- Serán vogais do Padroado as persoas físicas membros do mesmo, as que actúan en representación das persoas xurídicas membros do Padroado e as persoas físicas que sexan membros do Padroado por razón do seu cargo, nas que non concorra a condición de presidente ou vicepresidente do Padroado.

2.- O conxunto das entidades colaboradoras poderá designar un vogal no Padroado da Fundación, que será elixido en votación realizada ó efecto por todas elas. Da dita votación e do seu resultado dará fe o secretario do Padroado, que comunicara a elección ó Padroado. En todo caso o nomeamento do elixido como patrón requirirá a ratificación do Padroado.

3.- A duración do mandato do membro do Padroado elixido polo conxunto das

entidades colaboradoras será de catro anos renovables. Poderá ser reelixido indefinidamente por períodos iguais de tempo e cesado por decisión das entidades colaboradoras seguindo o mesmo procedemento que para o seu nomeamento.

4.- Ademais das causas de cesamento previstas para os patróns no artigo 24.4 da Lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego, será automático o cesamento dos/das vogais no Padroado cando cesaran nas súas respectivas entidades, Administracións ou cargos. Estas deberán nomear o substituto/a coa maior brevidade posible. Tamén cesarán por petición propia ou cando sexan substituídos pola entidade ou Administración que representen.

Os vogais do Padroado están obrigados a :

- a) Cumprir e facer cumprir estritamente os fins fundacionais de acordo co disposto nos estatutos da Fundación.
- b) Concorrer ás reunións ás que sexan convocados.
- c) Desempeñar o cargo coa dilixencia dun representante leal.
- d) Conservar os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación e manter plenamente a produtividade destes, segundo os criterios financeiros e de acordo coas circunstancias económicas.

Artigo 19.- O/A secretario/a da Fundación.

O/A secretario/a será designado polo Padroado a proposta do Presidente da Fundación, por maioría absoluta dos seus membros.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

1. O/a secretario/a do Padroado da Fundación Vigo Convention Bureau deberá estar presente en todas as reunións ás que debe asistir con voz e sen voto, salvo que sexa elixido entre os membros deste.
2. Será fedatario de todos os actos, resolucións e acordos do Padroado e do Comité Executivo, correspondéndolle a custodia do libro de actas, redactar as actas das reunións do Padroado e do Comité Executivo, que se transcribirán no libro de actas co "conforme" do/a Presidente/a, e librar as certificacións que procedan co visto e prace do/a Presidente/a.
3. Calquera outra que lle encomende a Presidencia.

Artigo 20.- O/A Tesoureiro/a da Fundación.

O/A tesoureiro/a será designado polo Padroado a proposta do Presidente da Fundación por maioría absoluta dos seus membros.

Correspóndenlle as seguintes funcións:

1. Xunto co Xerente, a elaboración dos presupostos, segundo instrucións recibidas do Padroado.

2. A rendición de contas.

Artigo 21.- O Comité Executivo.

1.- Crearase un Comité Executivo, integrado polos seguintes membros:

- O/A Presidente/a.
- Dous vogais nomeados de entre os do Padroado polo/a Presidente/a do Comité Executivo.
- O/A Secretario/a do Padroado.
- O/A Tesoureiro/a do Padroado,
- O/A Xerente
- O Padroado poderá nomear un asesor técnico.

2.- Exercerá ás función de Presidente/a do Comité Executivo o Vicepresidente/a do Padroado.

3.- O Comité Executivo exercerá todas as funcións de xestión e administración efectiva da Fundación que o Padroado lle delegue de cara a unha maior operatividade e adecuación para o cumprimento dos acordos, programas e obxectivos do Padroado. Nesta delegación de funcións quedan expresamente exceptuadas as que son indelegables segundo a Lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego.

4.- Nas súas sesións se estudarán e avaliarán as propostas realizadas polo/a Xerente, elaborando un documento definitivo, que se someterá a aprobación definitiva do Padroado.

5.- O Comité Executivo estudará a proposta de Plan Anual de Actividades do/a Xerente e o someterá a ratificación do Padroado.

Artigo 22.-O/A Xerente.

1.- O Padroado nomeará un/unha xerente que será o superior órgano unipersonal de xestión ordinaria e administrativa da Fundación Vigo Convention Bureau, sen prexuízo das funcións atribuídas ó Padroado, o seu Presidente e ó Comité Executivo.

2.- O nomeamento do/a Xerente deberá recaer nunha persoa física con solvencia técnica acreditada.

3.- O nomeamento e o cesamento do/a Xerente requirirá acordo adoitado polos 2/3 dos membros do Padroado.

4.- A Fundación Vigo Convention Bureau formalizará co/a Xerente un contrato laboral axeitado ó seu labor funcional. En ningún caso, a duración do contrato poderá exceder de sete anos prorrogables por acordo das partes e conforme ás disposicións aplicables á materia.

Artigo 23.- Funcións do Xerente.

Serán funcións do/a Xerente:

- 1.- Preparar, estudar e executar os acordos aprobados polo Padroado e o Comité Executivo, así como os mandatos da Presidencia.
- 2.- O/A Xerente da Fundación “Vigo Convention Bureau” deberá asistir ás sesións do Padroado da Fundación, con voz pero sen voto, e ós do Comité Executivo, con voz e voto.
- 3.- Propoñer e executar as estratexias e políticas de actuación da Fundación, así como asinar, por delegación do Presidente, do Padroado ou do Comité Executivo, os convenios, concertos e contratos con entidades públicas, privadas ou particulares que sexan necesarios para desenvolver o programa anual de actividades nos termos establecidos pola lexislación vixente e nos presentes estatutos. Igualmente corresponderalle a realización dos actos que destes contratos deriven
- 4.- Elaborar o Plan Anual de Actividades, Plan de Marketing, Memoria Anual e o Balance de Situación, ademais de dirixir, organizar e supervisar as diferentes áreas, liñas de actuación e servizos para levar a cabo correctamente os fins da Fundación.
- 5.- Dirixir, xestionar e inspeccionar, conforme ás directrices do Presidente, do Padroado e do Comité Executivo, a organización e actividades da Fundación que conduzan á consecución dos fins da Fundación Vigo Convention Bureau.
- 6.- Elaborar e propoñer ó Comité Executivo o orzamento anual de gastos e ingresos, e no seu caso, as modificacións correspondentes. O Comité Executivo, unha vez analizada a proposta, cando esta sexa definitiva, a elevará a aprobación do Padroado.
- 7.- Administrar o patrimonio segundo as leis e as atribución conferidas polos órganos de dirección e decisión.
- 8.- Ordenar, por delegación da presidencia do Padroado, os pagamentos e a xestión de tesourería de acordo cos criterios aprobados polo Comité Executivo.
- 9.- Velar polo mantemento xeral das instalacións e equipamentos da Fundación.
- 10.- Redactar os regulamentos de réxime interno, de persoal e de servizos.
- 11.- Propoñerlle ó Comité Executivo o nomeamento e cesamento dos cargos directivos, que elevará a proposta, cando sexa conforme, ó Padroado para a súa ratificación definitiva.
- 12.- Desenvolver a política de persoal deseñada polo Comité Executivo, e para tal fin, seleccionar ó persoal, concertar ou rescindir relacións laborais, acordar sancións e executar os acordos do Padroado sobre o réxime retributivo.
- 13.- Exercer en casos de urxencia, por delegación do/a Presidente/a, as accións, excepcións, recursos e reclamacións xudiciais e administrativas en defensa dos dereitos e intereses da Fundación Vigo Convention Bureau e informar ó Comité Executivo na primeira sesión que se realice.
- 14.- Todas aquelas funcións que o Padroado e o Comité Executivo lle encomenden e cantas competencias lle sexan delegadas por este de forma expresa ou todas aquelas que, sendo necesarias para a máis eficaz dirección e

administración da Fundación, non lle estean reservadas a outros órganos.

TÍTULO V RECURSOS DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

Artigo 24.- Composición, administración e disposición do patrimonio.

1.- O patrimonio da Fundación Vigo Convention Bureau estará constituído pola dotación inicial da Fundación Vigo Convention Bureau, recollida na Carta Fundacional e polos bens e dereitos de calquera clase que no sucesivo adquira a Fundación, se afecten ou non á dotación.

2.- A administración e disposición do patrimonio corresponderá o Padroado na forma establecida nestes estatutos e con suxeición ó disposto na Lei 12/2006 de Fundacións de Interese Galego.

3.- Os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación deberán figurar o seu nome no inventario e inscribirse nos Rexistros correspondentes. Os fondos públicos e os valores mobiliarios deberán ser depositados ó seu nome en establecemento financeiro.

Artigo 25.- Titularidade de bens e dereitos.

1.- A adquisición, administración e disposición dos bens corresponde ó Padroado da Fundación Vigo Convention Bureau de acordo con estes estatutos, sen prexuízo da delegación destas facultades no Comité Executivo, e das facultades de administración que se atribúen ó Xerente.

2.- Poderán adscribirse á Fundación Vigo Convention Bureau bens e dereitos sen que isto implique a transmisión de dominio. Estes bens e dereitos deberán figurar no balance da entidade polo seu valor de cesión debidamente separados daqueles que fosen adquiridos ou se adquirisen no exercicio da actividade da Fundación Vigo Convention Bureau.

3.- Os bens que integran o patrimonio fundacional, sen prexuízo dos actos necesarios para a súa xestión e administración, quedan vinculados exclusivamente ó cumprimento directo ou indirecto dos fins da Fundación Vigo Convention Bureau. O seu alleamento e gravame requirira das comunicacións ó Protectorado e constancias previstas no artigo 29 da Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego.

Artigo 26.- O financiamento.

1.- Os recursos económicos da Fundación Vigo Convention Bureau compóranse de:

- A dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.

- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e no art. 19 do Decreto 248/1992.
 - Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
 - Os rendementos do seu patrimonio.
 - Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
 - Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.
- 2.- A Fundación Vigo Convention Bureau desenvolverá actividades económicas relacionadas cos fins fundacionais ou sexan complementarias ou accesorias ás mesmas, con sometemento ás normas reguladoras da defensa da competencia.
- 3.- Á realización dos fins fundacionais destinarase ó menos o 70 por cento das rendas e ingresos obtidos, por calquera título ou causa, despois de haber deducido os gastos realizados para a obtención de tales rendas e ingresos.

Artigo 27.- Plan de actuación.

- 1.- O Padroado elaborará e remitirá ó protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexa desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación.

Artigo 28.- Xestión económica.

- 1.- A xestión económica da Fundación levarase de acordo cos seguintes principios recollidos no artigo 31 da Lei de Fundacións de Interese Galego:
- a) Destinar efectivamente o patrimonio e as súas rendas, de acordo con esta Lei e os Estatutos da Fundación, ós seus fins fundacionais.
 - b) Dar información suficiente dos seus fins e actividades para que sexan coñecidos por os seus eventuais beneficiarios e demais interesados.
 - c) Actuar con criterios de imparcialidade e non discriminación na determinación dos seus beneficiarios.
 - d) Respetar o código de conduta das entidades sen ánimo de lucro.

Artigo 29.- Das contas anuais.

- 1.- A Fundación levará unha contabilidade ordenada e adecuada á súa actividade, que permita un seguimento cronolóxico das operacións realizadas. Para isto levarán necesariamente un libro diario e un libro de inventarios e contas anuais, legalizados polo Rexistro de Fundacións de Interese Galego.
- 2.- O Padroado da Fundación elaborará, en referencia ó anterior exercizo económico, as contas anuais, que comprenden o balance de situación, a conta de

resultados e a memoria. Estes documentos forman unha unidade e serán redactados con claridade, mostrando a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Fundación. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

3.- As contas anuais serán aprobadas polo Padroado, antes do 1 de xullo de cada ano, sendo asinadas polo presidente do Padroado ou membro deste en quen delegue.

4.- As contas anuais, comprensivas do balance de situación, conta de resultados do exercicio anterior e da memoria, debidamente asinados e con certificación que acredite que eses documentos son reflexo fiel dos libros de contabilidade, serán remitidos, no prazo de 20 días hábiles, a contar da súa aprobación, ó Protectorado

5.- A contabilidade da Fundación Vigo Convention Bureau será obxecto de auditoría nos supostos do artigo 37 da Lei de Fundacións de Interese Galego, sen prexuízo de que se sometan a auditoría externa aspectos das contas que a xuízo do Padroado ou do Protectorado presenten circunstancias especiais que o aconsellen.

TÍTULO VI MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN DA FUNDACIÓN “VIGO CONVENTION BUREAU”

Artigo 30.- Modificación de estatutos.

1.- Por acordo do Padroado adoptado coa maioría de dous terzos dos seus membros, poderán ser modificados os presentes estatutos, sempre que resulte conveniente para os intereses da Fundación e se cumpran os requisitos esixidos na Lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego, e no art. 38 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Protectorado das Fundacións de Interese Galego.

Artigo 31.- Extinción da Fundación.

1.- Ademais das causas previstas nos apartados c), d) e f) do artigo 44 da lei 12/2006, de Fundacións de Interese Galego, a disolución da Fundación Vigo Convention Bureau, realizarase por acordo do Padroado, en sesión extraordinaria especial convocada ó efecto, e requirirá o voto favorable dos dous terzos do número legal dos seus membros. Este acordo deberá ser ratificado polo Protectorado.

2.- En caso de extinción, ós bens da Fundación daráselles o destino que o Padroado determine coas limitacións que, no seu caso, poda prever en tal momento a lexislación vixente.

3.- A extinción da fundación, salvo que sexa consecuencia dunha fusión, determinará a apertura do procedemento de liquidación polo Padroado, baixo o control e asesoramento do Protectorado.

5.- (205).- TOMA DE COÑECEMENTO DE INFORME RELATIVO Á APROBACIÓN

INICIAL DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO. EXPTE.
11396/411.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de novembro de 2008, o director da oficina de Planeamento e Xestión e mailo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo, formulan o seguinte informe

"En data 17.11.08 publicouse no Diario Oficial de Galicia a aprobación inicial pola Orde do 15 de setembro de 2008, das Directrices de Ordenación do Territorio (en adiante, DOT). Dentro da parte dispositiva da antedita orde, se resolvía o seguinte: "(...)Someter as directrices de ordenación do territorio de Galicia, incluído o informe de sustentabilidade ambiental, ao trámite de audiencia á Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma, as deputacións provinciais e os concellos de Galicia, e demais administracións públicas interesadas, co fin de que no prazo de dous meses poidan presentar as alegacións e informes que estimen convenientes (...)".

Como antecedente administrativo da aprobación inicial das DOT, tense que facer referencia ós seguintes actos:

- O Consello da Xunta de Galicia, na súa sesión do 29 de febreiro de 1996, acordou a iniciación do procedemento de elaboración das directrices de ordenación do territorio, que foron publicadas no Diario Oficial de Galicia número 45, do 6 de marzo de 1997.
- A Consellería competente en materia de política territorial, elaborou o avance das directrices, que segundo consta na Orde do 15.09.08 da CPTOPT, remitiuse a todas as Consellerías, á Administración do Estado, ás Administracións Locais e a máis de 500 entidades públicas e privadas para que achegasen cantas observacións, propostas e alternativas estimasen oportunas.
- As DOT son obxecto de avaliación estratéxica, de conformidade co disposto na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente e, os artigos 5 a 7 da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

1.- OBXECTO DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

Defínese a ordenación do territorio por Florencio Zoido Naranjo do seguinte xeito: "(...)Voluntad y acción pública para mejorar la localización y disposición de los hechos en el espacio geográfico propio; especialmente de aquellos a los que atribuimos un sentido estructuran te o un mayor significado respecto a las necesidades y condiciones de vida de quienes lo habitan (...)". Segundo Luis Vega Sorrosal, a ordenación do territorio trata de economizar e de xestionar o territorio como un ben limitado en si mesmo e moitas veces fráxil, susceptible de

tratamentos moi diversos, co obxectivo de programar os asentamentos do home e o seu desenvolvemento e garantir a protección dos seus elementos máis valiosos.

A Constitución Española atribúe como unha competencia exclusiva das Comunidades Autónomas, a de ordenación do territorio (artigo 148.1.3). A mesma é asumida no propio Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 27.3 atribuíndo a mesma xunto coa competencia en materia de litoral, urbanismo e vivenda.

A Carta Europea de Ordenación do Territorio de 1983 define a materia como a expresión espacial da política, social, cultural e ecolóxica de toda a sociedade e define como obxectivos fundamentais da política territorial os seguintes:

- a) Desenvolvemento económico equilibrado das rexións, cunha clara tendencia á eliminación das grandes diferencias no nivel de vida.
- b) A mellora da calidade de vida que, entre outras cousas, se concreta nunha maior accesibilidade da poboación ós equipamentos colectivos de todo tipo na mellora das infraestruturas.
- c) A xestión responsable dos recursos naturais e a protección do medio natural que faga compatible a satisfacción das necesidades crecentes de recursos e a súa conservación, así como o respecto das peculiaridades propias de cada comarca en canto ás súas formas de vida.
- d) A utilización racional e equilibrada do territorio, definindo os usos aceptables ou a potenciar para cada tipo de solo, creando as adecuadas redes infraestruturais e incluso fomentando, con medidas de incentivo, aquelas actuacións que mellor persigan o fortalecemento do espírito comunitario.

Por outra parte, non se pode esquecer que sobre a ordenación do territorio conflúen unha gran cantidade de competencias sectoriais que son reguladas por normas tanto estatais como autonómicas en desenvolvemento, nalgúns casos, de normativa de orixe comunitario ou derivada de tratados ou declaracións internacionais.

En Galicia, regula a materia a Lei 10/95, do 23 de novembro, de ordenación do territorio. No Capítulo II se describen as denominadas "Directrices de Ordenación do Territorio" (artigos 6º a 11).

De acordo co establecido no artigo 6º da Lei 10/95, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia (LOTG), as Directrices de ordenación do territorio (DOT), teñen o seguinte obxecto:

- Formular con carácter global e interrelacionado, no marco do Plan económico-social da Comunidade Autónoma, o conxunto de criterios e normas que orienten e regulen os procesos de asentamento no territorio das distintas actividades económicas e sociais dos axentes públicos e privados que operen en dito territorio.
- Construír un marco xeral de referencia para a formulación dos restantes

instrumentos de ordenación territorial, así como os plans de ordenación na lexislación urbanística, e para a formulación e execución das distintas políticas sectoriais da Comunidade, á que haberán de acomodarse os plans, programas e accións con incidencia no territorio que poda desenvolver as Administracións Públicas de carácter autonómico ou local, a fin de garantir unha adecuada coordinación e compatibilización de todas elas.

- Subministrar as previsións e criterios básicos que vaian actuar como marco de referencia para a formulación das políticas sectoriais, así como para a programación dos recursos das Administracións Públicas que daban aplicarse no territorio da Comunidade Autónoma.
- Propoñer accións territoriais que requiran a actuación conxunta con outras Comunidades Autónomas e restantes Administracións Públicas, ofrecendo as bases suficientes para realizar os convenios ou acordos de colaboración que resulten necesarios.

2- CONTIDO DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E ALCANCE DO PRESENTE INFORME.

De acordo co previsto no artigo 7º da Lei 10/95, do 23 de novembro, de ordenación do territorio, as DOT compóñense dos seguintes apartados

- a) Introducción.
- b) O sistema de asentamentos e as infraestruturas básicas.
- c) Patrimonio natural, cultural e paisaxístico.
- d) Determinacións.

O presente informe ten por obxecto e alcance o análise básico das DOT e a súa incidencia inmediata sobre o planeamento urbanístico e o resto de competencias atribuídas legalmente ó Concello de Vigo.

3- SISTEMA DE ASENTAMENTOS DE GALICIA

O Concello de Vigo queda encadrado dentro do denominado “Sistema de grande espazo metropolitano Vigo-Pontevedra”. As DOT propoñen un modelo de asentamento urbano policéntrico, a través das sete grandes cidades ás que lle atribúen a garantía dunha adecuada cobertura dos servizos urbanos en todo o territorio de Galicia e de organización e apoio ós procesos de cambio territorial nos seus ámbitos de influencia. O espazo metropolitano Vigo-Pontevedra é salientado como nó fundamental nas estratexias de integración de Galicia co sistema de cidades de Portugal ocupando unha posición central na Eurorrexión.

Así mesmo, as DOT definen o denominado “Sistema urbano intermedio” como o segundo chanzo do sistema urbano e os “Nós para o equilibrio do territorio”, como sistema básico de núcleos que permiten asegurar unha adecuada cobertura de funcións urbanas esenciais en todo o territorio. Estes nós pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal.

4.- DETERMINACIÓNS DE CARÁCTER OBRIGATORIO E QUE INCIDEN NAS COMPETENCIAS DA ENTIDADE LOCAL.

Sintetízase o modelo proposto polas DOT, nos seguintes puntos:

- a) Desenvolvemento económico equilibrado e sostible, para que Galicia acade os niveis de renda e riqueza das rexións máis desenvolvidas.
- b) Cohesión social e mellora da calidade de vida da poboación.
- c) Utilización racional do territorio e a sostibilidade ambiental.

Todo instrumento de ordenación territorial e urbanístico deberá xustificar a coherencia e conformidade coas determinacións e criterios establecidos nas DOT. Así mesmo, propugnan a necesidade de que todas as Administracións Públicas se relacionen de acordo cos principios de información mutua, colaboración e coordinación co obxecto de optimizar a rendibilidade social dos recursos públicos.

As determinacións das DOT poderán ser (artigo 9 da LOTG)

- a) **Excluíntes (DE)** de calquera outro criterio, localización, uso o u deseño territorial e urbanístico. Estas determinacións prevalecen sobre o planeamento urbanístico ou doutro instrumento de ordenación do territorio.
- b) **Orientativas (DO)**, debendo a Administración competente concretar a proposta contida nas DOT.

Nas DOT se describen o carácter das DOT en función do seguintes apartados:

SISTEMA DE ASENTAMENTOS

DE:

- Necesaria redacción e aprobación dun Plan Territorial Integrado (PTI), que para o caso do Concello e Vigo quedará integrado cos municipios de Sanxenxo, Poio, Barro, Pontevedra, Ponte Caldelas, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Pazos de Borbén, Redondela, Vigo, Mos, Pontearreas, O Porriño, Nigrán, Gondomar, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Fornelos de Montes, As Neves e Baiona.

DO:

- O Concello e Vigo poderá quedar integrado cos municipios de Sanxenxo, Poio, Barro, Pontevedra, Ponte Caldelas, Marín, Bueu, Cangas, Moaña, Vilaboa, Soutomaior, Pazos de Borbén, Redondela, Vigo, Mos, Pontearreas, O Porriño, Nigrán, Gondomar, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Fornelos de Montes, As Neves e Baiona.

- En ausencia dun PTI, os plans, programas e actuacións en materia de infraestruturas, equipamentos, vivenda de protección oficial e creación de solo empresarial, deberán potenciar o papel territorial do sistema urbano no que se inclúan.

DESENVOLVEMENTO E ORDENACIÓN DOS ASENTAMENTOS, DAS ÁREAS EMPRESARIAIS E DAS ACTIVIDADES PRODUTIVAS.

1.- Determinacións para o desenvolvemento e ordenación dos asentamentos:

DE:

- Unicamente poderán ter a consideración de ámbitos aptos para o desenvolvemento aqueles que reúnan os requisitos de idoneidade e necesidade.
- Os instrumentos de ordenación urbanística que prevexan creación de solo residencial, deberán incorporar unha análise da demanda de vivenda nun horizonte non superior ós 12 anos. Así mesmo, deberán achegar un estudo ou análise do parque de vivenda actual, o seu estado de conservación, as vivendas baleiras e sen uso etc.
- Establécense como criterios de ordenación os seguintes:
 - a) Non poderán conter previsións de crecementos residencias desvencellados dos asentamentos preexistentes.
 - b) Deberán garantir a mobilidade prestando especial atención ó transporte sostible.
 - c) Darán prioridade á compactación das cidades, vilas e núcleos existentes fronte á expansión sobre terreos en estado natural.
- Con respecto ós núcleos rurais, o planeamento urbanístico deberá prever as necesidades de crecemento a nivel parroquial.
- Necesidade de que as obras de infraestrutura en solo de núcleo rural estean previstas en el instrumento de ordenación del territorio o planeamento urbanístico.

DO:

- O documento de diagnose do análise de vivendas deberá ter en conta o seguinte:
 - Evolución do parque de vivenda e as tendencias na demanda.
 - As dinámicas demográficas, variacións estacionais e evolución familiar.
 - Consecuencia da implantación de actividades produtivas.
- As necesidades de crecemento serán previstas no planeamento urbanístico e do territorio en atención ós seguintes criterios:

Atención ás características propias de cada núcleo ou asentamento.

- Previsión de espazos destinados a cumprir funcións ecolóxicas en áreas urbanas.

Preferencia polo desenvolvemento de actuacións en continuidade cos entramados urbanos xa existentes.

Procurar establecer modelos de ordenación urbana de densidade media.

- Nos conxuntos históricos e núcleos vinculados a áreas estratéxicas, se consideran prioritarias as estratexias de rehabilitación fronte ás operacións de novos crecementos.
- Nos Concellos turísticos e nos Territorios de Preferente Actuación Turística fomentárase a promoción e protección de recursos e servizos hoteleiros de calidade como alternativa á segunda residencia.

2. Determinacións para o desenvolvemento de áreas empresariais

DO:

- A planificación sectorial de áreas empresariais deberá seguir as seguintes orientacións:

Creación de parques de carácter estratéxico nos espazos metropolitanos.

Previsión de parques nas cabeceiras do sistema urbano intermedio.

Establecemento dun terceiro nivel de parques empresariais nos Nós para o equilibrio do territorio.

Implantación de parques tecnolóxicos orientados á innovación e investigación.

Creación de parques especializados por sectores produtivos.

Previsión de zonas comerciais dentro dos parques empresariais, sempre que no afecten a súa finalidade.

- Preveranse plataformas loxísticas asociadas ós portos comerciais autonómicos e portos de interese xeral do Estado.
- Todo parque empresarial previsto polo planeamento deberá respectar os valores ambientais do territorio.
- As Administracións Públicas deberán promover a recolocación de actividades empresariais incompatibles co contorno.
- Nos parques de iniciativa pública evitarase a retención de solo con finalidade

especulativa.

- Dentro de cada parque empresarial, haberá un espazo destinado a viveiro de empresas.

3.- Determinacións para o desenvolvemento das actividades produtivas:

3.1 Agricultura, gandería e explotación do monte:

DE:

- Identificación de zonas de maior produtividade e valor agrológico.
- Inventariado dos montes veciñais en man común.
- Mantemento e recuperación e nova implantación de actividades agrarias para evitar o despoboamento e o envellecemento interior de Galicia.
- Introducción de procedementos de concentración parcelaria nos lugares de maior produtividade e tendo en conta criterios de índole ambiental.
- Desenvolvemento de iniciativas como o Banco de Terras destinado ao fomento da produción agropecuaria e forestal.

3.2 Minería

DE:

- Formulación dun Plan sectorial das actividades extractivas.
- Procurarase evitar a acumulación de materias en pendentes, barrancos ou leitos que supoñan un obstáculo para o libre discorrer das augas que impliquen riscos de arrastres de materiais
- Regulación e planificación da extracción de áridos.

3.3 Pesca e agricultura.

DE

- O planeamento urbanístico e territorial deberá ter en conta o valor do litoral e das augas interiores.
- Formulación dun Plan Sectorial de Acuicultura en Terra onde se prevea a situación das novas plantas.

4.- As infraestruturas no modelo territorial.

4.1 Estradas

DE:

- Previsión do Plan Director de Estradas de Galicia na que se establece a estrutura xerarquizada da rede de estradas, cos seguintes obxectivos:

Comunicación Galicia co exterior.

Reforzamento articulación interior e garantía da accesibilidade ao sistema de asentamentos mediante unha rede viaria xerarquizada.

Mellora equipamentos supramunicipal.

Asegurar a conexión cos sistemas portuarios, aeroportuarios e ferroviarios.

Articular as cidades e as súas periferias.

DO:

- Implantación de melloras da seguridade vial de todas as vías.
- Eliminación progresiva de tráfico de longo percorrido por zonas urbanas.
- O planeamento urbanístico non poderá incluír nas áreas de expansión dos núcleos rurais terreos cun único acceso a través dunha estrada de titularidade pública.
- Priorización ó transporte colectivo.
- Implantación nas vías urbanas estruturantes a posibilidade de implantar varios modos de transporte tal como o peonil, bicicleta, autobús, tranvía etc..

4.2 Infraestrutura ferroviaria.

DE:

- Prioridade para a rede de alta velocidade.
- Potenciación da rede convencional para uso preferente de transporte de mercadorías.
- Situación das estacións de alta velocidade en zonas onde se favoreza a accesibilidade dende o conxunto do espazo metropolitano.
- Acceso ferroviario de todos os portos de interese xeral.
- Progresiva eliminación de todos os pasos a nivel.

DO:

- Potenciación das comunicacións ferroviarias interiores nos espazos

metropolitanos e nas relación rexionais e de cercanías.

- Previsión de medidas para evitar o impacto ambiental do ferrocarril.
- Reutilización das liñas ferroviarias fóra de uso para destinalas á constitución de vías verdes que se incluírán dentro da rede de itinerarios recreativos e ecolóxicos establecidos nas DOT.
- Análise da viabilidade de implantar redes de cercanías por ferrocarril, tranvía, metro lixeiro nos espazos metropolitanos de Santiago, Lugo e Ourense.

4.3 Aeroportos.

DE:

- Mellora da accesibilidade dos aeroportos co sistema de cidades.
- Os plans urbanísticos deberán prever condicións de uso do solo no entorno dos aeroportos coa finalidade de evitar impactos ambientais e acústicos sobre a poboación como consecuencia do seu funcionamento.

DO:

- Previsión dos Plans Directores do Aeroporto como mecanismo de mellora das instalación e sistemas para garantir maior nivel de servizo.
- Coordinación das ofertas dos tres aeroportos.
- Consideración do entorno dos aeroportos como zonas de oportunidade de actividade económica polos plans xerais e de ordenación do territorio.
- Formulación dun Plan Director de Heliportos e Aeródromos para a cobertura territorial de servizos de protección civil, extinción incendios forestais, salvamento marítimo ou emerxencias.

4.4 Portos

DE:

- Necesaria conexión dos portos de interese xeral coas redes viarias xeral do Estado.
- Optimización dos espazos portuarios no sentido de resituar actividades que non requiran do seu emprazamento dentro do dominio público portuario.
- Formulación dun Plan Director de Espazos Portuarios.

DO:

- Integración dos espazos portuarios coas súas contornas urbanas.

- Iniciativas de coordinación entre as súas cinco autoridades portuarias.
- Previsión de medidas de coordinación e crecemento conxunto dos espazos portuarios dos espazos metropolitanos.

4.5 Telecomunicacións.

- Fomento das interconexións das redes de fibra óptica e dos sistemas de transmisión de datos de alta capacidade.
- Extensión do acceso ós servizos telemáticos a todo o sistema de asentamento proposto polas DOT.
- En todo desenvolvemento urbanístico deberanse prever condutos ou galerías subterráneas que faciliten a implantación posterior de redes de telecomunicacións.

DO:

- Fomento da prestación de servizos educativos, administrativos, sanitarios, sociais e culturais a través de vía telemática.
- Redución ou eliminación do impacto da implantación de infraestruturas ou renovación das telecomunicacións.
- Evitarase a implantación en lugares protexidos.

4.6 Electricidade

DE:

- Formulación dun Plan sectorial de produción e distribución de enerxía eléctrica en Galicia.
- Nos novos desenvolvementos urbanísticos os tendidos aéreos de instalacións enerxéticas serán subterráneas.

DO:

- Regulación das condicións relativas á enerxía eólica.
- Establecemento de condicións mínimas para o establecemento de instalación de produción de enerxía eólica mariña.
- Desenvolvemento das redes de infraestrutura de abastecemento de gas.
- Limitación a instalación de novos parques eólicos nin hortas solares nas Áreas Estratéxicas de Conservación, salvo que estean previstos nos Plans de Ordenación dos Recursos Naturais ou Plans de Ordenación do Medio Físico.

- Establecemento de criterios para a ordenación dos tendidos eléctricos.

EQUIPAMENTOS SUPRAMUNICIPAIS

DE:

- Os equipamentos sanitarios, asistenciais, educativos, culturais, deportivos, administrativos e recreativos se planificarán de acordo co modelo de asentamento definido nas DOT.
- Defínense tres niveis de influencia en función da súa entidade: Nivel de influencia da CCAA (situación en espazos metropolitanos), intermedia (vías cabeceira do sistema urbano intermedio, nas áreas metropolitanas e nas áreas urbanas), supralocal (subcabeceiras do sistema urbano intermedio e nos nós para o equilibrio do territorio).
- A localización dos equipamentos será nas zonas de mellor accesibilidade para as persoas do seu ámbito de influencia.

DO:

- Criterios de localización dos equipamentos:
Satisfacción das necesidades da poboación.
Procura da excelencia e especialización no ámbito territorial onde se localicen.
Evitar a acumulación de equipamentos do mesmo tipo e nivel de influencia do mesmo ámbito territorial.
Os equipamentos en solo rústico procurarán a reutilización dos edificios existentes.

O LITORAL

DE:

- Formulación dun Plan de Ordenación do Litoral que terá a natureza dun Plan Territorial Integrado (PTI).
- A utilización do solo rústico de protección de costas procurarán o mantemento da máxima naturalidade.
- Procurarase completar o deslinde marítimo-terrestre para a totalidade do litoral.

DO:

- Facilitarse a máxima colaboración e cooperación entre as distintas

Administracións Públicas.

- Defínense no Anexo I os denominados Núcleos de identidade do Litoral. Os instrumentos de ordenación urbanística e territorial, deberán ordenar os núcleos en congruencia co papel que DOT lles outorgan para contribuír co mantemento da calidade ambiental e paisaxística e o desenvolvemento económico e social de Galicia. Vigo encóntrase relacionado dentro do Anexo I.
- Mandato ós plan xerais de ordenación municipal en orden a renovación da fachada litoral.
- Promoción do entorno dos portos como núcleo de centralidade, identidade e imaxe urbana.
- Reserva de aparcadoiro nos tramos de praia con acceso de tráfico rodado.
- O acceso á praia será preferentemente mediante viarios de uso peonil
- Creación dunha rede de itinerarios costeiros "Senda dos Faros".
- Fomento da adquisición de solo para a ampliación do dominio público marítimo terrestre.

PATRIMONIO NATURAL E PROTECCIÓN DO MEDIO AMBIENTE

1.- Determinacións de carácter xeral.

DO:

- Os instrumentos de ordenación territorial e urbanística incorporarán as accións e medidas necesarias para garantir a protección dos recursos naturais e a mellora da calidade ambiental do territorio.
- Se establecen uns criterios básicos de protección.

2.- Determinación para a ordenación das áreas estratéxicas de protección

DE:

- As áreas estratéxicas de protección previstas no Anexo II (en Vigo, as Illas Cíes), quedan sometidas ás seguintes determinacións:

Os espazos declarados mediante figuras recollidas na lexislación de protección da natureza, serán ordenados a través dun plan de ordenación dos recursos naturais (PORN).

Os restantes ámbitos como Áreas Estratéxicas de Conservación, serán obxecto dunha ordenación específica mediante os Plans de Ordenación do Medio Físico (POMF).

DO:

- Atribúe ós instrumentos de ordenación das Áreas Estratéxicas de Conservación, PORN e POMF, a definición pormenorizada da cualificación dos solos nos seus ámbitos e dos usos a desenvolver neles.
- Os servizos e instalación asociados ó uso e xestión das AEC, localizaranse preferentemente nos núcleos de poboación en nas edificacións tradicionais existentes. Considéranse prioritarios para isto os núcleos dos concellos identificados polas DOT como núcleos interiores vinculados ao patrimonio natural.
- Os instrumentos de planificación das AEC determinarán os ámbitos que deban considerarse como Áreas Recreativas ou percorridos a incluír na rede de Corredores Ecolóxicos, establecendo as súas condicións de uso, adecuación e mantemento.

3.- Determinacións relativas á rede de áreas recreativas e de corredores verdes

DO:

- Determinaranse unha rede de Áreas Recreativas formado por espazos caracterizados pola súa calidade ambiental e o seu atractivo natural, destinados a canalizar as demandas de ocio en contacto co medio físico.
- Estará integrada polos ámbitos das AEC compatibles con usos de ocio nos termos que se estableza na súa normativa.
- O viario deseñarse en función do grao de accesibilidade que se considere axeitado para as distintas zonas de cada ámbito.
- Desenvolverase un sistema de itinerarios que constituirán a rede de Corredores Verdes de Galicia. Apoiaranse nos cursos fluviais e noutros elementos liñais de carácter brando e interese ambiental. A circulación estará restrinxida ó tránsito peonil, bicicletas e cabalerías.

4.- Determinacións para os Núcleos Relacionados ó Patrimonio Natural.

DO:

- Aparecen relacionados no Anexo III. Terá a relación carácter unicamente orientativo.
- Estes núcleos terán unha contorna de gran valor natural e paisaxístico e deben conservar o seu carácter tradicional para acoller servizos turísticos e de lecer.
- Fomentarse a promoción socioeconómica e que permita fixar a súa poboación.

- Os procesos de dinamización fomentarán a rehabilitación e reutilización das construcións existentes.
- Os instrumentos de ordenación de Territorio e planeamento urbanístico, deberán ordenar estes núcleos en congruencia co seu papel dentro das AEC e a rede de Corredores Verdes.

5.- Determinacións relativas á calidade e protección das augas.

DE:

- Os instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos, terán en conta a auga como un sistema complexo que comprende: Augas superficiais continentais, augas de transición como as rías o esteiros, augas costeiras e as augas subterráneas.

- Son obxectivos da planificación os seguintes:

Garantir o subministro de auga superficial ou subterráneo en bo estado, e promover o seu uso sostible, equilibrado e equitativo.

Reducir a contaminación das augas subterráneas.

Protexer as augas continentais, de transición, costeiras e subterráneas.

Acadar os obxectivos dos acordos internacionais sobre a materia.

- Articularanse as seguintes medidas:

Previsión dos deterioros adicionais e protexer e mellorar o estado dos ecosistemas.

Promover o uso sostible da auga baseada na protección a longo prazo dos recursos hídricos.

Garantir a redución progresiva da contaminación da auga subterránea.

Contribuír a paliar os efectos das inundacións.

- Procurarase o mantemento das redes de distribución da auga que reduzan nivel de perdas.

- As Administracións non poderán executar nin autorizar novas redes de subministración de auga fóra dos núcleos urbanos ou rurais, agás que se trate:

Novos desenvolvementos residenciais ou industriais previstos por instrumentos de ordenación do territorio.

Dotacións, infraestruturas ou instalación previstas por instrumentos de

ordenación do territorio.

O sistema de abastecemento para o rego e explotacións agrarias.

Redes principais de transporte de auga.

- As actividades que se desenvolvan en solo rústico abasteceranse por medios propios, sempre que se obteña a autorización administrativa para a extracción da auga.
- Non se poderán executar novos desenvolvementos residenciais, industriais ou comerciais, dotacións ou explotacións agroforestais ou mineiras, se non está previamente garantido o abastecemento de auga e o saneamento de augas residuais conforme ós criterios de substentabilidade.
- Nos estudos de alternativas, priorizaranse os emprazamentos nos que se poidan aproveitar as redes existentes.
- Calquera novo desenvolvemento preverá dúas redes de evacuación de augas, separadas e independentes para augas pluviais e residuais.
- As redes de evacuación de augas residuais para os novos desenvolvementos urbanísticos conducirán a elementos ou instalacións de depuración que garantan os efluentes cumpran os límites medioambientais.
- O entorno dos ríos, regueiros e encoros de Galicia, terán a consideración de Solo Rústico de protección da augas, quedando excluído do proceso urbanizador e sometido ó réxime de uso que para esta clase de solo establece a lexislación urbanística.
- Previsión da elaboración dun mapa de zonas inundables de Galicia. Con carácter xeral, estes terreos non poderán ser obxecto de transformación urbanística.

DO:

- Previsión nas explotacións agroforestais, zonas industriais, comerciais, parques públicos e zonas residenciais de vivendas con xardíns privados, de sistemas de almacenamento de augas pluviais para o rego ou limpeza do espazo público.
- Promoción de accións tendentes á substitución da rede unitaria por separativa.
- As novas urbanizacións reducirán o mínimo posible o selado do solo, mediante utilización de pavimentos filtrantes e a interposición de espazos verdes o usen pavimentar.
- Fomento para o desenvolvemento de actuacións para a mellora e adaptación da rede de saneamento.

- Na planificación das redes de estacións de depuración, estudarán sistemas para a reutilización das augas logo de ser depuradas.
- Nas zonas inundables en solo urbano ou núcleo rural, o organismo de cunca deseñarán e executarán as obras hidráulicas necesarias para a prevención de avenidas.
- Evitaranse as canalizacións cubertas de cursos de ríos.
- Fomento de solución brandas para as canalizacións e rectificación dos leitos.
- Naquel caso que conforme a lexislación urbanística, as correntes de auga de escasa entidade queden integradas nos sistemas de espazos libres públicos en solo urbanizable, manterase o seu curso e as súas características naturais procurando conservar a vexetación de ribeira.

6.- Determinacións relativas á xestión de residuos.

DE:

Formulación dun Plan Especial de Residuos de Galicia no que se concretará o seguinte:

Previsión dunha rede de estacións e puntos de depósito e tratamento xerarquizado e ben conectada coas redes de transporte.

Redución produción residuos.

Separación de residuos en orixe.

Reutilización selectiva e valorización dos diferentes tipos de residuos.

As Administracións adoptarán as medidas necesarias para o progresivo peche e recuperación de vertedoiros non controlados.

DO:

- Os residuos inertes derivados da construción, depositaranse de forma controlada en lugares que contribúan á rexeneración medioambiental e a recuperación da topografía.

A PAISAXE

DE:

- Deberase integrar a consideración da paisaxe nos instrumentos de ordenación do territorio e urbanísticos.
- Desenvolvemento dos instrumentos necesarios para unha axeitada

protección, xestión e ordenación das paisaxes de Galicia.

- Calquera actuación sobre o territorio incluírá, no marco do proceso de avaliación ambiental, un estudo de impacto ou integración paisaxística.
- O planeamento urbanístico preservará os fitos topográficos, os cabos promontorios mantendo a súa visibilidade e reforzando as súas referencias visuais do territorio.

DO:

- O planeamento urbanístico realizará un estudo da paisaxe urbana, prestando atención ás tipoloxías edificatorias, as medianeiras vistas e os peches, ós materiais das fachadas, pavimentos de espazos públicos, ás zonas verdes e arborado, o mobiliario urbano, o alumeado público, ós tendidos aéreos, e ao tráfico e aparcamento de vehículos.
- Formulación de Plans de Acción para a protección, xestión e ordenación da paisaxe nas AEC e nos Corredores Verdes.
- Promoción de políticas comúns en materia de paisaxe nas áreas xeográficas transfronteirizas ou interautonómicas.
- Os instrumentos de ordenación do territorio identificarán as oportunidades para a incorporación das manifestacións artísticas e á mellora da imaxe do territorio.

O PATRIMONIO CULTURAL

DE:

- Formulación do Inventario de bens do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Calquera actuación sobre o territorio deberá atender a súa compatibilidade ecos bens do Patrimonio Cultural que se vexa afectado.
- As intervencións en bens de patrimonio cultural deberán respectar as súas características esenciais.
- O planeamento urbanístico promoverá a revitalización urbana dos cascos históricos considerándoos como espazos emblemáticos esenciais na imaxe da cidade e como ámbitos residenciais e de actividade.
- Formulación dun Plan Especial de Protección dos Camiños de Santiago.

DO:

- Fomento de acción tendentes á protección, restauración, rehabilitación e conservación.

- Fomento da reutilización de edificios do patrimonio cultural en desuso para destinalos a novos fins.
- As Administracións competentes en materia de turismo deberán incorporar nas súas estratexias de mellora da oferta turística elementos que conforman o patrimonio cultural que fortalecen a identidade cultural de Galicia.

5. APLICACIÓN, DESENVOLVEMENTO E REVISIÓN DAS DOT

1.- Determinacións para o desenvolvemento das directrices

DE:

- As DOT se desenvolverán por medio de PTI, PCA, PPS e POMF. Así mesmo poderán formularse programas ou estratexias que non se refiran ou teñan incidencia sobre o territorio.
- Formularanse os PTI da área metropolitana de Vigo-Pontevedra, Coruña-Ferrol, Santiago, Ourense, Lugo. Así mesmo a Xunta formulará o Plan de ordenación do Litoral de Galicia. O Consello da Xunta poderá formular outros PTI de acordo cos principios das DOT. Serán formulados e impulsados pola Consellería competente en materia de ordenación do territorio, coa participación das Consellerías con competencias sobre algún dos aspectos previstos no PTI.
- A Xunta de Galicia elaborará PCA para acompañar á planificación establecida nos PTI, ou para concretar e desenvolver as previsións dos plans sectoriais. A formulación corresponderá á Consellería de Economía e Facenda e Presidencia elevar ó Consello da Xunta as propostas de elaboración dos PCA.
- Elaboración e formulación de plans sectoriais polas Consellerías que teñan atribuídas competencias en materia de dotacións, instalacións, infraestruturas ou á creación de solo destinado á construción de vivendas de protección pública. A planificación terá un carácter integrador e que se refira ao conxunto de actuacións que requiran de planificación conxunta. Referiranse a toda a CCAA salvo que pola súa especificidade se poida excepcionar. Cítanse nas DOT os seguintes plans sectoriais: áreas empresarias, acuicultura en terra, actividades extractivas de Galicia, produción e distribución de enerxía e de xestión de residuos.
- Os plans sectoriais serán desenvolvidos por proxectos sectoriais que deberán respectar ós plans en todo caso. A realización dunha actuación non prevista nun plan sectorial, requirirá da previa modificación do plan sen que supoña unha alteración substancial dos obxectivos e criterios de implantación territorial nel establecidos, pois en caso contrario será revisado. Os proxectos sectoriais que desenvolvan unha actuación sen previo plan sectorial, deberán ter en conta o seguinte: Deberán axustarse ós criterios das DOT e o resto de instrumentos sobre a ordenación do territorio e naquel caso que o proxecto sectorial implique transformación urbanística do solo non se referirán a actuacións previstas no planeamento urbanístico vixente.

- Os POMF establecerán medidas para a realización de actuacións necesarias para a ordenación e xestión dos recursos naturais nos seus respectivos ámbitos. Concretarán as determinacións das DOT nas AEC carentes de Plans de ordenación dos recursos naturais.

2.- Determinacións para a ampliación, modificación e revisión das directrices.

DE:

- Atribúese á Consellería competente en materia de ordenación do territorio: facultade de interpretación, tramitación PTI, informe de instrumentos de ordenación de territorio, informar sobre o nivel de correspondencia co modelo territorial definido polas DOT dos plans e programas promovidos pola AGE.

- As DOT teñen vixencia indefinida.

- As DOT poderán ser modificadas ou revisadas en función do grao de importancia da alteración.

- Procedemento previsto para a modificación das DOT:

Aprobación inicial polo titular da Consellería competente en materia de ordenación do territorio.

Información pública polo prazo de dous meses

Remisión simultánea ás Delegacións do Goberno e entidades locais afectadas.

Aprobación definitiva polo Consello da Xunta de Galicia.

Publicación no DOGA.

- As determinacións das DOT serán de aplicación a todos os instrumentos de ordenación do territorio e ó planeamento urbanístico, agás aqueles aprobados provisional ou definitivamente á entrada en vigor das DOT. Consecuentemente, do teor literal do precepto, dedúcese que non afectan ó Plan Xeral de Ordenación de Vigo, non obstante, hai que ter en conta que a aplicación do mesmo puidera verse condicionada nalgúns casos por criterios contidos nas DOT.

6.- REFERENCIAS NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO ÁS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

No caso de Vigo o exercizo da competencia municipal de planeamento urbanístico ven de ser exercida recentemente coa aprobación definitiva do seu Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) por parte da Consellería de Política Territorial , Obras Públicas e Transportes o pasado 16 de maio de 2008 quen exercitou, á súa vez , as súas competencias de tutela e control sobre as competencias do Concello de Vigo.

No documento da Memoria Xustificativa (punto 3.2.8, páxinas 182-190), incorpórase o informe do Coordinador do Plan Xeral ó Avance das DOT e do Director

de infraestruturas do equipo redactor do PXOM de Vigo. O mesmo era redactado nun momento anterior o documento "Galicia: Hipótese de Modelo Territorial" que constitúe o primeiro posicionamento respecto das Directrices.

7.- INCIDENCIA INMEDIATA SOBRE PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO.-

O punto 10.2.5 da DOT establece o seguinte: "(...) *As determinacións das DOT serán de aplicación a todos os instrumentos de ordenación do territorio e ó planeamento urbanístico agás aqueles aprobados provisional ou definitivamente á entrada en vigor (...)*".

Dunha primeira lectura do punto 10.2.5 puidera deducirse que as DOT non van ter ningunha incidencia inmediata no PXOM de Vigo. Non obstante, non se pode esquecer que as DOT establece unha multiplicidade de criterios ós que se ten que basear a redacción e aprobación dos PTI. Estes instrumentos (artigo 14º da LOTG), determinarán que aspectos concretos dos planeamentos municipais vaian a quedar afectados, sen prexuízo de que o municipio afectado teña que incoar o procedemento de modificación/revisión que sexa necesario.

Por outra parte, pese a dicción do punto 10.2.5, os diversos actos de execución do PXOM de Vigo se verán influenciados polos principios básicos contidos nas DOT.

O instrumento de ordenación do territorio transcende do seu obxecto o que é propio dos instrumentos de ordenación. Como quedou exposto no punto que como se relacionaron con anterioridade afectan a aspectos medioambientais, infraestruturas, sectores produtivos etc.

8.- DIVERSAS CUESTIÓNS RELACIONADAS COAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

8.1 DILATACIÓN DO PROCEDEMENTO DE APROBACIÓN DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A NECESIDADE DA SÚA APROBACIÓN.

O Consello da Xunta de Galicia, na sesión de 29 de febreiro de 1996, acordou a iniciación do procedemento de elaboración das Directrices de ordenación do territorio. Sen prexuízo de que se trata dun procedemento complexo e que require do máximo detemento, análise e consenso, a ausencia do citado documento está a introducir un grado de incerteza na articulación dunha política territorial e na ordenación urbanística dos municipios. Así mesmo, é preciso constatar que os criterios e principios que motivaron a incoación do expediente de aprobación das DOT no ano 1996, non son exactamente os mesmos postulados reflectidos na Orde de 15.09.08.

É evidente a excesiva complexidade do proceso de aprobación, non obstante, debe procurarse que non se demore a aprobación de tal xeito que poda quedar obsoleto os postulados das directrices redactadas o que levaría á necesidade de actualizar as mesmas coas grandes dificultades que isto levaría. Trátase dun problema común a moitas Comunidades Autónomas, por exemplo as "Directrices Subrexionais

Asturianas” tiveron ata cinco trámites de información pública. De igual xeito, as Comunidades de Andalucía ou Navarra, dilataron o procedemento de aprobación do instrumento xeral de ordenación do territorio.

Debe terse en conta que a letra b do apartado 7º do artigo 85 da LOUGA prevé que a Consellería competente en materia de ordenación do territorio, debe comprobar a conformidade dos instrumentos de ordenación coas DOT e o resto de instrumentos de ordenación do territorio. Unha vez que entren en vigor, a Administración Autonómica disporá dun instrumento, do que carecía, para apoiar con criterios territoriais os informes ós diferentes instrumentos de ordenación. Unha rápida análise dos informes vinculantes que se emitiron por parte da Administración Autonómica e os contra-informes municipais que se cruzaron durante a tramitación do PXOM de Vigo, pódese comprobar o pulso competencial sufrido principalmente pola ausencia de instrumentos de ordenación do territorio obxectivos. Xa que logo, a necesidade dunhas DOT para Galicia que sirvan de referencia e acouten o marxe de manobra do planeamento municipal, parece evidente. Distinto é que as DOT pequen de excesivamente subxectivas e estean enchidas de obxectivos xerais e declaracións de intencións todas elas incuestionables por evidentes –o que se ven a chamar “proposicións apolíticas”-, co que esa referencia sexa máis difusa e, o que é peor, se posibilite unha “carta branca” para a redacción de todo tipo de instrumento de ordenación do territorio (PTI, PCA, PPS, POMF) nos que se descende ao detalle do Plan Xeral de Ordenación Municipal, invadindo claramente as competencias municipais.

Lamentablemente está é a política que en materia de ordenación do territorio se ven facendo nos últimos tempos. E a proba está na cantidade inxente de Plans e Proxectos Sectoriais en tramitación en toda Galicia, todos eles ao marxe do planeamento municipal. Por exemplo, con incidencia en Vigo, se están a tramitar os seguintes:

- Plan sectorial da rede viaria: “Vigo íntegra”.
- Plan sectorial de ordenación territorial do Campus científico “Cidade do Mar a ETEA”.
- Plan sectorial con destino a vivenda protexida.
- Proxecto sectorial do novo hospital.
- Plan sectorial de instalacións portuarias deportivas de Galicia.
- Plan sectorial de áreas empresariais.

Sen dubidar do seu interese supramunicipal, algúns deles entran en contradición e se impoñen ó PXOM recentemente aprobado pola propia Administración Autonómica.

Noutra orde, á vista da experiencia acumulada, se estima indispensable que os futuros Plans territoriais integrados sexan redactados e aprobados nun prazo razoable. Os mesmos deberán precisar con detalle as determinacións dos planeamentos urbanísticos que quedan afectados, sen prexuízo da iniciación do procedemento de revisión/modificación que sexa procedente tramitar (artigo 14 da LOTG).

8.2 NECESIDADE DE ARTICULACIÓN DUN PROCEDEMENTO DE COORDINACIÓN E COOPERACIÓN Ó ABEIRO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 2 DA LOTG.

O artigo 2 da LOTG prevé como contido da ordenación do territorio o de coordinación das actuacións sobre o territorio e os distintos órganos das diferentes Administracións Públicas. É preciso unha concertación con todas e cada unha das Administracións implicadas e para elo deben establecerse mecanismos de cooperación e progresivo abandono dunha visión “sectorial” e non “territorialista”.

A cooperación e coordinación articúlense como un principio esencial dado que é a única forma de atender con verdadeira eficacia a actividade urbanística e territorial. A Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, instrumentan o principio de coordinación a través de convenios ou acordos e dende a constitución de conferencias ou comisión sectoriais de carácter consultivo ou deliberante.

As DOT deberían prever mecanismos de coordinación e cooperación inter-administrativa que dean eficacia ao modelo territorial. De tal xeito, tería que ter como obxectivos os seguintes:

- a) Coordinación inter-administrativa da Administración Autonómica.- Deberíase procurar evitar o principio “departamental”, polo que cada Consellería incide no territorio autonomamente en función dos seus obxectivos, sen respectar ningunha directriz nin política territorial conxunta.
- b) Coordinación inter-administrativa coa Administración Estatal.- Non existe referencia ningunha nas DOT sobre medidas concretas de coordinación coa Administración Estatal con competencias sobre o territorio, co que os obxectivos tales como os accesos ferroviarios, portos de interese xeral, aeroportos ou estradas de titularidade estatal, poden quedar como meras declaración de intencións.
- c) Coordinación con outras Comunidades Autónomas ou Estados.- As liñas principais de acción das DOT como a articulación co Norte de Portugal, con Madrid, a Meseta ou a cornixa Cantábrica, carecen de sentido sen medidas de coordinación coas Administracións implicadas.
- d) Coordinación coa Administración municipal.- A delimitación do ámbito competencial autonómico e local en materia urbanística, é fundamental para evitar que a ordenación do territorio se converta nunha xustaposición sobre o planeamento municipal.

8.3 NECESIDADE DE MODIFICACIÓN DA LOUGA DERIVADA DA APROBACIÓN DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E DO TEXTO REFUNDIDO DA LEI DO SOLO.

A Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, foi aprobada estando vixente a Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime

do solo e valoración. Os principios, valores e criterios de utilización do solo son diferentes ós que agora están vixentes trala aprobación da Lei 8/07, de 28 de maio e o seu Texto refundido, polo Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño.

A hoxe derogada Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoración, alteraba o réxime xurídico das diferentes clases de solo. A Exposición de Motivos do mencionado texto legal concluíu o seguinte: “(...) *la presente Ley pretende facilitar el aumento de la oferta de suelo, haciendo posible que todo el suelo que todavía no ha sido incorporado al proceso urbano, en el que no concurren razones para su preservación, pueda considerarse como susceptible de ser urbanizado (...)*”. Á entrada en vigor da Lei 6/98, de 13 de abril, se entendeu unanimemente que o solo urbanizable tiña a condición de solo residual e esa tendencia liberalizadora foi regulada de acordo co establecido no artigo 149.1.13º da Constitución Española.

Sen prexuízo de que posteriores reformas legislativas (sobre todo, trala Lei 10/03, de 20 de maio) alteraron o espírito liberalizador e posta a disposición do proceso de urbanización de todo solo non susceptible de protección, a Lei 6/98 eliminou a obriga de que os propietarios se viran sometidos ás rixideces dunha programación. Se pretendía dotar de flexibilidade ó proceso urbanístico sen que elo supuxera ou conducira *a un réxime de absoluta discrecionalidade das autoridades urbanísticas á hora de decidir acerca da viabilidade das iniciativas que se promovan no ámbito de solo urbanizable*.

O marco normativo urbanístico actual está sufrindo unha progresiva transformación. O vixente Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, utiliza principios inspiradores como os seguintes: Utilización do solo conforme o interese xeral e o desenvolvemento sostible (artigo 2.1), protección axeitada dos valores do solo innecesario ou non idóneo para atender as necesidades de transformación urbanística (artigo 2.2.b), ocupación eficiente do solo e dotado de infraestruturas e servizos que lle son propios (artigo 2.2.c). Correlativamente, se describen os dereitos dos propietarios á transformación urbanística nos termos previstos na lexislación urbanística, o planeamento e con plena observancia os principios de utilización do solo.

O antedito texto legal complétase cunha ampla norma internacional e, máis concretamente, comunitaria que pon o seu énfase na utilización racional dos recursos naturais e dentro deles, especialmente o solo. A título meramente indicativo, sirva a referencia ás Directivas 85/337/CEE do Consello, de 27 de xuño de 1985, Directiva 97/11/CE do Consello, de 3 de marzo de 1997 e a Directiva 2001/42/CE do Parlamento e o Consello, de 27 de xuño de 2001. Esta última, foi trasposta tardiamente na Lei 9/06, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente e, no eido urbanístico galego, a Lei 6/07, de 11 de maio, se medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

En conclusión, aprécianse certos principios, criterios e nexos de conexión entre as Directrices de ordenación do territorio e no Texto refundido da Lei do solo. A visión expansiva e desenvolvista da Lei 6/98 é abandonada por outra inspirada en principios de compactación das cidades e procura dun desenvolvemento sostible, principios básicos que son asumidos polas propias DOT. Por todo elo, enténdese

que é preciso iniciar un proceso de reforma da LOUGA que conclúa coa identificación daqueles preceptos contrarios ó novo marco estatal, desenvolvemento daqueles aspectos non previstos na lexislación autonómica e que son tratados pola estatal e por último, a realización de equivalencias terminolóxicas. A adaptación da LOUGA ós principios e contido dos preceptos básicos e plenos do Texto refundido da Lei do solo, dotaría de maior seguridade xurídica ós operadores urbanísticos que redundaría nun mellor tratamento do territorio co recurso escaso e susceptible de ser protexido.

8.4 EXTRAPOLACIÓN DO PRINCIPIO DE COMPENSACIÓN ÁS DETERMINACIÓNS DAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

Dende a Lei do 2 de maio de 1956, a utilización do solo estivo influenciada pola procura dun tratamento igualitario e equitativo ós titulares da propiedade inmobiliaria. Trátase dun principio informador de rango constitucional, tal e como prevé a sala 4ª do Contencioso-Administrativo do Tribunal Supremo na súa sentenza de 4.11.82: *"(...) uno de los principales principios del moderno Derecho Urbanístico, exaltado al rango de principio general en nuestra Constitución, con carácter jurídico general en su art. 14 (...)".*

Os sistemas garantistas dun trato que operan con eficacia no ámbito da planificación urbanística municipal, non encontrou reflexo ou equiparación no ámbito da planificación rexional. O sistema puidera considerarse como unha quebra do sistema e da configuración da ordenación territorial que supón a introdución de tensións entre o desenvolvemento económico e a conservación-preservación paisaxística ou a protección do patrimonio cultural. A preservación do medio ambiente basease nun principio de solidariedade colectiva e a mesma debe necesariamente estar repartida entre os propietarios do solo, os Concellos e a colectividade beneficiaria das limitacións do solo.

Por todo isto, cando os instrumentos de ordenación territorial prevén zonas con algún réxime de protección ou afectos á execución dunha infraestrutura para cubrir as necesidades socioeconómicas dun determinado ámbito, deben articularse mecanismos equidistributivos para compensar tanto os Concellos afectados como ás persoas que ven impedidos os usos propios do solo do que son titulares dun dereito de propiedade ou outro interese lexítimo.

En definitiva, faise necesario articular fórmulas legais e administrativas de compensación intermunicipal que inspiren a execución das DOT e dos PTI de tal xeito que se consiga que a ordenación territorial sexa unha materia equitativa e xusta de acordo co principio de compensación que inspira toda tarefa de planificación. É preciso o afondamento e valoración dos impactos, cargas e melloras que sobre o territorio xere a conservación de espazos ou a execución dunha infraestrutura para que se poida articular unha política xusta e eficaz sobre a ordenación do territorio.

CONCLUSIÓN SOBRE DOCUMENTO DE DOT

- 1.-** Como instrumento definidor do Modelo Territorial de Galicia, marco xeral de referencia para políticas territoriais e coordinador das competencias administrativas sobre o territorio, as DOT son necesarias, polo que a súa tramitación e aprobación merecen un xuízo positivo.
- 2.** Como modelo territorial as DOT consolidan un modelo policéntrico e apostan pola compacidade nos novos desenvolvementos e pola coherencia entre infraestruturas, servizos, actividade e residencia.
- 3.** As DOT aprobadas inicialmente resultan en exceso xeralistas constituíndo meras recomendacións que deben ser concretadas nos instrumentos de desenvolvemento (PTI, PCA, PPS, POMF)
- 4.** No tocante a Vigo as DOT non recollen ningunha referencia expresa sobre a adecuación do PXOM recentemente aprobado definitivamente pola CPTOPT da Xunta de Galicia aos criterios e determinacións das DOT. Non obstante, segundo a determinación final 10.2.5. das DOT, estas non serán de aplicación nos instrumentos de planeamento urbanísticos aprobados definitivamente, como é o caso do PXOM de Vigo. Sen embargo, as DOT terán un carácter informador á hora de executar as determinacións do PXOM.
- 5.** A inclusión de Vigo no Espazo Urbano Metropolitano das Rías Baixas Vigo-Pontevedra obriga a que a Xunta de Galicia redacte un Plan Territorial Integrado PTI para ordenar os elementos de carácter supramunicipal.
- 6.** A pertenza de Vigo na relación de núcleos de identidade do litoral suporá a redacción dun instrumento de ordenación do territorio para a súa ordenación, e obrigará a que o planeamento urbanístico contemple a renovación da fachada litoral, evite con carácter xeral a localización de usos industriais e infraestruturais xunto ao mar, e configure os portos pesqueiros tradicionais como de centralidade urbana.
- 7.** En canto á necesaria coordinación administrativa, entre os propios departamentos da Xunta de Galicia, a Administración do Estado e a Administración Municipal, as DOT pouco aportan nin adiantan sobre Convenios de colaboración ou outras medidas específicas que regulen a actividade sectorial dispersa da administración.
- 8.** En especial, no caso de Vigo, as recomendacións e determinacións das DOT en relación coas infraestruturas e transportes, en materia de aeroportos, portos e accesos ferroviarios, requiren dunha labor coordinada, liderada pola Administración do Estado dado o actual reparto das competencias en materia sectorial de portos de interese xeral do estado, aeroportos e proxectos de alta velocidade ferroviaria.
- 9.** Na propia coordinación inter-departamental da Xunta de Galicia as DOT deberían conter máis restricións a actuación descoordinadas das distintas Consellerías, en evitación de que os instrumentos de ordenación do territorio promovidas por aquelas se aparten da liña proposta polas DOT, non respecten a autonomía das administracións locais na xestión dos seus intereses propios, ou non tomen en consideración as previsións que conteña o planeamento local.

10. As DOT deberían incluír mecanismos de compensación intermunicipal, de xeito que a ordenación territorial sexa unha materia equitativa e xusta, de acordo co principio de compensación .

11. En materia legislativa as DOT non contemplan ningunha medida encamiñada á coordinación e harmonización da lexislación autonómica no novo marco legislativo estatal en materia de ordenación do territorio e o urbanismo.

E canto se ten que informar sobre o documento de aprobación inicial das "Directrices de ordenación do territorio" aprobadas pola Orde da CPTOPT de data 15.09.08."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 20 de novembro, tomou coñecemento do contido do anterior informe.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Imos facer unha intervención conxunta para os puntos 5 e 6. Cando había unha exposición ó público e un período de alegacións para que a Corporación se pronunciase nestes asuntos, sempre era norma neste Concello reunir ós voceiros do grupos para que cada quen puidese facer a súa proposta.

Xa imos coñecendo que no último ano e medio estas costumes non se dan neste Concello. O goberno sempre toma a decisión pola súa conta, non convoca á oposición a pesar de ser o grupo maioritario para facer ningún tipo de consulta. Coido que xa nos imos habituando ó xeito prepotente e arrogante de gobernar.

En calquera caso como nós temos a potestade e o dereito que nos da ó noso grupo a posibilidade de facer alegacións, xa anunciamos que as faremos igual que pasou co proxecto de Vigo Íntegra que se levou dun xeito urxente a unha Consello da Xerencia e logo nin se remitiu para toma de coñecemento a este Pleno.

Este tipo de condicionantes que se nos dan á oposición evidentemente nos priva do noso dereito de facer propostas no propio Pleno da Corporación porque vostedes dan coñecemento e punto, pero non nos priva de defender os intereses da veciñanza, o que faremos en calquera caso como grupo político.

Con respecto a este expediente hai moitas contradicións, mesmo descoordinación entre as propias concellerías e cousas curiosas como que este proxecto reflicte unha cuestión e o Plan Xeral que está aprobado na cidade reflicte outra totalmente distinta.

Mañá remata o plan de estradas e o noso grupo vai facer as súas propias alegacións e con respecto a aprobación das directrices de ordenación do territorio faremos algo parecido.

Queremos denunciálo perante a opinión pública para que saiban cal é a actitude do goberno e que a este grupo político lle privan de facer propostas dentro da propia Corporación que é como debería ser e como foi sempre porque nestes temas hai que tentar buscar o acordo pero xa nos damos conta que o consenso do goberno son os votos.

Alá cada quen co seu xeito de traballar, logo non se queixen cando de verdade necesiten o apoio deste grupo para outras cuestións tanto ou menos importantes.

SR. MARIÑO MENDOZA: Aclarar que son informes técnicos presentados polo secretario da Xerencia de Urbanismo; o mesmo aconteceu co plan Íntegra. A intención dos levar ó Consello da Xerencia de urbanismo é que lle cheguen a todos os grupos o antes posible para que teñan toda documentación coa que contamos os que estamos en Urbanismo.

Van ós Consellos da Xerencia para poder seren debatidos e que os grupos expoñan ós seus condicionantes ou posicionamentos. Todos os grupos teñen eses informes días antes do Consello da Xerencia para os poder estudar e dicir alí as súas opinións ou sinxelamente para que lles sirvan de documentación para presentar ás súas propias alegacións.

En todo caso quero lembrar que son informes técnicos e non de postura de goberno.

A Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación do expediente de que se trata.

6.- (206).-TOMA DE COÑECEMENTO DE INFORME RELATIVO Ó PLAN DIRECTOR DE ESTRADAS DE GALICIA. EXPTE. 13/403.

ANTECEDENTES.- Con data 3 de novembro de 2008, o director adxunto dos

Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo informa do que segue:

"Ao respecto do contido do Plan Director de Estradas de Galicia, e sobre cuestións xenéricas, cabe sinalar a nova clasificación funcional da rede, recollida no apartado 2.3, e que é a que segue:

- Rede de Altas Prestacións.
- Rede Principal de Articulación Territorial.
- Rede Complementaria de Articulación Territorial.

Esta nova clasificación, difire da que fixo a Lei 4/1994 de Estradas de Galicia, establecéndose un paralelismo con aquela no apartado 11.10, non quedando clara a vantaxe desta.

Realizada unha análise da situación actual da rede, o Plan propón una serie de actuacións que dan paso a un programa para estas.

No apartado **7 Programas de Actuación** do Plan Director detállanse as intervencións propostas.

No que respecta ó termo municipal de Vigo, as actuacións previstas se resumen de seguido.

7.1 PROGRAMAS DE ACTUACIÓNS NA REDE DE ALTAS PRESTACIÓNS

Non existe ningunha actuación no termo municipal de Vigo con esta clasificación

7.2 PROGRAMAS DE ACTUACIÓNS NA REDE DE ARTICULACIÓN TERRITORIAL

Na rede principal contemplase, no apartado 7.2.1, *eixos de novo trazado e variantes*, actuar sobre o treito municipal da estrada PO-331, actuación que tamén se menciona co código nº 33 do programa de actuacións en medios urbanos; esta variante non está contemplada no Plan Xeral de Ordenación Municipal, polo que suporía facer una modificación do mesmo.

PROGRAMAS DE ACTUACIÓNS NA REDE DE ARTICULACIÓN TERRITORIAL (XUNTA DE GALICIA) EIXOS DE NOVO TRAZADO E VARIANTES NA REDE PRINCIPAL.- PROVINCIA DE PONTEVEDRA

CÓDIGO ESTRADA	DENOMINACIÓN ACTUACIÓN	TIPO ACTUACIÓN	DE	LONXITUDE(k m)
PO-331	Variante de Zamáns	Estrada convencional		1.55

Na rede complementaria contemplase, no apartado 7.2.2 *travesías*, actuar sobre o treito municipal da PO-552 coa súa urbanización.

PROGRAMAS DE ACTUACIÓNS NA REDE DE ARTICULACIÓN TERRITORIAL

(XUNTA DE GALICIA)**ACTUACIÓNS EN TRAVESÍAS DA REDE COMPLEMENTARIA.- PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

CÓDIGO ESTRADA	DENOMINACIÓN	TIPO ACTUACIÓN	LONXITUDE(K m)
PO-552	Vigo(Av.Portanet)-Tui (N-551)	Urbanización	19.92

Na rede principal contemplase, no apartado 7.2.3 *acondicionamentos*, actuar sobre o treito municipal da PO-331

PROGRAMAS DE ACTUACIÓNS NA REDE DE ARTICULACIÓN TERRITORIAL (XUNTA DE GALICIA)**ACTUACIÓNS DE ACONDICIONAMENTO NA REDE PRINCIPAL.- PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

CÓDIGO ESTRADA	DENOMINACIÓN	TIPO ACTUACIÓN	TREITO	LONXIT. km)
PO-331	O Porriño(N-120)-Gondomar (PO-340)	Acondicionamento	Granxa-Gondomar	2,40
PO-331	O Porriño(N-120)-Gondomar (PO-340)	Acondicionamento	O Porriño Granxa	14,73

7.3 PROGRAMA DE CONSERVACIÓN E SEGURIDADE VIAL

O programa de conservación e seguridade vial non detalla as actuacións, mais do texto literal haberá que entender que dentro do mesmo se contén ao menos, a actuación B16 do Plan VIGO INTEGRÁ "Mellora da seguridade vial do Vial da universidade", así como a actuación A9 tamén do Plan VIGO INTEGRÁ denominada "Reordenación viaria e integración paisaxística da PO-325 Vigo- A Ramallosa".

7.4 PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MEDIOS URBANOS

No ámbito metropolitano de Vigo se conteñen as seguintes actuacións:

CÓDIGO PLANO	DENOMINACIÓN ACTUACIÓN	ADMÓN. ACTUANTE	TIPO AC-TUACIÓN	LONXITU -DE (Km)	CUSTO TOTAL €
1	Autovía das Rías Baixas A-52. Variante de Trazado. Treito: Porriño-Vigo (Sur 5B)	Ministerio de Fomento	Autovía	10,28	155.424.777,67
2	Enlace AP-9 Aeroporto	Ministerio de Fomento	Enlace	1,00	11.123.200,00
6	Conexión PO-330 - PO-331 en Víncios	Xunta de Galicia	Enlace	0,35	773.381,52
8	Ampliación AP-9 Treito Vigo - Buenos Aires -Teis -Rande	Concesionaria	Autoestrada a Autovía	4,00	25.617.971,55
9	Ampliación AP-9 entre túneles de Puxeiros	Concesionaria	Autoestrada a Autovía	1,85	4.672.259,48
10	Ampliación AP-9 Aeroporto - Alto de Puxeiros	Concesionaria	Autoestrada a Autovía	2,10	6.802.321,77
12	Conexión Vial Universidade - Variante Porriño Vigo	Ministerio de Fomento	Autovía Urbana	2,63	49.592.103,47
14	Ronda de Vigo: Balsa -	Xunta de	Autovía	10,79	75.628.638,39

	Saiáns - Porto do Molle	Galicia	Urbana		
19	Soterramento AP-9 entrada a Vigo	Concesionaria	Autoestrada a Autovía	2,44	101.777.280,00
20	Soterramento Avda. de Madrid (Seminario-1º Cinto)	Ministerio de Fomento	Autovía Urbana	1,42	59.231.040,00
21	Mellora de comunicacións Estación Intermodal AP-9 - Issac Peral - 1º Cinto Norte	Ministerio de Fomento (Convenio)	Autovía Urbana	0,63	26.278.560,00
22	Túnel Beiramar - Bozas	X. de Galicia/Concello	Autovía Urbana	2,79	76.472.000,00
23	Túnel Portanet - Castrelos - Antonio Palacios	Ministerio de Fomento (Convenio)	Autovía Urbana	0,75	31.284.000,00
24	Buenos Aires - ETEA	Concello	Estrada convenc.	0,95	4.636.984,00
26	Ronda de Vigo Balsa - Balaidos	Xunta de Galicia /Concello	Autovía Urbana	0,66	4.984.275,35
27	Ronda de Vigo Balaidos - Buenos Aires	X. de Galicia /Concello	Autovía Urbana	11,77	86.239.560,00
28	Conexión CUVI coa PO-331	Deputación e Concello	Estrada convenc.	1,07	1.022.366,33
29	Túneles Pr. América Gran Vía-Castelao - Coruña - Castrelos	Concello (Convenio)	Autovía Urbana	1,20	30.588.800,00
30	Víal Universidade - Vincios	Xunta Galicia	Autovía Urbana	0,72	2.836.025,49
31	Acceso CUVI AG-57	Xunta Galicia	Enlace	0,37	10.428.000,00
33	Variante de Zamáns na PO-331	Xuntae Galicia	Estrada convenc.	1,55	6.122.500,00
34	Túnel Julián Estévez - ETEA	Concello (Convenio)	Autovía Urbana	1,40	41.851.040,00
35	Túneles Praza de España Gran Vía - Avda. de Madrid	Concello	Autovía Urbana	0,70	7.369.120,00
36	Túnel Martín Echegaray - O Grove - Castelao	Concello	Autovía Urbana	0,50	9.593.760,00

Todas as actuacións incluídas no anterior cadro, excepto a nº 6 que xa está executada e a nº 33, están incluídas no Plan Vigo Integra, tal e como se sinala no seguinte cadro:

CÓDIGO PLANO	DENOMINACIÓN ACTUACIÓN	PLAN VIGO INTEGRA
1	Autovía das Rías Baixas A-52. Variante de Trazado. Treito: Porriño-Vigo (Sur 5B)	A8
2	Enlace AP-9 Aeroporto	A12
6	Conexión PO-330 - PO-331 en Vincios	EXECUTADO
8	Ampliación AP-9 Treito Vigo - Buenos Aires -Teis -Rande	A5
9	Ampliación AP-9 entre túneles de Puxeiros	A6
10	Ampliación AP-9 Aeroporto - Alto de Puxeiros	A7
12	Conexión Vial Universidade - Variante Porriño Vigo	B13
14	Ronda de Vigo: Balsa - Saiáns - Porto do Molle	A11
19	Soterramento AP-9 entrada a Vigo	B3
20	Soterramento Avda. de Madrid (Seminario-1º Cinto)	B4
21	Mellora de comunicacións Estación Intermodal AP-9 -	B5

	Issac Peral - 1º Cinto Norte	
22	Túnel Beiramar - Bozas	B6
23	Túnel Portanet - Castrelos - Antonio Palacios	B7
24	Buenos Aires - ETEA	B9
26	Ronda de Vigo Balsa - Balaídos	B1
27	Ronda de Vigo Balaídos - Buenos Aires	B2
28	Conexión CUVI coa PO-331	B14
29	Túneles Praza de América Gran Vía-Castelao-Coruña-Castrelos	B8
30	Vial Universidade - Vincios	B15
31	Acceso CUVI AG-57	B17
33	Variante de Zamáns na PO-331	NON INCLUÍDA
34	Túnel Julián Estévez - ETEA	B10
35	Túneles Praza de España Gran Vía - Avda. de Madrid	B11
36	Túnel Martín Echegaray - O Grove - Castelao	B12

No plano 6.7 sitúanse graficamente estas actuacións.

Convén sinalar que respecto da administración actuante en cada intervención existen dúas discrepancias entre este Plan Director e o Plan Vigo Integra que son: a conexión "Vial da Universidade - Variante Vigo-Porriño", aquí imputada o Ministerio de Fomento cando figura a Xunta de Galicia no Plan Vigo Integra; da mesma maneira o "Soterramento da AP-9 entrada a Vigo" se imputa a á concesionaria mentres que no Vigo Integra impútase a un convenio entre administracións.

7.5 PROPOSTA DE TRANSFERENCIAS ENTRE ADMINISTRACIÓNS

Inclúense no termo municipal as seguintes:

CÓDIGO ESTRADA	REDE	DENOMINACIÓN	LONXITUDE(km)	LONXITUDE A TRANSFERIR Ó CONCELLO
PO-323	S	Chapela (N-552)- Vigo	4,28	4,28
PO-324	S	Ponte Lagares - Canido	2,70	2,70
PO-325	S	Vigo - A Ramallosa (PO-552)	15.79	15.79
PO-331	PC	O Porriño (N-120)-Gondomar (PO-340)	19,16	4,25

No apartado 8 do Plan Director, faise unha proposta de clasificación da rede de maneira global e sen pormenorizar por provincias a dita clasificación. Tamén no plano 5 recóllese dita clasificación a escala 1:850.000

O Plan contén una avaliación económica de todas as actuacións por provincias, o que non permite no caso de Vigo, facer una extracción daquelas que ten por escenario o termo municipal, exceptuando as que se relacionan no medio urbano.

Ao respecto da programación dos investimentos, no apartado 11.3 establécese un período para o seu desenvolvemento, fixado entre os anos 2008 e 2020."

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 20 de novembro, tomou coñecemento do contido do anterior informe.

A Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación do expediente de que se trata.

Ó se debater conxuntamente os puntos 5 e 6 da orde do día, inclúese o texto do debate no anterior punto da orde do día.

7.- (207).- AMPLIACIÓN DA CANTIDADE GLOBAL DESTINADA A PRODUTIVIDADE NO ORZAMENTO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO NO EXERCIZO 2008. EXPTE. 3424/407.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de novembro o director dos Servizos Técnicos, coa conformidade do Delegado de Urbanismo, emite o seguinte informe-proposta:

"O Pleno deste Concello de Vigo, en sesión realizada o 20 de decembro de 2007, aprobou con carácter definitivo o Orzamento Xeral do Concello para o exercicio 2008. Como parte inseparable do mesmo aprobouse o orzamento do Organismo Autónomo "Xerencia Municipal de Urbanismo".

Neste Orzamento figura no Estado de Gastos (capítulo I), entre outras, a partida 4320.1500000 cunha consignación de 25.000 euros.

Esta consignación prevese insuficiente para liquidar as produtividades devengadas e por devengar neste exercicio 2008. No exercicio 2007 liquidouse produtividade por importe 43.440,79 euros, estimándose, para este ano, unha cantidade similar.

Por outra parte, a partida 4320.1210000 destinada ó "fondo de adecuación dos postos de traballo", cunha consignación orzamentaria de 30.000 euros, encontrase dispoñible ó cen por cen por se ter renunciado a realizar e tramitar a pertinente valoración dos postos neste exercicio. Desta forma, previa autorización plenaria, transferirase o crédito total desta partida, os 30.000 euros, á de produtividade.

É necesario, por tanto, incrementar a cobertura orzamentaria existente para poder retribuír o especial rendemento, adicación e actividade extraordinaria desenvolvida polo persoal propio da Xerencia neste exercicio 2008. Nalgúns casos, trátase de recoñecer funcións realizadas que superan as propias do posto polo que se lle retribúe.

A tal efecto, propónse o incremento do importe adicado a produtividade no orzamento vixente en 30.000 euros; existindo crédito dispoñible na citada partida 4320.1210000 do capítulo I "Gastos de Persoal".

En consecuencia e de conformidade coa normativa vixente na materia (artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, Lei de Medidas para a Reforma da Función Pública; artigo 5 e seguintes do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, RD polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local; artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 abril, Lei Reguladora das Bases de Réxime Local),..."

A continuación o director dos Servizos Técnicos emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 20 de novembro, acorda propoñer ó Pleno da Corporación a aprobación da devandita proposta.

(Está ausente a Sra. Lago Rey)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos a favor dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece abstencións dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse, Porro Martínez,

ACÓRDASE:

Ampliar a cantidade global destinada a produtividade no Orzamento da Xerencia Municipal de Urbanismo en 30.000 euros.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

- 8.- (208).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE MEDIDAS A TOMAR CO GALLO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.
- 9.- (209).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN E OUTRAS MEDIDAS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Voceiros, en sesión do día 20 de novembro de 2008, co gallo do 25 de novembro, Día Internacional contra a violencia de xénero, acordou subsumir ás anteriores mocións nun novo texto asinado polas concelleiras Sras. Molares Pérez, Díaz Vázquez e Veloso Ríos, dos grupos municipais do Partido Popular, Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, respectivamente, co seguinte contido:

"A violencia contra as mulleres é unha violación dos dereitos humanos universais, que afecta a todas as clases sociais, é de todo intolerable e moi en particular nos estados de dereito pertencentes á Unión Europea.

O maltrato ás mulleres ven de ser historicamente privado, minimizado e mesmo lexitimado. Aínda hoxe moitas mulleres ocultan as súas experiencias por temor a ser avergoñadas, culpabilizadas ou a sufrir represalias.

No que vai de ano, 57 mulleres veñen de ser asasinadas polos seus homes, ex-maridos, compañeiros ou ex-compañeiros sentimentais en España. Hai só uns días vivimos un dos últimos episodios preto de Vigo, cando un home acoitelou á súa exparella nunha área de servizo da AP9. Unha traxedia máis nunha longa conta de violencia contra as mulleres.

Celebramos o próximo 25 de novembro o Día Internacional contra a violencia de xénero, unha data para a reflexión, a sensibilización, a solidariedade e a reivindicación. Esta data para todos os que cremos, en verdade, que mentres exista violencia contra a muller no lograremos progresos reais cara á igualdade, o desenvolvemento e a paz, é unha data na que estamos obrigados a elevar a nosa voz, a reclamar punto e final á violencia contra a muller.

Pero se a nosa voz, a voz de todos e todas, é importante, o apoio e respaldo das administracións públicas ás mulleres vítimas de violencia resulta imprescindible para seguir a percorrer o camiño que nos conduza a este punto e final, dotándonos e desenvolvendo distintas ferramentas lexislativas.

A administración local, a que se atopa máis preto da cidadanía, a que coñece mellor a situación dos seus veciños e veciñas é clave na detección de situacións de violencia de xénero e máis na protección que lle debe ás vítimas e, por suposto, é preciso contar cun apoio e vontade social completos e sen fisuras: as normas deben

emanar da sociedade, impregnar ás persoas ás que van dirixidas e afondar e enraizar na súa memoria colectiva.

Por todo isto, a Xunta de Voceiros propón a adopción dos seguintes acordos:

- Instar ó Goberno a que dedique os recursos económicos necesarios e imprescindibles para a execución efectiva da Lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, incrementando o número de policía dedicados exclusivamente á protección das mulleres vítimas da violencia de xénero, que recibirán a formación que precisen e manterán a comunicación directa e personalizada coas vítimas, incrementando o número de Xulgados especializados na violencia de xénero, dotados dos medios materiais e humanos precisos para garantir o seu efectivo funcionamento.

- Instar á colaboración leal do Concello coa Xunta de Galicia para que, no marco das súas competencias, se aplique a Lei galega para a prevención e o tratamento integral contra a violencia de xénero e se poñan a disposición das mulleres en situación de violencia de xénero todos os recursos posibles, contribuíndo a implantar a rede integral de asistencia e apoio para o conxunto do país, a través das oficinas territorializadas de Igualdade e nos Concellos, creando fondos económicos dos orzamentos municipais para atender ás mulleres en situación de violencia de xénero, creando os protocolos de actuación municipal para atender coordinadamente con todos os axentes sociais do Concello, activando as redes de voluntariado, formando para realizar un voluntariado de apoio efectivo e acompañamento e iniciando un servizo integral de acollida e atención especializado.

- Instar ó Goberno municipal a incrementar as campañas de sensibilización contra esta lacra e a poñer en servizo de contado os tres pisos de protección e para mulleres vítimas de violencia de xénero e a resolver de inmediato a alternativa á Casa de Acollida.

- Adherirse á finalidade da campaña "Cóntao" do Concello de Vigo e asumir o seu compromiso individual e colectivo fronte á violencia que se exerce sobre as mulleres aprobando o seguinte texto:

DECÁLOGO DE RESPONSABILIDADE INDIVIDUAL FRONTE A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES PARA AUMENTAR O COÑECEMENTO E O DEBER CIDADÁN DE DENUNCIAR OS CASOS DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.:

- ◆ Eu comprométome a avisar á policía ou aos xulgados se coñezo un caso de violencia contra as mulleres. A violencia contra as mulleres é un delito público e un atentado contra os Dereitos Humanos.
- ◆ Eu comprométome a non xulgar ás vítimas nin xustificar aos agresores. Todos os casos de violencia contra as mulleres son perigosos.
- ◆ Eu comprométome a esixir a intervención dos profesionais e da xustiza no problema de violencia contra as mulleres. O tempo non soluciona estes casos.

- ◆ Eu comprométome a atender e informar na medida das miñas posibilidades a mulleres vítimas de violencia.
- ◆ Eu comprométome a combater o silencio e a complicidade ante as agresións sufridas por mulleres. Debo alentar a quen coñecen algún caso a que alerten á policía ou aos xulgados.
- ◆ Eu comprométome a contribuír á recuperación da dignidade e da normalidade das mulleres do meu contorno que teñan sufrido malos tratos para non perpetuar a súa condición de vítimas.
- ◆ Eu comprométome a educar á infancia na igualdade e no respecto aos dereitos e liberdades fundamentais.
- ◆ Eu comprométome a promover unha relación de igualdade entre homes e mulleres. A violencia contra as mulleres é unha manifestación extrema da desigualdade.
- ◆ Eu comprométome a loitar contra a Violencia de Xénero dende un traballo comunitario e intercultural independentemente de que sexa home ou muller.
- ◆ Eu conto.”

A PRESIDENCIA: As mocións 8 e 9 dos grupos Socialista e Popular, respectivamente, sobre medidas relacionada co Día Internacional contra a violencia de xénero, quedaron subsumidas nunha moción conxunta da Xunta de Voceiros que obra en poder das Sras. e Sres. concelleiros.

Deseguido o secretario xeral do Pleno procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada conxuntamente polas concelleiras dos grupos políticos municipais, Sras. Molares Pérez, Díaz Vázquez e Veloso Ríos, relativa a medidas a tomar con motivo do día internacional contra a violencia de xénero.

10.- (210).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A CONSTRUCCIÓN DUN LOCAL PARA A ASOCIACIÓN "QUIÑONES DE LEÓN" NO SOLO QUE CONTEMPLA O PXOM PRETO DE CASTRELOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de novembro, a concelleira do Grupo Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

"Ante o incremento da esperanza de vida, as iniciativas cara aos maiores cobran unha relevancia significativa nas políticas sociais, fomentando dende todos os ámbitos o envellecemento activo.

A nosa cidade caracterízase ademais por un movemento asociativo importante dentro das actuacións da prevención de dependencia. As relacións cos iguais, a estimulación psico física, os programas de formación... cara aos maiores desenvolven un papel fundamental na cidade e unha mellora na calidade de vida dos cidadáns.

A asociación da Terceira Idade "Quiñones de León" foi creada no ano 1993. Traballan na zona de Castrelos-Balaídos e a participación da mesma afecta á Praza de América, avda. de Florida e Balaídos, as parroquias de Castrelos, Santo Tomé de Freixeiro, San Pedro de Sárdoma e Matamá entre outras.

As dificultades que amosa a asociación debido á falla de local propio fai que os máis de mil socios non poidan desenvolver as súas actividades e teñen que limitar en tempo e forma o que debería ser o seu normal funcionamento.

Os maiores necesitan, de xeito especial, lugares de encontro para fomentar as súas relacións e levar a cabo diferentes actividades. Despois de moitos anos adicados ao traballo e á familia son agora os que teñen un merecido tempo de lecer e é a nosa obriga procurar que ese tempo sexa produtivo e contribúa a manter a ilusión e o interese por estar activos.

No anterior mandato presidido por Corina Porro, conveniáronse coa Deputación Provincial de Pontevedra dúas novas sedes para Asociacións en Cabral Feira e Alcabre, tamén puxemos en marcha un novo centro cívico en Saiáns e redactáronse os proxectos dos centros cívicos de Finca Solita en Alcabre, Colexio Alemán en Coia e Dr. Fleming en Romil, o proxecto desta última infraestrutura inclúe ademais un local social para unha asociación de carácter asistencial.

As dificultades para atopar solo reservado a equipamento, non fixeron posible dotar entón á Asociación de maiores "Quiñones de León" do local que merecen.

O novo Plan Xeral de Ordenación Municipal contempla, nesa zona, áreas de ordenación detallada reservada para equipamento, dentro desa dotación está previsto o uso asistencial, polo que dende o Partido Popular estamos seguros que

este é o momento de solventar a reiterada demanda desa Asociación.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local:

A construír un local social para a Asociación “Quiñones de León” no solo que o novo PXOM contempla na zona próxima a Castrelos para equipamento, e de xeito máis concreto para uso asistencial.

A comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do 17 de novembro, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Ante o incremento da esperanza de vida, as iniciativas cara aos maiores cobran unha especial importancia nas políticas sociais, fomentando dende todos os ámbitos o envellecemento activo.

A nosa cidade caracterízase por ter un amplo movemento asociativo dentro das actuacións da prevención de dependencia como xa se viña desenvolvendo co goberno anterior. A asociación da Terceira Idade “Quiñones de León” foi creada no ano 1993, ten ó redor de mil socios e actúa na zona de Castrelos. Esta asociación presenta moitas dificultades debido ás carencias de infraestruturas do seu local para atender adecuadamente a todas aquelas persoas que o necesitan.

Dalgún xeito é o que vimos solicitando: que se constrúa un local social para a Asociación “Quiñones de León” no solo que o novo PXOM contempla na zona próxima a Castrelos para equipamento e, de xeito máis concreto, para uso asistencial.

SR. MARIÑO MENDOZA: Coido que neste intre non se pode asumir este acordo porque o Plan Xeral prevé novos desenvolvementos, a zona de Castrelos ten as súas dificultades pola existencia de vivendas neses ámbitos e é un pouco ousado saber nestes momentos cales serían os ámbitos que se van executar en primeiro lugar, en que prazos e en que situacións.

Coido que hai que agardar a que ese solo dotacional exista co desenvolvemento dos ámbitos para decidir cales son as necesidades que cada unha das asociacións precisan e tomar ese tipo de decisións, pero dende logo a día de hoxe non sabemos cando se van executar eses solos e tampouco cales son as necesidades, polo tanto non estamos de acordo con esta moción.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Neste caso diría que efectivamente hai unha necesidade pero non só a desta asociación Quiñones de León, senón que maximo que tanto na concellería de Participación Cidadá, como na de Deportes, como na de Benestar Social hai listas enteiras de peticións de asociacións que teñen moitas necesidades e que neste momento non teñen un lugar onde desenvolvesas, a unhas porque lles queda pequeno e outras porque nin sequera teñen ese local.

Pódolle dicir que a lista de peticións que teño na concellería é moi grande. Por iso diríalle que se a cada Pleno traemos unha asociación dalgún xeito estamos facendo discriminación respecto a todas esas asociacións que pasaron polas concellerías, que fixeron as súas peticións e que non houbo ningún grupo político que llas trouxera a Pleno.

Neste sentido pediría un pouco de sentido común, como nos gusta dicir a nós. Non imos pedir unha por unha ás asociacións porque se lles dicimos unha por unha que lle custeamos un local social, o que faríamos sería esgotar o solo dotacional do Plan Xeral facendo pequenos locais para as asociacións que ó mellor logo non son en absoluto funcionais.

Coido que hai unha boa vontade por parte do goberno á hora de que as asociacións teñan local e de feito nos estamos empeñando nos poucos lugares que hai nestes momentos en buscarlles acomodo. Por desgracia o Plan Xeral do ano 93 non fixo este tipo de previsións e agora non temos que ofertar ás asociacións.

Sería prudente e fago unha proposta se se acepta polo resto dos grupos que, en vez de chegar a este acordo, dicir que nun futuro se teña en conta, como hai noutras cidade e xa existe nalgunha de Galicia, a creación dun hotel de asociacións onde habería uns espazos comúns para compartir e ó mesmo tempo cada asociación tería un espazo para ela.

Non creo que sexa efectivo nin eficiente dispersar por toda a cidade pequenos locais de asociacións senón que no futuro, ó mellor dentro dese Plan Xeral, se pode buscar un lugar acorde coas necesidades das asociacións e facer este hotel como xa hai noutras cidades.

Esta é a miña proposta como concelleira de Benestar ós outros grupos de que se inste para que Asociación Quiñones de León, coma outras asociacións que o precisan, nese futuro Plan Xeral se reserve un espazo, non digo onde porque haberá que miralo como ben dicía o concelleiro de Urbanismo, para que se faga un

hotel de asociacións.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Imos manter a nosa moción porque cremos que nos parece unha idea estupenda crear ese hotel de asociacións pero ese é outro tema, agora o solicitamos para os representantes da asociación que hoxe nos acompañan e que debido ás súas necesidades coidan que nós somos quen lles temos que resolver a situación.

Sorprenderíame moito que votasen en contra cando no ano 2005, a anterior concelleira Sra. Sío Lourido, presentou unha moción que votaron a favor. Coido que agora temos unha boa disposición debido á aprobación do Plan Xeral e débese dotar de infraestrutura a esta asociación que leva moitos anos reivindicándoa.

SR. MARIÑO MENDOZA: Só aclarar que vostedes falan na súa moción do esgotamento do solo no Plan anterior; lembrar que non existe ningunha nova parcela no novo Plan e que esas parcelas poderían chegar como mínimo dentro de catro ou cinco anos. Se unha asociación precisa un local habería que buscar outra solución e non esta que vostedes están a propoñer.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Só queremos que o leven a cabo. Aprobouse o Plan Xeral hai un ano, existen baixos ou algún local pola zona onde se podería levar a cabo, coñecémola ben porque os acompañamos en numerosas ocasións e cunha boa disposición coido que se podería realizar e solventar esta necesidade que levan solicitando dende hai moito tempo.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co

artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. García Miguez, relativa á construción dun local para a Asociación "Quiñones de León", co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

11- (211).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PROPOÑENDO A APLICACIÓN DO ACORDO DA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN RELATIVO A MEDIDAS RETRIBUTIVAS E MELLORA DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DOS EMPREGADOS DO CONCELLO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de novembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Martiño Gómez, formula a seguinte moción:

"Coa publicación o 16 de decembro de 2005 do Acordo da Mesa Xeral de Negociación polo que se establecen medidas retributivas e para a mellora das condicións de traballo e a profesionalización dos empregados municipais, aprobouse o anexo no que se establece a ampliación da redución da xornada por razóns de garda legal.

O referido acordo trata non só de facer posible o coidado dos fillos, sen discriminación de xénero e atendendo o caso das familias monoparentais, senón que tamén prevé o mesmo coidado para persoas dependentes da unidade familiar e con especial mención ás situacións de protección e atención que requiren as persoas con discapacidade a cargo de empregados públicos.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ó Pleno da Corporación do Concello de Vigo que tome o seguinte acordo:

Que sexa de aplicación en toda a súa extensión o Acordo da Mesa Xeral de Negociación pola que se establecen medidas retributivas e para a mellora das condicións de traballo e a profesionalización dos empregados neste Concello."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 17 de novembro, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. MARTIÑO GÓMEZ: Indicar que coa publicación o 6 de decembro de 2005 do acordo da Mesa Xeral de Negociación polo que se establecen as medidas retributivas e as melloras das condicións de traballo e profesionalización do empregado, aprobouse un anexo onde figura a ampliación da redución da xornada por garda legal. Neste acordo, ademais da custodia e do coidado dos fillos, fálase sobre todo, independentemente de razón de xénero e das familias monoparentais, do coidado e da protección daquelas persoas discapacitadas a cargo de persoas e empregados públicos.

Neste Concello de Vigo cando alguén solicita unha redución de xornada por coidado de fillos ou dalgún dependente, xamais se lle aplica o Plan Concilia, senón que se lle está aplicando o acordo regulador deste Concello de Vigo. Non só iso, ó mesmo tempo cando algún dos funcionarios desta Casa solicita a redución, dependendo da entidade á que pertenza se lle concede ou non. Se o funcionario pertence a persoal do Concello non se lle contestará, isto dá paso á figura do silencio administrativo que neste caso concreto é negativo; así a solicitude será negativa. Mentres que se ese persoal é da Xerencia a solicitude será positiva.

Dende este grupo solicitamos que sexa de aplicación en toda a súa extensión o acordo da Mesa Xeral de Negociación polo que se establecen medidas retributivas e para mellora das condicións de traballo e profesionalización dos empregados desta casa.

SR. LÓPEZ FONT: Primeiro teño que facer mención á data de publicación do acordo ó que se refire vostede que é a de 16 de decembro do ano 2005. Dende esta data ó día no que a Sra. Porro deixou de ser alcaldesa pasaron case dous anos para poder aplicar este acordo. Como eu tampouco quero caer nesa parte que a vostedes tampouco lles gusta no sentido do que non fixeron, sinxelamente lles quero lembrar que tiveron case dous anos para aplicar isto.

Sr. Martiño, coido que nesta ocasión cambiou o que escribiu na moción fronte ó que dixo no Pleno, porque no texto dixo de aplicación ós empregados municipais e aquí dixo ó empregado público. Vostede sabe ben que este texto publicado en decembro do 2005 é un texto de Mesa Xeral de Negociación estritamente no ámbito da Administración Xeral do Estado. T

amén se comproba no propio texto que está asinado, dentro da súa libre vontade, só por tres sindicatos: UGT, CSIF e SAF. Esta parte é importante porque neste Concello hai catro sindicatos e tres dos que están nestes momentos representados no Comité de empresa non asinaron este acordo.

Coido que non se pode dicir alegremente que o que aproben na Administración Xeral do Estado, na Comunidade Valenciana ou en calquera outra administración é aplicable de inmediato á nosa. Si lle quero dicir que todo o que deriva da normativa estatal que é aplicable ós empregados municipais se respecta escrupulosamente neste Concello; todo o que deste acordo se derivou e se plasmou no EBEP se aplica e se respecta legalmente neste Concello.

Vostede e todos corporativos son perfectamente coñecedores de que abrimos a instancia mutua da parte sindical e da Concellería de Persoal a negociación precisamente do Acordo regulador deste Concello por haber pasado xa moitos anos dende o seu remate e que o goberno anterior non abordou, debe entender perfectamente que máis aló de que poida estar de acordo en parte con cuestións que se presentan neste acordo e que sexan plasmables no futuro acordo que ogallá academos como regulador para o Concello de Vigo, semella razoable que teñamos que estar un pouco á espera do que decida a Mesa de Negociación.

É certo que hai moitas cuestións relacionadas con horarios de traballo, conciliación familiar , violencia de xénero e demais coas que estamos de acordo e sinxelamente temos que ver a posibilidade de adaptación ó Concello de Vigo.

Recoñezo que igual non se lle fixo chegar, pero pola banda da Concellería de Igualdade fíxose unha diagnose de situación da conciliación na administración local de Vigo que vai servir como documento de traballo para a negociación entre esta Concellería e os sindicatos.

Dou unha mensaxe positiva no sentido de que seguro que algunhas das cuestións que están no acordo ó que vostede fai mención, acabarán sendo recollidas no futuro acordo regulador que estamos negociando, pero non é menos certo que tal e como establece o texto da moción non se pode aceptar.

En sentido positivo e en coherencia co que acabo de dicir anteriormente lle presentaría unha emenda, un texto alternativo que paso á súa consideración e coido que recolle as súas pretensións pero que se adapta máis á situación na que estamos no Concello de Vigo.

O texto sería: “Instar á Concellería de Persoal e á representación laboral do Concello de Vigo a tomar en consideración o acordo da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado do 15 de decembro de 2005 na negociación do Acordo regulador que se están desenvolvendo ó que sexa aplicable no Concello de Vigo”.

Con este texto o que quero dicir é que é certo que son máis fáciles de tomar no ámbito da Administración do Estado unhas medidas de horario, que tomalas na Administración municipal onde entran en xogo horarios de servizos tan específicos como os exteriores, Policía Local e Bombeiros. Polo tanto, sen dicir que nestes servizos non debe haber conciliación familiar, si é certo que ten que ter unha regulación específica e que coido que esa é a que dalgún xeito se vai dar na negociación do acordo regulador que temos na mesa.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Antes de manifestarme sobre se tan só cunhas sinxelas correccións no apartado da solicitude poderemos ou non engadírmonos, indicar só tres cousas.

Primeira, vostede di que en ningún momento é de aplicación o que se publique na Administración do Estado, pero ó final está recoñecendo que o vai absorber; esa incoherencia é bastante grave.

Segunda, cando D^a Corina Porro estaba gobernando non houbo tantas solicitudes destas, así que non tivo ocasión de aprobar nada diso. O que si está claro é que nestes momentos si se están producindo situacións de discriminación que é o que realmente eu subliño, a discriminación existente entre funcionarios e persoal do Concello de Vigo fronte ó persoal da Xerencia de Urbanismo xa que nesta última se están concedendo totalmente estas solicitudes e pola contra ó persoal do Concello non se lle está concedendo, ou mellor dito, non se lle está contestando e ó non o facer o que se dá é un silencio administrativo negativo, é dicir, non se lle concede a súa solicitude.

Paréceme interesante que no Acordo regulador que están negociando, do que si teño coñecemento aínda que non do informe da conciliación, figuren todas as medidas que recolle a Orde do 15 de decembro de 2005. Creo que, independentemente de que sindicatos estean engadidos ou asinen, o importante é clarificar e darlles ós funcionarios un dereito que eles teñen, pero non a través do

EBEP que é a nai de todas as leis funcionariais, senón que a través das ordes estipuladas polo Ministerio de Administracións Públicas.

Entrando no tema da modificación que presenta vostede, só quero clarexar en que sentido engade vostede o da Administración Pública. Agradeceríalle que o repetira, Sr. López Font, por veren exactamente onde pon vostede a ampliación ou a redución. Só é para clarexar a modificación que propón o Sr. López Font por saberen o seu sentido.

SR. LÓPEZ FONT: O texto proposto é: “Instar á Concellería de Persoal e á representación laboral do Concello de Vigo a tomar en consideración o acordo da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado do 15 de decembro de 2005 na negociación do acordo regulador que se está desenvolvendo no que sexa aplicable ó persoal do Concello de Vigo”.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Non tería ningún problema en ampliar o que indica o Sr. López Font que é tan só o que eu solicito, o único é que vai figurar no acordo que se está negociando nestes momentos no Concello de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: A conclusión do que propoño é que é un texto do Ministerio de Administracións Públicas que non é aplicable automaticamente ós empregados municipais. Sr. Martiño, tranquilícese porque isto é así e por iso o que eu estou dicindo con este texto é a súa adaptación ó acordo regulador de aquí.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: É que estamos repetindo o mesmo. Efectivamente a política que está facendo nestes momentos o Concello de Vigo dalgún xeito beneficia a uns funcionarios e prexudica a outros. Eu o que teño ben claro é que a Orde é de aplicación a todos os funcionarios deste Concello.

Tranquilo estou pero me estrañan as súas actuacións referentes a esta Orde que é de aplicación na súa totalidade. Paréceme estraño que coide que non é de aplicación e logo a queira aplicar.

Se vostede engade ó acordo regulador as modificacións que veñen na Orde e estipula a redución da xornada por coidado de familiares, non só de fillos, senón tamén de discapacitados a cargo de empregados públicos, dáme igual o que

vostede opine sobre se é ou non de aplicación; se o fai serve para que os funcionarios desta Casa non teñan que acudir á oposición para solicitar algo que vostede prometera na negociación de persoal cun sindicato que vostede coñece ben e que logo incumpriu.

Se vostede considera que non é de aplicación paréceme bastante estraño que logo o queira aplicar, pero esa percepción é indiferente. O que está claro é que se vostede vai ter recollido no acordo regulador do concello o acordo da Mesa Xeral de Negociación que se coñece como Plan Concilia, paréceme estupendo porque neste Concello o que se tenta é acadar beneficios tanto para os cidadáns como para os traballadores deste Concello.

A PRESIDENCIA: Sr. Martiño, podemos suspender o Pleno durante dous minutos porque hai posibilidade de acordo.

Suspéndese o Pleno durante catro minutos para acordar o novo texto da proposta.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Coido que chegamos a un acordo e consensuamos a resolución.

SR. LÓPEZ FONT: O texto sería: “Instar á Concellería de Persoal e á representación laboral do Concello de Vigo a tomar en consideración o acordo da Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado do 15 de decembro de 2005 na negociación do Acordo regulador que se está desenvolvendo para a súa aplicación no Acordo regulador do Concello de Vigo”.

SR. MARTIÑO GÓMEZ: Paréceme unha medida importante para este Concello. Solicitaremos así a aplicación desta Orde e ó mesmo tempo todos os funcionarios se beneficiaran.

Emenda formulada polo concelleiro Sr. López Font durante o curso do debate:

Votar a proposta de acordo co seguinte texto alternativo:

Instar á concellería de Persoal e á representación laboral do Concello de Vigo a tomar en consideración o acordo da Mesa Xeral de Negociación da AX do Estado do

15.12.05, na negociación de acordo regulador que se está desenvolvendo para a súa aplicación no acordo regulador do Concello de Vigo.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

Coa conformidade do Sr. Martiño Gómez, vótase o texto alternativo presentado polo Sr. López Font.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito

ACÓRDASE:

Instar á concellería de Persoal e á representación laboral do Concello de Vigo a tomar en consideración o acordo da Mesa Xeral de Negociación da AX do Estado do 15.12.05, na negociación de acordo regulador que se está desenvolvendo para a súa aplicación no acordo regulador do Concello de Vigo

12.- (212).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO NEGOCIACIÓN COA XUNTA DE GALICIA E COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA ACOMETER OBRAS NO CRUZAMENTO DA AVDA. DE CASTRELOS COAS RÚAS MANUEL COMINGES E RAMIRO PASCUAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de novembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Comesaña Abalde, formula a seguinte moción:

"Aprobado o Plan Xeral, son moitos os veciños e veciñas da cidade que esperan o desenvolvemento do seu contorno. Na moción que nos ocupa e que presentamos ten que ver co vial da avda. de Castrelos na súa confluencia con Manuel de Cominges e Ramiro Pascual.

A saturación de vehículos que soporta o citado cruzamento, debería contar coa iniciativa municipal para levar adiante o que plasma o Plan Xeral para ese contorno. A grandes trazos dita aplicación muda o aspecto do cruzamento gañando en amplitude e visibilidade en beneficio da circulación.

Falamos dun contorno moi transitado xa que nos permite acceder a zonas do rural

moi poboadas como Beade, Valladares, a zona alta de Matamá, por onde ademais se pode acceder tanto ó vial da Universidade como ó segundo cinto, sen esquecer que o futuro da zona medrará moito máis cando se faga o novo hospital e se desenvolva a cidade do deporte.

Como queira que os mencionados viais pertencen á Xunta de Galicia, á Deputación de Pontevedra e ó Concello, advertindo que o da Xunta (avda. de Castrelos) pasará a propiedade municipal cando remate a humanización que se leva a cabo, é tempo de negociar un convenio entre as distintas administracións para acometer canto antes as obras do ámbito do que falamos.

Por outra banda, falar de investimento cando son tres a investir, ademais de supor contías perfectamente asumibles, é atender ás xustas demandas que desde hai tempo estan a esperar os veciños.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a levar a cabo negociacións coa Xunta de Galicia e coa Deputación de Pontevedra para acometer a intervención que se reflicte no Plan Xeral con respecto ó cruzamento entre a Avda. de Castrelos e as rúas Manuel de Cominges e Ramiro Pascual.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 17 de novembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COMESAÑA ABALDE: Trátase do acondicionamento do contorno de tres viais: avenida de Castrelos, Manuel de Cominges e Ramiro Pascual á altura das Carneiras dado que, sobre todo á altura de Manuel de Cominges, temos unha edificación antiga que dificulta moito o tránsito de vehículos.

A moción trata de instar á Deputación e á Xunta de Galicia xunto co Concello de Vigo porque son tres viais de distintas administracións e hai que chegar arranxar ese cruzamento.

SR. MARIÑO MENDOZA: Imos votar a favor desta moción porque hai que executar esta como outras actuacións do Plan Xeral.

Sinxelamente comentar que estas actuacións xa poderían estar feitas porque o Plan do 93 as contemplaba, tanto o vial de nova creación de 16 metros como a ampliación da rúa Manuel de Cominges. Deixar claro que nestes anos xa se poderían estar executando.

SR. COMESAÑA ABALDE: Doume por satisfeito con que se faga o traballo, sei que non vai ser de inmediato porque hai que facer unha serie de xestións, pero iso de que o recollía todo o Plan do 93... Ímolo deixar aí. Dámonos por satisfeitos.

SR. MARIÑO MENDOZA: Teño as copias, se quere logo llas facilito. O trazado de Manuel de Cominges e o vial de nova apertura de 16 metros son exactamente os mesmos.

(Están ausentes o Sr. Calviño Rodríguez e as Sras. Lago Rey e López Atrio).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Comesaña Abalde, instando a negociación coa Xunta de Galicia e coa Deputación de Pontevedra para acometer obras no cruzamento da Av. de Castrelos coas rúas Manuel Cominges e Ramiro Pascual, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

13.- (213).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO SE ACOMETAN AS OBRAS QUE RESTAN NO ALIVIADOIRO DA RÚA COLÓN.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de novembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

"O 25 de novembro de 2005, logo de se produciren inundacións moi serias no contorno da Alameda cando unha tromba de auga anegou o cruzamento entre Colón e Urzáiz, o goberno municipal do Partido Popular tramitou a urxencia para levar o colector de Colón ata o mar e evitar, así, novas situacións de emerxencia.

Á Autoridade Portuaria de Vigo, rexida entón polo actual Alcalde, Abel Caballero, levoulle preto dun ano outorgar a concesión para abordar o aliviadoiro de Colón, logo de por numerosas escusas e impedimentos para que o Concello puidera iniciar unha obra que financiaba integramente e que estaba unicamente á espera da

preceptiva concesión do Porto.

Unha nova tormenta produciuse durante novembro de 2006 e novas inundacións puxeron de manifesto os impedimentos do Porto para que o goberno do PP non puidera resolver a cuestión.

En decembro de 2006, e unha vez superados todos os obstáculos impostos dende o Porto, o goberno municipal do PP iniciou a obra.

As vagas respostas do goberno municipal ás reiteradas reclamacións do GM do PP de información sobre a situación desta obra nada aclaran sobre as súas verdadeiras intencións. Por iso, diante destes antecedentes e unha vez que nos atopamos inmersos na tempada de choivas sen resolver este aliviadoiro, o GM do PP propón ao Pleno da Corporación de Vigo tome o acordo que segue:

Que o goberno municipal realice as xestións administrativas correspondentes para acometer de contado as obras do aliviadoiro de Colón no tramo que aínda resta.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 17 de novembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Gustaríanos non ter que presentar esta moción ó Pleno pero debido ós antecedentes deste asunto, parécenos que o “culebrón” do Porto, colector de Colón, como lle chamamos, coido que merece unha reflexión de xestión e tamén política neste Concello.

O 25 de novembro do ano 2005, xa hai tempo, o Concello pediu ó Porto de Vigo que autorizase para instalar nos terreos de dominio público portuario un colector duns 120 metros de lonxitude co obxectivo de conectar cos aliviadoiros da rúa Colón e a rúa Pontevedra e así achegouse o proxecto correspondente.

Fíxense que tardaron en contestar case cinco meses porque o 11 de abril de 2006 o director do Porto emitiu un informe sobre esta solicitude dicindo que as previsións da Autoridade Portuaria para desenvolver nesa zona unha área lúdica de paseo e ocio son incompatibles e aconséllase incluír algunha modificación na solicitude inicial.

Trasládase esa proposta e dada a urxencia os enxeñeiros municipais nos contestan o 26 de abril e din que é inviable aceptar esa proposta do Porto. A partir de aí tentamos ter unha serie de xuntanzas políticas porque nos pareceu que era unha decisión non técnica, senón política. Logo diso pedimos unha entrevista e pasou tempo, dende abril ata setembro; como en setembro este tema non se

desbloqueaba eu mesmo acudín cos técnicos municipais e os de GOC ó Porto de Vigo e recibíame o Sr. López Font, daquela responsable de relacións institucionais do Porto. Todos estes antecedentes agora teñen unha explicación, daquela non. Na reunión co Sr. López Font explicóuselle ó Porto a solicitude do Concello e as dificultades que podería padecer a cidade Vigo na parte baixa de seguir con inundacións se o tema deste colector non se resolvía. O Sr. López Font díxonos que en tres ou catro días nos contestaría e así esperamos ata o día de hoxe porque o Sr. López Font nin contestou ás chamadas de teléfono que lle fixemos (mágoa que non estea aquí), nin me contestou xamais sobre aquela xuntanza que se realizou o 14 de setembro do ano 2006.

Aquí empezou a segunda parte, a parte política, e o actual Sr. Alcalde, daquela presidente da Autoridade Portuaria, comezou a criticar á daquela alcaldesa e ó daquela goberno desta cidade falando da súa falla de xestión, de que non se presentaba o proxecto, que non se estaban facendo as cousas correctamente e entraron nunha dinámica de declaracións cruzadas que á única que prexudicaron foi á cidade, ós veciños e veciñas do contorno das rúas Pontevedra, Colón e toda a zona baixa da cidade. Mesmo nunha carta que o Sr Caballero lle remitiu á daquela alcaldesa dicía que a súa falla de xestión estaba imposibilitando a construción deste colector.

Con todos estes antecedentes agora chegamos a unha serie de conclusións moi claras e contundentes. O daquela presidente da Autoridade Portuaria, Sr. Caballero, tiña un obxectivo moi claro que loxicamente naquelas datas aínda non coñeciamos: era acudir á Alcaldía de Vigo, á confrontación política e a buscar a crispación coa alcaldesa para tentar debilitala e atrancar proxectos importantes para esta cidade. Isto demostrouse así porque logo dun ano e medio seguimos sen saber absolutamente nada do colector, nin se o Concello ten proxecto, nin se o Porto o autorizou. Fíxense vostedes que cousa tan curiosa que algo tan imprescindible, que cada vez que chovía había inundacións e iso servía de crítica á oposición e sobre todo dun xeito especial do Partido Socialista contra o daquela goberno e da alcaldesa, Sra. Porro, agora desaparecieron todos eses problemas e non existe nin o proxecto, nin a consignación orzamentaria, nin se inclúe nos orzamentos e ademais vostedes levan un ano e medio no goberno e non sabemos se teñen intención ou non de levar a cabo ese proxecto.

Nós chegamos a unha conclusión moi grave: que alguén debía ter taponado aquel colector. Dicímolo así de claro. Se resulta que con nós gobernando se producían inundacións permanentemente e vostede agora non teñen a intención, nin teñen proxecto, nin previsión de facer ese colector nun futuro, evidentemente algo de trampa tiña que haber. Gustaríame que nos explicaran esa situación porque se tecnicamente ese colector era necesario, por que agora non o é, ademais logo de todas as críticas que vostedes fixeron continuamente nos respectivos Consellos da Xerencia de Urbanismo. Fixérono así con teimosía durante a última etapa do ano 2006-2007; foron críticas continuas por ese colector e por mor desas inundacións. Gustaríanos coñecer a situación actual do proxecto dese colector e saber se o goberno ten a vontade do levar ou non a cabo porque esta situación parécenos esperpéntica, de outros tempos, seméllanos que alguén tivo unha actuación incorrecta, pouco nobre coa cidade única e exclusivamente partidista para desgastar á Sra. Alcaldesa, ó Partido Popular e tentar confundir á opinión pública. Non ten outro tipo de explicación porque logo de todo o que vostedes esixiron dende a oposición, de todo o que o anterior Presidente da Autoridade Portuaria dixo sobre a xestión que fixo o Goberno anterior deste colector e logo de todas as críticas, a día de hoxe, coma ese colector xa non ten interese, non ten presa, non é necesario, aínda non ten consignación orzamentaria, nin proxecto, nin absolutamente nada porque senón supoño que o incluírían nos orzamentos do ano 2009.

Iso é o que queremos que expliquen ó noso grupo e sobre todo dun xeito claro á veciñanza de Vigo. Que é o que pasou, por que vostedes obstaculizaron este proxecto, neste caso o presidente e a Autoridade Portuaria e por que se ese colector era tan necesario e imprescindible non ten hoxe visos de se levar a cabo.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Vaime ser difícil Sr. Figueroa porque a min gústame falar e mirar directamente á persoa que teño enfronte, pero como vostede fala ós medios de comunicación para que os cidadáns lle entendan, espero que a cidadanía, aínda que miren directamente para vostede, sexan quen de me interpretar.

Vostede repite sempre e espero que superen o trauma dunha vez porque iso de “desgastar ó Goberno do PP, desgastar á Alcaldesa”, confunden unha oposición con

xestionar os recursos públicos atendendo a eles de xeito coherente, tendo en conta que os recursos son públicos non son de cada quen e ademais coidar as necesidades medioambientais da Ría de Vigo.

Imos ser breves e adiantar que imos votar a favor da moción. Vostede fai historia e eu tamén; isto comezou no ano 99 co Sr. Cuíña na Consellería de Política Territorial. Inicialmente o Porto outórgalles a concesión coa saída pola parte oeste do cantil do peirao transversal pero coa condición de que o desaugadoiro fora por baixo da liña de beiramar; vostedes non aceptan esta solución e volven outra vez a entrar en negociacións. O Porto acepta unha nova tramitación cunha saída do colector polo cantil leste. Todas estas xestións realizáronse no ano 2006.

A principios do ano 2007 apróbbase esa resolución entre a Autoridade Portuaria, apróbbase a acta e o plano de replanteo das obras da concesión administrativa pero resulta que teñen vostedes un prazo de execución de catro meses, cousa que vostedes non cumpren.

Agora eu tamén vou ser politicamente “incorrecta” pero vou dicir a verdade. Naquel intre o presuposto do colector era de 468.894,53 euros, mire que gañas tiñan do facer que o puideron facer tan fácil como que os 460.000 euros que vostedes teñen dunha modificación dunha unidade de actuación cando están realizando a humanización da Praza de Compostela, retiran vostedes desa humanización as obras que teñen que ir de saneamento, pero como non se ven deciden que arranxan as xuntas e o resto da igual, como non se ve os cidadáns non se decatan, fan metros e metros de beirarrúas que é o que se mira. Pois os cidadáns decátanse cando no ano 2005 atópanse con todas esas inundacións.

Non se preocupe Sr. Figueroa que o imos facer ben e imos reparar o que vostedes fixeron mal en toda esa humanización da Praza de Compostela.

Repítolle que o puideron facer vostedes cando o presuposto era de 468.894,53 euros, se dicían que era imprescindible non retiraran vostedes esa unidade, non fixeran o reformado na Praza de Compostela e aproveitaran iso. Agora o presuposto xa pasa do millón de euros.

Iso chámase xestionar mal, non ter en conta que os cartos son dos cidadáns e que hai que xestionar con sentido común. Nós ímolo facer xestionando correctamente os cartos dos cidadáns.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Tamén quería lembrar ó Sr. Figueroa que mentres estivo no Goberno foi precisamente o BNG, a través do seu concelleiro don Amador Fernández, quen presentou unha moción ó respecto na Xerencia de Urbanismo para que se arranxara o colector de Colón que, como ben dicía el antes, produciu inundación tras inundación. Eu formaba parte da Xerencia e lembro que Consello tras Consello preguntábase que pasaba co colector que Colón e unha vez tras outras se nos dicía o mesmo. É máis, chegou dicir o Sr. Figueroa ó Sr. Fernández que non se preocupara que pronto tería un vídeo para ver como se arranxaban as obras. Rematou a lexislatura e o vídeo non chegou porque as obras non se arranxaron.

Entre unhas administracións e outras botáronse as culpas e os cidadáns de Vigo foron quen perderon porque evidentemente o que hoxe veñen preguntar aquí eles non foron quen do facer. Si inauguraron o túnel de Beiramar que outros empezaron pero non foron quen de ter rematado o colector nin ter feito o vídeo que lembro perfectamente que se dixo nunha Xerencia.

Coido que o que hai que facer aquí é traballar polos cidadáns e non se botar as culpas uns ós outros porque vostedes tamén teñen parte de culpa, Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Agora entendo perfectamente o que aconteceu durante aqueles meses porque se todos considerábamos que ese colector era urxente, había un problema administrativo e o Porto nunca facilitou o labor ó Concello para o resolver, agora entendo o boicot que fixo quen agora é Alcalde, o presidente da Autoridade Portuaria, porque non quería facilitar o labor da conexión dun colector.

A tramitación deste colector comezou no ano 2005, pasou o 2005, 2006 e 2007 e non fomos quen de ter a autorización do Porto para levalo a cabo. A veciñanza pode entender perfectamente que se durante estes anos había inundacións, que pasa agora que sen cambiar nada dese colector esas inundacións non existen? Había algo tapando ou impedindo saír ás augas? Esa é unha reflexión que fai o noso grupo en voz alta, seremos mal pensados pero ó mellor era certo.

Se un presidente da Autoridade Portuaria sabe que é necesario ese colector e do Porto pasa á Alcaldía de Vigo, o lóxico é que nos primeiros meses do seu goberno resolva este problema porque pode pensar que no seu primeiro inverno coma Alcalde terá dificultades. Se non o fai quere dicir que coñece perfectamente o que

acontece e por iso pensa que non é necesario porque o problema estaba onde seguramente algúns sabían e outros descoñecíamos porque non nos deixaron nunca entrar no porto de Vigo cos técnicos para facer un estudo da situación e das saídas dese colector.

Tamén nos estraña que un señor que levaba as relacións institucionais do Porto quedase cos técnicos e mesmo comigo en que en tres ou catro días nos daba unha resposta e aínda estou esperando esa chamada logo de varios meses. Dende que fomos recibidos no Porto o 14 de setembro de 2006, aínda espero a día de hoxe que o Sr. López Font me chame ou reciba ós técnicos municipais para resolver este problema pola vía do consenso e da negociación.

Eses son datos obxectivos que están enriba da mesa e que ninguén os pode negar. Se había tanta presa para facer ese colector, era tan urxente para oposición, os membros do BNG e do Partido Socialista, que fixeron moitas mocións, moitas preguntas na Xerencia de Urbanismo, mesmo ata unha moción nun Pleno, Sra. Méndez, xa non lles corre presa dende que vostedes están no goberno? Levan ano e medio no goberno e o colector segue sen ter o proxecto, sen estar aprobado e sen ter consignación presupostaria. Vostedes tamén coñecían a situación do colector?

É raro que no ano 2006 tivésemos inundacións e a partir de aí ninguén se preocupe do colector. Os que sabían realmente como estaba a situación dende dentro, porque nós non sabíamos como estaba no Porto, por que agora xa non lles preocupa ese colector? Supoño que o proxecto dun colector é cuestión de dous ou tres meses, ata lle podo dar un ano para que vostedes fagan o proxecto do colector e lles dean as autorizacións correspondentes, pero mo poñen moito máis ó meu favor porque se resulta que xa tiñan autorización como di a Sra. Abelairas e a día de hoxe nin teñen proxecto nin consignación.

Hai que o dicir porque este expediente ten uns antecedentes e é pouco crible para a xente que correra tanta presa hai uns anos, con vostedes instigando continuamente e presentando mocións esixindo con urxencia que se levase a cabo ese colector, o goberno tentando levalo a cabo, chocando frontalmente coas decisións da Autoridade Portuaria e resulta que agora que gobernan vostedes xa non hai presa, non hai mocións, ninguén o esixe, non o levan nos presupostos, nin presentan o proxecto. Iso necesita unha explicación.

Se hai un grupo que está na oposición e considera que é algo moi urxente o lóxico é que na primeira modificación de crédito ou no primeiro presuposto, que xa tiveron dous co que levan agora mesmo, o levasen a cabo e o inclúsen, entón terían vostedes dereito a criticar a falta de xestión dun goberno anterior pero coido que aquí hai maldade, que non se actuou de boa fe por parte de alguén. Estamos totalmente convencidos e por iso queremos denunciálo e imos seguir denunciando todas aquelas cuestións que vostedes fixeron contra o goberno anterior e agora non son quen das resolver porque a veciñanza ten que o saber.

Pode quedarlle a alguén a dúbida de pensar que o Partido Popular quería meter un colector no Porto de Vigo que non era necesario para a cidade e eu tamén me podo facer esa reflexión. Eu preguntáballes ós técnicos o outro día se no ano 2006 se producían inundacións porque non había colector, por que non se producen no 2007 nin 2008? O máis grave non é iso porque pode chover menos pero a inquietude do gobernante que sabe como estaba a situación, que estaba instigando e criticando ó goberno anterior, agora teñen a tranquilidade de saber que non van vir inundacións? Esa é a pregunta que hai que se facer.

Seguramente tiñan máis coñecemento que nós do tema e por iso dicimos que ou nolo explican moi ben ou podemos entender que houbo mala fe durante aqueles meses e tentar impedir facer un proxecto dun colector que tivese a saída polo Porto de Vigo cun interese partidista e político claro. Se non o explican pode quedar a dúbida perante a cidadanía dun comportamento pouco correcto, pouco nobre coa cidade e pouco colaborador.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Se non o quere entender non o vai entender pero si que o entenderán as amas de casa. En primeiro lugar cando fala dun colector non asuste, é un separativo de augas pluviais, non hai ningún problema de contaminación.

Seguro que hai moitas señoras véndonos e saben que cando se atasca un fregadero na casa non fai falla poñer unha tubaxe nova, ó mellor o que fai falla é desatascala e ata se aforran os cartos de que veña un fontaneiro.

Cando vostedes pediron permiso foi cando tiveron esas inundacións e tivéronas porque non se lles ocorreu que os sumidoiros hai que os limpar, non se lles ocorreu que en Vigo hai costas e cando chove baixa terra, baixan follas, papeis e atascan

os sumidoiros; non se lles ocorreu que antes de que empece a tempada de chuvias hai que os limpar. Iso sábeo un neno pequeno.

Repítolle que inicialmente o Porto outórgalles a concesión coa saída pola parte oeste do cantil no peirao transversal coa condición que pase pola liña de baixamar. Entran en negociacións e vostedes non están de acordo, logo hai unha resolución e acórdase pero tiñan vostedes un prazo de execución de catro meses e non o fan e vótanlle as culpas e non sei quen, mesmo o teñen presupostado e non o fan, Sr. Figueroa.

Agora pensamos que ó mellor o que temos que facer é revisar os aliviadoiros como estamos xa a facer, procurar que todos estean en perfectas condicións e saian polos aliviadoiros que hai e ó mellor hai que volver pensar se se fai ou non. Non estamos dispostos a malgastar os cartos como facían vostedes, esa é a nosa seriedade.

Repito que cando fixeron a humanización da Praza de Compostela deixaron sen facer toda a rede de saneamento, fixeron vostedes unha modificación e quitaron esa partida para saneamento para adicala a poñer máis metros de beirarrúas, agora o que estamos facendo nós é revisar toda a rede e ó mellor nin sequera fai falla facer ese colector. O que non estamos é mirando ó ar coma vostede nin votándolle as culpas a ninguén.

Por favor superen o trauma porque viven vostedes nunha esquizofrenia total, perderon as eleccións e punto, rematou, xa o saben non o repitan tantas veces.

SR. LÓPEZ FONT: Moi brevemente a efectos persoais. Sr. Figueroa, o que non pode é facer unha acusación como a que realizou de mala fe e de non colaboración institucional por parte da Autoridade Portuaria de Vigo cando se lle está a demostrar continuamente que houbo toda a colaboración por parte do Porto, houbo un acordo e houbo unha posterior revisión dese acordo a instancia de vostedes.

O que non pode ser é que algo que o goberno da Sra. Porro non foi quen de facer se queira enganar á cidadanía cunha chamada telefónica miña. O importante é que o Porto facilitoulles a vostedes absolutamente todo e non foron quen de solucionar o que fixeran moi mal. Quedou claro o que vostedes pretendían, hoxe vostede mesmo meteuse na mesma boca do lobo porque quedou totalmente demostrado que o que o Porto aprobou e vostede podería ter feito en catro meses non o fixo, xa

non me cabe ningunha dúbida que coa intención de tentar acusar ós demais do que vostede non fixo: atender ás súas obrigas.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Font, non me pode negar que eu tiven unha xuntanza con vostede, os técnicos de GOC, técnicos municipais e máis do Porto; vostede quedou de contestarme e nin o fixo, nin sequera se puxo ó teléfono, nin a súa secretaria me deu data para me sentar con vostede, iso non mo pode negar. É rotundamente falso o que di vostede e é certo o que lle estou a dicir porque vostedes non tiñan vontade e a partir daí tivemos que meter un escrito por rexistro. Polo tanto vostede non cumpriu a palabra que me deu nunha xuntanza.

Non o cría pero agora entendo o papel que estaba xogando vostede, mesmo me pareceu unha persoa agradable, amable e respectuosa nesa xuntanza pero agora entendo que si houbo mala fe.

A Sra. Abelairas acaba de dicir: que seguramente van pensar de facer ou non o colector. Por que entón estiveron durante tres meses, Xerencia tras Xerencia, aquí hai testemuñas dos medios de comunicación e documentos, pedindo ese colector de conexión entre Colón e a rúa Pontevedra? Pediron Plenos extraordinarios etc. Agora si que se descobre todo e reafírmome moito máis.

Afirmo que o anterior Presidente da Autoridade Portuaria obstaculizou a posibilidade de construír ese colector porque non lle interesaba e fíxoo dun xeito partidista para boicotear ó goberno anterior. Dígolle así de claro: o Sr. Caballero quixo obstaculizar a acción do goberno anterior. Agora se demostra porque senón el, que coñece todo este expediente, e o seu asesor naquel momento no Porto, Sr. Font, terían que saber que nada máis chegar ó Concello de Vigo tiñan que poñer en marcha ese colector.

Agora a responsable de Vías e Obras dinos que están volvendo pensar na posibilidade deste colector. Coido que aquí hai moitos medios de comunicación que foron testemuñas das moitas horas que estivemos na Xerencia de Urbanismo, coido que levou máis tempo este asunto na Xerencia que o Plan Xeral, debates continuos todos os xoves.

Agora resulta que levan vostedes aquí ano e medio e a miña pregunta é a que facían vostedes: como está o proxecto do colector de conexión de Colón e a rúa Pontevedra co Porto de Vigo. Logo de ano e medio a resposta é que están volvendo

pensar se ese colector é necesario ou non.

Sra. Abelairas, se vostede di isto é porque alguén actuou de mala fe. Nós queríamos facer este colector e mesmo lle vou dicir que levamos a posibilidade dunha modificación de crédito para este colector e votárona en contra, o Partido Socialista e máis o BNG votaron en contra de dotar a este proxecto de consignación presupostaria.

Esa é a historia e di que hai un colector que dende o ano 2005 estase negociado e agora o goberno di que non. Conclusión do Partido Popular: alguén actuou de mala fe e seguramente no Porto alguén taponou a saída dese colector porque senón non ten sentido porque a día de hoxe e coas chuvias que chegaron tíñanse que producir as mesmas inundacións que entón. Que conste en acta porque o reafirmo.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACCÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, instando se acometan as obras que restan no aliviadoiro da rúa Colón, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

14.- (214).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A ADAPTACIÓN DOS PARQUES INFANTÍS Á NORMATIVA VIXENTE E TOMAR MEDIDAS PARA O SEU MANTEMENTO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de novembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, formula a seguinte moción:

"Os nenos non só son fonte de alegrías senón que deben ser obxecto de especial protección polas administracións públicas e así o reflicten as normas tanto nacionais como internacionais.

A Convención dos Dereitos dos Nenos ratificada polo noso país recoñece os

dereitos dos nenos e nenas ó descanso e ó lecer, ó xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade. Por isto dende as administracións públicas temos que no referente a existencia de parques infantís dignos e axeitados en función da seguridade e divertimento dos nenos e nenas, e do mesmo modo debemos vixiar dende as administracións do seu mantemento e conservación e polo tanto debemos entender que tamén da súa limpeza.

O certo é que numerosos parques infantís da cidade non se atopan adaptados á normativa e a limpeza non só é escasa senón en moitos casos é inexistente, co risco que supón o se tratar de nenos.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Que por parte da Concellería de parques e xardíns se proceda de xeito inmediato a:

- 1.- Adaptar os parques infantís da cidade de Vigo que non o estean á normativa vixente.
- 2.- Que se adopten as medidas necesarias para manter en perfecto estado de limpeza os mesmos.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 17 de novembro, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: O pasado xoves 20 de novembro celebramos o “Día Universal do neno”. Os nenos teñen que ser obxecto de especial protección, así o estableceron tanto a Constitución Española como a Convención dos Dereitos dos Nenos do 20 de novembro de 1989, ratificada polo noso Estado, así como diversas resolucións do Parlamento Europeo, a Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro de Protección Xurídica do Menor.

Esta protección atinxe tamén ás Administracións Públicas. Así o artigo 11 da Lei orgánica 1/1996 que citei anteriormente, establece que as administracións públicas terán particularmente en conta a axeitada adecuación e supervisión daqueles espazos, centros e servizos nos que permanecen habitualmente nenos e nenas no que se refire ás súas condicións físico-ambientais, hixiénico-sanitarias e de recursos humanos e ós seus proxectos educativos, participación dos menores e demais condicións que contribúan a asegurar os seus dereitos.

No ano 2003, en concreto o 24 de abril, promulgouse pola Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia o decreto 245/2003, do 24 de abril, no que se establecen as normas de seguridade nos parques infantís, decreto que se

publicou o venres 9 de maio de 2003 no Diario Oficial de Galicia.

Na data de hoxe observamos nos parques da nosa cidade a existencia de numerosas deficiencias en canto ó cumprimento á normativa aludida, ó seu mantemento e estado de limpeza. De aí que traíamos a este Pleno esta moción na que basicamente pedimos que se adapten estes parques infantís á normativa vixente e que se tomen as medidas necesarias para os manter en perfecto estado de limpeza.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Quero lembrar que a data do decreto que fixa as normas de seguridade en parques infantís citado polo Sr. Conde Gil é do 24 de abril de 2003. Dende esa data o Partido Popular estivo gobernando tres anos e medio. Nese tempo o Partido Popular tivo un orzamento no que non consignou nin unha soa partida para a mellora e adaptación dos parques infantís.

Polo tanto cando chegamos hai un ano a este goberno atopámonos cunha cantidade de parques infantís que non cumprían a normativa.

Dende esa data introducimos no orzamento medio millón de euros para esa adaptación e no orzamento do ano que ven volveremos incluír outro medio millón de euros para esta adaptación.

Dende que chegamos levamos actuado en máis de vinte parques. Voulle dar a lista de parques que se actualizaron, remodelaron, ampliaron e adaptaron á normativa, así como os de nova creación. Estre remodelados e ampliados está o do antigo Cartel de Barreiro, Camilo José Cela 2, Praza do Emigrante, urbanización da Zapateira, Becerreira, Grupo San Pablo, Asociación de Veciños Monte da Mina, Pedro Alvarado, Miñooca e rúa Mondariz.

Creáronse completamente novos o de Rivera Atienza, Alameda de Valladares na asociación de veciños, Monte Forestal do Cepudo e a área biosaudable do Areal. Neste momento están en execución o da praia do Vao e Pablo Iglesias, que incluírá tamén unha área biosaudable, e tamén están en fase de proxecto de execución para este ano o parque infantil de Maruja Maio, Areal, Sampaio, No Isaac Peral, Caeiro e Cabral.

Quero dicirlle que cando nós chegamos atopámonos parques infantís que non cumprían a normativa de ferros e randeiras sen adaptar, por exemplo este de Valladares e Becerreira. Así foi como os deixamos hai uns meses e o mesmo

fixemos con estes vinte parques. Este é o de García Picher xunto o Toys R Us, o mesmo, como pode comprobar neste intre está totalmente adaptado. Este é o da Miñoa, ampliado e remodelado. Este o da Asociación de Veciños de Valladares que non tiña nada. Este o de San Miguel de Oia, completamente adaptado. Este o do Grupo San Pablo que acabamos de rematar, se se fixa na foto aínda faltan por colocar dúas randeiras porque estamos nel.

Está claro que este goberno si tivo intención dende o primeiro momento e segue a tela de remodelar, adaptar, ampliar e mesmo crear novos espazos infantís porque os rapaces son o futuro e nós cremos o futuro da cidade.

Con respecto á limpeza teño que lle dicir que cando nós chegamos atopámonos con que a limpeza dos parques infantís as fins de semana estaba totalmente desatendida e cando fixemos as primeiras revisións do “Botellón” atopámonos con que os domingos pola mañá había parques infantís con botellas e con cristais porque eses parques non se limpaban ata o luns. Nós chegamos a un acordo coas empresas concesionarias de limpeza que actúan no botellón e decidimos que os parques infantís en sábado e domingo tamén se limparían, algo que vostedes non tiveron en conta.

SR. CONDE GIL: Sra. Díaz sei que non lle gusta porque xa o demostrou aquí noutros Plenos, pero a verdade é que a vostede vaille bastante o de mentir aínda que non lle guste. Tamén me alegra que copiara vostede o de amosar fotografías que soe utilizar o meu compañeiro Sr. Sagarra, o que pode chegar ser ilustrativo sempre que se atenda á realidade.

Enumerou unha serie de parques; ten algún erro como por exemplo o parque de Pedro Alvarado que fixemos nós. Pero eu podo enumerarlle todos aqueles que deixou feitos o noso goberno no que segundo vostede non se fixo nada. Parques como o de Coruxo, Bouzas, Alcabre, Fragoso, Areal, Praza Elíptica, Atalaia, Praza 8 de Marzo, que se fixeron novos. Remodelados e ampliados O Castro, San Andrés de Comesaña, Alameda de Andrés Gaos, Eugenio Kraft, Faisán, Zamáns, Candeán, Venezuela, Eugenio Fadrique, Praza Santa Clara, parque Reyman en Coia, San Martiño tamén en Coia, a Fontoira en Alcabre, Areal, Feira en Cabral, O Cepudo en Valladares e Relfas en Sárdoma. O total do investimento neses tres anos foi de máis de 2.700.000 euros.

O goberno do que vostede é membro é unha cuestión á que aluden con demasiada frecuencia. A ver se cambian de son. Antes a Sra. Abelairas dicía que a ver se esquecíamos que perdemos as eleccións, pois a ver se vostedes tamén esquecen que os que están gobernando dende o día 16 de xuño de 2007 son vostedes e non nós e non nos estean falando sempre do tema do presuposto.

Por ser un pouco ilustrativo e se quere pode tomar nota, da un paseo e comproba todos estes parques, o parque infantil do Areal, non o primeiro que está cerca da pista polideportiva, senón o que está máis cara a Renfe, non só é que estea en mal estado senón que é un auténtico perigo, calquera día vai acontecer unha desgracia e máis nunha cidade que á que ten máis atropelos de España. Calquera día un neno sairá á estrada e vano levar por diante. Ese parque atópase completamente sen valar, a terra é un auténtico noxo, creo que é a palabra que mellor o cualifica, cheo de excrementos. Se iso é limpeza que veña Deus e o vexa.

O mesmo acontece no parque do Museo Liste, alí hai moitas queixas veciñais por esa mesma circunstancia. En Coia, na zona dos volcáns, o cheiro é insoportable precisamente pola falta de limpeza. No parque da estrada Provincial na Salgueira tampouco está valado; está moi preto da estrada co que en calquera momento pode acontecer unha desgracia. En Bembrive tampouco está adaptado. En Lavadores o parque do Centro de Saúde tampouco está mellorado nin adaptado. Na Doblada, o parque do Merlo o mesmo. En Navia o parque da Alameda tampouco, a pista deportiva da Alameda está feita un verdadeiro desastre. En Coruxo farían falla novos parques, díxome que están executando o do Vao, pois benvido sexa. O parque de Presas en Beade está feito un verdadeiro noxo. No parque infantil da rúa da Quinta non existe nin limpeza nin acondicionamento. O parque infantil de Súa tampouco. O parque da zona do parque tecnolóxico en Valladares está en estado de abandono. O da Salgueira xa dixen anteriormente que ten un auténtico perigo para os nenos da cidade que aínda que non voten algún día poden facelo, se os eliminamos antes porque os atropela algún coche, xa me dirá vostede o que facemos.

O do Areal xa o aludín anteriormente. En San Xoan Poulo o parque se Seragua o mesmo. En Coia o do Cristo da Victoria... A verdade é que teño a gorxa bastante mal e cústame acabar a lista que se quere logo lla facilito.

Facía vostede alusión ós prazos. Pasóuselles o prazo, non sei se o sabe, se leu o

decreto 245/2003. Tiñan de prazo ata o 9 de maio deste ano para adaptar os parques infantís da cidade segundo establece a disposición transitoria: “En período de adecuación os parques infantís existentes á entrada en vigor do presente decreto disporán dun prazo de cinco anos para a súa adecuación ás exposicións previstas no mesmo”. Non o fixeron.

A ver se se decatan. Díciulle antes que levan un ano case e medio gobernando, non nos boten sempre a culpa a nós, algo de responsabilidade terán vostedes nesta actuación.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Enumerou unha serie de parques infantís que vostede di que fixeron ou arranxaron, entre eles o de Pedro Alvarado. O de Pedro Alvarado fíxoo a Deputación e fíxoo sen cumprir a normativa; nós tivemos que o adaptar porque entre outras cousas non lle fixeron a rampla de acceso. Polo tanto a Deputación, que non vostedes como goberno local, si fixo actuacións na cidade e algunhas mal porque ese parque non tiña rampla de accesibilidade e non cumpría a normativa, polo tanto nós tivemos que arranxalo.

Toda esa lista é de parques nos que participou a Deputación, non este goberno local, e dende aquí volvo insistir á Deputación que estamos esperando a que a axuda que lles deu a vostedes cando gobernaban, sega dándoa do mesmo xeito. A Deputación si trouxo unha serie de randeiras, de pranchas para o chan; pero a cimentación por baixo tivo que a facer o Concello e como sempre quedou sen pagar. Cando a Sra. Rodríguez e máis eu asumimos a concellería atopamos que numerosas actuacións da Deputación está sen pagar, polo tanto a Deputación actúa pero o fai mal. Eu esíxolle que o faga ben.

Fixo un listado dunha serie de parques que non cumpren a normativa. Non a cumpren dende un ano e medio para agora? Dixo que había perigo de atropelo de rapaces; só hai perigo de atropelo dende que está este goberno? Se hai ese perigo, por que vostedes non fixeron nada? Estou segura que onde hai perigo están os valados postos. Neste intre estamos garantindo a seguridade, estamos cambiando todas as randeiras de ferro, estamos facendo todo o que vostedes non fixeron en tres anos e medio.

Falaba do Areal; estamos co Areal, aquí está o proxecto, como son as randeiras que imos incorporar, tanto para pequenos como para rapaces, randeiras

innovadoras que nunca xamais se introduciron nesta cidade. Tamén lle podo ensinar o proxecto de Maruja Maio e outros. Estamos traballando, Sr. Conde. Por suposto que queda algún ó que lle hai que cambiar a randeeira porque aínda é de ferro, por exemplo a de Cabral, pero tamén está metido, xa temos os expedientes completos, xa non queda nin un só euro para gastar no orzamento porque xa está todo consignado.

Polo tanto como dixen estamos facendo vinte parques neste ano e medio que é moito máis do que vostedes fixeron no tempo que estiveron gobernando porque vostedes, como goberno do Partido Popular local nesta cidade, non fixeron nada.

SR. CONDE GIL: Como goberno se pode actuar directamente se se ten presuposto ou se pode actuar mediante convenios con outras administracións se pola irresponsabilidade da oposición naquel intre non se pode dispoñer del, como é o caso. Tívose un presuposto e xa lle falei de investimentos e de moitas cousas.

Vostedes é o segundo presuposto que teñen e un tema tan prioritario coma este, aínda que igual a vostede non llo parece, cunha disposición da Xunta de Galicia que establece un prazo que rematou o 9 de maio de 2008, o anuncio para a contratación por concurso aberto da adquisición de balaustrada e carteis con cargo ó presuposto do ano 2008, vostedes o publican no Diario Oficial de Galicia o 18 de novembro deste ano. Están deixando pasar o ano.

Non é ningunha mala interpretación, é o que ven no Diario Oficial de Galicia, se o DOG mente vostedes verán porque tamén son vostedes os que o manexan.

Sra. Díaz ó final o que se demostra é unha cousa, se me permite o Sr. Alcalde facer un símil, é coma un adestrador nun campo de fútbol, fixo unha substitución na concellería de Parques e Xardíns, cambiou á Sra. Abelairas por vostede e coido que se trabucou radicalmente, vostede non fixo nada en todo este tempo. Sen ir máis lonxe, aludiu vostedes antes o tema do botellón e o parque da praza de Portugal, ás once e media da mañá invítoa que vaia calquera domingo e verá que está cheo de cristais; tamén o parque do Areal, eu vivo ó seu carón e vou con frecuencia coa miña filla, dáme verdadeiro medo.

O decreto ó que lle aludía tamén prevé que está prohibido o acceso dos animais ás áreas de xogo. Non é por seren escatolóxico pero os excrementos dos animais abundan por alí co perigo sanitario que iso supón para calquera neno. Non veña

aquí a contar milongas nin a mentir, Sra. Díaz, porque coido que xa é tempo de que fagan cousas, que non nos boten as culpas a nós e polo menos o que fagan que o fagan a tempo xa que teñen presuposto, presumen diso e vostede no Pleno dos presupostos aínda que era mentira encheuse a boca dicindo que trouxeran o presuposto a tempo, pois executélo tamén a tempo. O ano pasado tiñan 210.000 euros para balaustradas e carteis e esperan ó mes de novembro para o anuncio de contratación por concurso. Cando vai ir isto adiante? A semana que ven? As milagres só no Nadal.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, instando a adaptación dos parques infantís á normativa vixente e tomar medidas para o seu mantemento, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

15.- (215).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO UN PLAN DE MEDIDAS URXENTES PARA OS DESEMPREGADOS, AUTÓNOMOS E PEQUENAS E MEDIANAS EMPRESAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de novembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

"Un dos dereitos fundamentais recollidos na Constitución Española no seu artigo 35 é o referido a que todos os españois teñen o deber de traballar e o dereito ó traballo.

Por contra, o desemprego na cidade leva crescendo desde o verán e prevese que o siga facendo nos próximos meses, a pesar das reiteradas promesas de pleno emprego por parte do alcalde.

Os datos do paro no mes de outubro en Vigo son inquietantes por canto se produce

un incremento de nada menos que 1.119 persoas, o que representa un aumento do 5,6% respecto ó mes de setembro, e sitúa o número de parados en 21.088 persoas, 3.169 máis (un 17,68%) que o ano pasado, e iso que en outubro de 2007 o desemprego descendera en 282 persoas.

Xa non se fala de crise na construción, posto que tamén se está a destruír emprego na industria e nos servizos: o comercio por exemplo está pasando por momentos especialmente complicados.

Citroën, o principal empregador da cidade, que leva pechando diferentes días durante novembro, vai suspender a produción dende o día 11 de decembro ata o 7 de xaneiro, o que provoca continuos Expedientes de Regulación de Emprego na industria auxiliar.

Pero, ¿que pasará o ano que ven? ...se non o remediamos, máis paro. Por iso o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ó Alcalde de Vigo a poñer en marcha un plan de medidas urxentes para ós traballadores desempregados, autónomos e pequenas e medianas empresas que son os principais xeradores de emprego na cidade.

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 17 de novembro, quedou informada do contido da anterior moción.

O Sr. Fidalgo Iglesias procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Como sempre o Partido Popular nestas situacións pinta o peor panorama pero tamén como sempre sen aportar ningunha solución. O compromiso do Partido Socialista e do Alcalde co pleno emprego segue vixente e por iso vou relatar algunhas das actuacións que este goberno municipal ven desenvolvendo dende o ano 2007.

En primeiro lugar coa aprobación nestes dous anos dos presupostos municipais, o que nos da a garantía de poder incidir en todas e cada unha das medidas que se poden tomar para favorecer a economía e o emprego. Ademais cun Alcalde que se implica moito máis nesta conxuntura máis difícil de crise financeira global e certamente coas competencias municipais que temos podería facer outra cousa, pero se implica de xeito directo para poder estar cos traballadores e traballadoras, cos emprendedores, en definitiva coa economía e o emprego da nosa cidade.

Entre os anos 2007 e 2008 fomos quen de xerar máis de seis millóns de euros para poder abordar políticas de emprego neste ano 2009. É máis, con importantes colaboracións da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, do Fondo Social Europeo e co Ministerio de Medio Ambiente.

Polo tanto en canto a actuacións queda ben clara a nosa implicación na actual situación de crise. Véñense mantendo encontros continuos con sectores importantes da nosa economía como son os do granito, o do téxtil e o do automóbil e tamén con agrupacións e asociacións de autónomos para coñecer de primeira man cales son as súas necesidades para poder dende o goberno municipal axudarlles ou tamén para poder tratar con outras administracións.

É certo que na nosa cidade non se incrementou o emprego con respecto a outubro do ano 2007, pero non é menos certo que se seguen a facer importantes números de contratos, por iso que non todo é negativo.

Sr. Fidalgo, fixéronse 12.514 contratos neste mes de outubro, 1.900 menos que no mesmo mes do ano pasado; en torno a un 13% deles foron de emprego estable, é dicir, que se segue creando emprego estable.

Na nosa economía é certo que nos servizos, na industria e na construción, o que é previo á crise financeira, está a haber un incremento do desemprego pero tamén é certo que en sectores como medio ambiente, sanidade e educación, así como nas actividades relacionadas coa lei de dependencia estase a xerar emprego.

Fala vostede dunha empresa emblemática na nosa cidade coma é Citröen. Afortunadamente Citröen, por un proceso de negociación empresa-organizacións sindicais, iso que se chama concertación, aínda que diso vostedes non entenden porque non a practicaron e dáme a intención que non teñen a intención do facer, teñen unha flexibilidade de horas que lles permite estar á cabeza de calquera fábrica non só española senón de Europa en canto á produción e en canto a poder abordar estes procesos de dificultade con maiores garantías, tanto para os traballadores como para a propia marcha da empresa.

Non é verdade que estean a provocar continuos expedientes de regulación, hai un 0,01% de expedientes de regulación agora mesmo. Non chamen a todo "expediente de regulación" porque iso, como dicía ó inicio, é parte da súa campaña de alarma onde arrimar o ombreiro.

Para o próximo ano podémoslle garantir que as medidas do goberno municipal

estanse a poñer en marcha e vanse incrementar, quero anunciar que case con toda seguridade o vindeiro ano contaremos con 400 millóns para investimento e xeración de emprego na nosa cidade, xestión do Alcalde-Presidente desta Corporación, xa que vostedes o mencionan reiteradamente na súa moción, que os cidadáns tamén saiban iso.

Non me quero alongar neste sentido, só subliñar algunhas medidas que dende a Xunta de Galicia e dende o Goberno Central estanse a tomar precisamente para os traballadores autónomos e para as pequenas e medianas empresas, todas elas para favorecer á nosa economía. Unha moi recente son os 600 millóns de euros para financiar todos os proxectos viables, empresa a empresa, sector a sector, na nosa comunidade autónoma, para que ningún proxecto viable quede sen financiamento e se poida levar a cabo.

Hai axudas, tanto para eses traballadores que poidan quedar desempregados, como para as empresas que necesiten liquidez para poder seguir operando ou para que poidan levar a cabo o seu proxecto. Todo isto sen recortar un ápice as prestacións sociais.

Quero lembrar que por exemplo en outubro de 2005 había 300 desempregados máis dos que hai neste ano 2008 en Vigo. En épocas similares vostedes o que facían eran "*decretazos*" que logo tamén os botaba abaixo o Tribunal Constitucional; vostedes falaban de recortar dereitos cando había dificultades. Nós o que facemos e reforzar a protección dos traballadores e traballadoras ante a posibilidade de que poidan quedar sen emprego. Ademais actuamos con medidas importantes de investimento público para amortecer eses efectos da crise.

Vanse ter que aclarar no Partido Popular cando falan de rebaixar impostos e menos gasto público porque por outra banda maxino que cando instan ó Alcalde de Vigo a poñer en marcha planes de medidas urxentes para traballadores, autónomos e Pymes, refírense a como dinamizar o investimento público. Coido que teñen unha pequena esquizofrenia nese sentido para os seus discursos.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Quero agradecer ó Partido Popular que en momentos de preocupación como os que estamos a pasar na economía que traia a Pleno mocións de ámbito económico porque coido que precisamente nestes momentos a Corporación municipal debe debater, falar e reflexionar sobre a situación

económica da cidade. Se somos os máximos representantes da cidadanía é lóxico que o tema que hoxe lles preocupa fundamentalmente se traia a este Pleno e nese sentido coido que é bo que entre todos reflexionemos.

Si que lle pediría ó Partido Popular logo de ler a súa moción que en tempo de crise, de paro, de situacións complicadas para as nosas empresas, para o noso comercio, se fale de como saír da crise, do aspecto positivo que lle temos que dar, independentemente que esteamos no goberno ou na oposición. Hai que mandar sempre mensaxes de esperanza e de solucións.

Dicir na moción que se non o remediamos o que pasará o ano que ven é máis paro, coido que non é precisamente unha mensaxe positiva; teríamos que dicir que todos, goberno e oposición, temos que nos poñer a traballar precisamente para que isto non suceda.

Coido que Pleno tras Pleno este goberno está dando proba de medidas que estamos a poñer dende a nosa competencia precisamente para paliar esta crise ou cando menos para poñer iniciativas enriba da mesa que permitan que aquelas clases menos favorecidas da nosa cidadanía poidan resistir mellor a crise. Este é sen dúbida ningunha o camiño que debemos percorrer.

Vostede citaba o comercio e os servizos; pois traballar para saír da crise é orientar e estar a carón destes sectores como así estamos. O sábado asistíamos á Gala do Comercio e os propios comerciantes sacaban peito da crise, facíanse eco da situación complicada pero inmediatamente tamén se facían eco das oportunidades e posibilidades que se teñen de seguir traballando na procura de estabilidade nese sector.

Dende a Concellería de Comercio e dende este goberno así o estamos a facer, estamos poñendo á súa disposición todo un plan de dinamización comercial que está percorrendo todas e cada unhas das zonas comerciais, plan que os propios comerciantes demandaron. Por primeira vez neste Concello se fixo o que se chaman orzamentos participativos cos propios comerciantes para que fosen eles, precisamente en tempo de crise, os que decidiran en que pretendían investir os nosos recursos.

Dende o sector de Servizos acabamos de ver como estamos a traballar nese plan de competitividade turística, como estamos poñendo instrumentos ó servizo dun sector turístico que tamén está a pasalo mal.

En definitiva a función dos gobernantes e neste caso tamén da oposición é traballar para que estas medidas palién na parte que poidamos esta situación de crise.

Tamén coido que é bo reflexionar cando falamos da crise económica por que chegamos a estas situacións que normalmente son cíclicas. En definitiva chegamos porque os distintos gobernos do Estado e tamén nalgún caso os autonómicos viñeron desenvolvendo políticas de un neoliberalismo económico feroz. Cando o Partido Popular gobernaba e tamén, por que non o dicir, nalgún momento gobernando o Partido Socialista no Estado fixéronse políticas claramente potenciadoras do libre mercado, do enriquecemento rápido, políticas que deixaban de lado ó sector público e envorcábanse decididamente no sector privado.

Cando existe esa crise financeira e económica global, agora é cando algúns se dan conta de que os poderes públicos realmente son os únicos que son quen de garantir a estabilidade económica e por iso se chega a que os poderes públicos teñen que dar estabilidade ós poderes financeiros, teñen que facer un gran esforzo no investimento, na formación e no emprego público e nestes momentos eses grandes defensores dese neoliberalismo económico loxicamente están agochados e pedindo papas.

A crise reclama respostas decididas, tanto dos concellos como dos distintos gobernos, que reactiven a economía, que teñan a máxima atención ás persoas desempregadas e que sobre todo fagan políticas de financiamento das actividades produtivas. En definitiva medidas anticíclicas para incrementar realmente o peso do sector público, tanto no investimento como na capacidade de intervir na propia economía.

Ese ó camiño, a ruta que nos temos que marcar dende as administracións. O Concello ten a súa parte competencial pero neste caso non é a institución máis importante. Cando algúns vimos reclamando dende hai moitos anos máis competencias do Estado para o noso goberno, vimos facéndoo dende a convicción que cantas máis transferencias teñamos, máis poder económico teñamos aquí mesmo, moito máis fácil será acometer as medidas necesarias para saír da crise.

Cando algúns vimos reclamando competencias, un novo estatuto que evidentemente o Partido Popular non quere, fixémolos precisamente por isto, para que nos dotemos de sistemas de financiamento propios, de axudas ós nosos sectores produtivos propios que nos permitan saír máis facilmente de situacións de

declive. Así estase a facer dende o goberno da Xunta nestes momentos.

Vostede citaba Citröen; o goberno da Xunta nestes momentos acaba de acometer unha serie de medidas de axuda á automoción, medidas que seguramente serían maiores se tivéramos esas competencias. Pero hai outros sectores que con políticas activas e decididas están agora no seu mellor momento como é o sector naval, que gracias á implicación e á axuda da Xunta está hoxe mantendo na nosa cidade parte dos resortes económicos que temos. Sres. do Partido Popular hai outros que dicían hai anos que o sector naval non tiña futuro e propoñían planes de reconversión.

Ese é o camiño e a política que imos ter que facer. En definitiva, dende o Concello e dende as administracións temos que nos dotar dunha política de autorresponsabilidade en materia de financiamento. Así estamos a facelo, poñendo dende o que podemos medidas para que esta cidade sega medrando en investimentos, en emprego e sobre todo e o máis importante: que aquelas clases máis desfavorecidas teñan a atención preferente que deben ter e sobre todo que esixen en momentos de crise.

Este é o camiño a seguir e creo humildemente que dende este goberno así o estamos facendo, pero pediría ó Partido Popular que hoxe ostenta o labor importante de oposición, tanto a nivel municipal coma autonómico e estatal, que fagan tamén ese camiño, que empecen a defender a importancia das políticas sociais e de potenciación dos sectores públicos. Esa é a única garantía de que cando saiamos da crise podamos facelo reforzados e poidamos poñer os piares para que estas situacións non se produzan.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Vou comezar contestando ó BNG no sentido de que as medidas que propoñen para a crise parece ser con son dúas: uns presupostos participativos e o plan de dinamización do comercio.

A nosa oposición é responsable, trouxemos este problema do paro ó Pleno para discutir e falar aquí pero parece mentira, Sr. Rodríguez, que vostede que foi sindicalista e supoño que seguirá a selo ou se sentirá, moi importante na cidade, faga este discurso de mirar cara outro lado, parece que non hai descenso da contratación, que non hai expedientes de regulación de emprego, que Citröen vai como unha moto.

Citröen está parando, botou a 300 persoas á rúa e vai botar a 800 ou 900 en

xaneiro, non lles van renovar os seus contratos. Calquera sabe que iso vai producir unha escalada, un aluvión de expedientes de regulación de emprego porque cada posto de traballo directo en Citroën son tres ou catro na industria auxiliar. Se Deus non o remedia, porque non sei quen o vai remediar, 3.000 parados máis para o mes de xaneiro.

O traballo é o máis importante, por iso o paro é a principal preocupación para a xente. Hoxe en España hai 2.800.000 parados, en Galicia 168.000 parados, 11.600 máis que o mes anterior e en Vigo 3.300 máis que cando a Sra. Porro deixou de seren alcaldesa. O mes pasado 36 parados máis cada día, iso é o que a vostede lle tería que importar pero vostedes tiran para adiante enganando á xente.

Primeiro dicían que non había crise, logo chamáronlle desaceleración, logo dicían que tampouco era para tanto porque estabamos na "*Champion Ligue*" das economías e que ademais Vigo e Galicia tiñan un plus de resistencia. Nós por denunciálo porque estabamos na oposición eramos alarmistas, catastrofistas; temos que dicir a verdade á xente, para os enganar xa están vostedes.

Agora parece que recoñecen o problema, algo avanzamos, pero é difícil que alguén que non recoñecera ata o de agora este problema propoña algunha medida razoable como vostede comprenderá.

Como concelleiro de Emprego a súa principal preocupación debería ser que houbera o menor número de desempregados na cidade. Estamos dispostos a traballar con vostede, pedímoslle un plan de emprego de consenso pero vostede fíxoo ó seu xeito, presentouno nunha Xunta de Goberno, nin sequera o trouxo ó Pleno, e agora di que a súa principal medida contra a crise é a aprobación dos presupostos municipais e logo que conseguiron seis millóns de euros entre a Xunta, o Ministerio de Traballo supoñon aínda que vostede dixo de Medio Ambiente, e a Consellería de Traballo pero para o ano 2009.

Teñen que facer os deberes en materia de emprego e nestes momentos temos que nos poñer todos a traballar no máis urxente que é darlles traballos ós vigueses. Hai 21.000 parados en Vigo, é a poboación de Lalín ou de Ponteareas e ós que van vir. Por iso dicía que en 2009 se non o remediamos vai haber máis paro así que a mellor política social é a de creación de emprego.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Cando un quere entender o que lle da a gana evidentemente

segue manipulando o que dende aquí se lle contesta. Sr. Fidalgo, afortunadamente goberna o Partido Socialista en España, hoxe tamén cun presidente na Xunta de Galicia porque vostedes nin en emprego nin en política social fixeron nin un só avance e dende o goberno municipal tampouco.

Conseguíronse estes cartos e estanse aplicando agora mesmo. Temos máis de 300 traballadores contratados no Concello de Vigo nos diversos planes de cooperación ou propios, financiados por nós directamente.

Presta pouca atención e logo se confunde: si temos un programa co Ministerio de Medio Ambiente, coa Fundación Biodiversidade, é un dos piares de emprego. Vostedes non o facía pero nós si nos preocupamos de abrir novas vías. Si temos coa Consellería de Traballo, co Fondo Social Europeo e coa Fundación Biodiversidade do Ministerio de Medio Ambiente. Estes 300 traballadores están con cargo a eses planes, a eses máis de seis millóns de euros que eu citei.

Antes coído que din unha cifra de 400 millóns. Sr. Fidalgo, engadidos a eses imos ter catro millóns de euros mínimo o ano que ven para poder seguir favorecendo á economía e o emprego na nosa cidade. Reitérolle que feito de acordo cos axentes económicos e sociais, cos que agora mesmo teñen dificultades e feito coas súas achegas para non dar paus de cego.

A nosa preocupación é clara nese sentido, vostede mesmo recoñece que ante unha situación extraordinaria temos que ter respostas extraordinarias. Dende o Concello de Vigo unha das respostas importantes é o presuposto, aínda que vostede non lla da pero logo os seus compañeiros e compañeiras non deixan de se laiar que non tiveron presupostos nos últimos dous ou tres anos que gobernaron. Claro que teñen unha grande importancia os presupostos porque só en obras de humanización este goberno imos gastar doce millóns de euros. Iso tamén é favorecer a economía e o emprego.

Son moi importantes os presupostos municipais, fíxese se son importantes que vostedes levan laiándose Pleno tras Pleno de non telos; pola súa incompetencia de non saber chegar a acordos con quen estaba naquel intre na Corporación.

Neste país afortunadamente a través do Partido Socialista fíxose un control do sistema financeiro como nunca e políticas sociais envexadas por países do noso contorno que en teoría eran os precursores dos grandes avances sociais. Vostedes poderán pretender minimizar isto, enganar ós cidadáns e todo o que se lles ocorra

para o desvirtuar pero a realidade é esa. Vostedes só se preocupan de desinformar. Estamos nun momento onde a información para os traballadores e as empresas é fundamental.

Reitérolle que Citroën non pecha eses días, fai uso da flexibilidade que ten acordada cos traballadores. Xa sabemos que a vostedes lles gustaría que canto peor mellor pero afortunadamente, tanto dende o goberno central como dende o goberno da Xunta de Galicia hai medidas para o sector do automóbil, polo menos mentres non se reactive ese mercado.

Fíxese se mente que cando fala na súa moción dos “innumerables expedientes de regulación de emprego que se están a producir”, na resposta que vostede fai di que, dado que se Citroën bota á rúa a eses traballadores e traballadoras vanse producir encadeados expedientes de regulación. Díxenlle que 0,01 de expedientes de regulación e non é negar a evidencia, todos sabemos que hai un grave problema de desemprego pero por iso actuacións extraordinarias como as que se están a acometer dende as administracións e non *decretazos* e redución de prestacións sociais como facían vostedes.

Nos incrementámolas; mantemos as prestacións por desemprego, mantemos os incrementos das pensións mínimas no 6%, mantemos o incremento de presupostos para a lei de dependencia. Todo iso para xerar confianza, para que se reactive a economía.

Sei que se teñen que sentir incómodos porque estamos a falar de cuestións sociais que a vostedes nunca se lles ocorreron, o de seu é a imaxe, é aquela vella cuestión de que a protección social xa se facía coa caridade. Non, a protección social é cuestión de dereitos, das persoas, dos traballadores e das traballadoras. Encántame ver esa bancada tan incómoda ante este discurso.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Estamos alucinados, Sr. Rodríguez, non sei se mandalo á óptica. O secretario da CIG, Xerardo Abraldes, di que xa hai en Vigo presentados vinte e cinco expedientes de regulación de emprego, uns máis avanzados ca outros. Cando goberna o PSOE non sei que pasa pero hai paro. Nós presentamos en setembro vinte e cinco medidas para paliar a crise. Aínda está esperando que a chame o Alcalde para poder traballar entre todos e poder salvar ós mobles porque debemos facer os deberes porque senón haberá máis paro cada mes.

No ano 96 o PP atopou a taxa de paro no 22%. Deixouna no ano 2004 no 10,4%. Agora as caixas de aforros din que o ano que ven prevese que o paro alcance o 18% e vostede di que non pasa nada, que Citröen non pecha, é a flexibilidade. Pois a flexibilidade remata partindo porque unha cousa é flexible ata que rompe.

Cando gobernamos nós a cidade tardamos 44 días en aprobar por unanimidade o plan de emprego no Pleno, que non tiñamos por que o traer pero fixémoslo. Destináronse aproximadamente catro millóns de euros cada ano para plan de emprego e víronse beneficiadas unhas 4.500 persoas. O que fan vostedes é dicir unha cousa e facer outra. Falan do pleno emprego, “O paro será historia na cidade”, dicía o Alcalde, falan dos 167 millóns de euros que prometeu ó Alcalde cando tomou posesión o conselleiro don Ricardo Varela; non sabemos onde están porque vostede fala de catro ou seis.

Logo non predican co exemplo porque hai dous casos bastantes sangrantes no seu departamento. Houbo un escándalo nunhas contratacións dos técnicos de emprego do ano pasado; o servizo de atención ó emprendedor no plan de emprego aprobado por vostede, fala dun mínimo de sete persoas. Vostede o ano pasado publica o anuncio no periódico con cargo ó Concello, por suposto, o INEM chama ós aspirantes, faille as probas e logo da marcha atrás. Pode dicirme cantos técnicos de emprego hai no Concello? Cero. O Servizo de Atención ó Emprendedor na rúa Cánovas del Castillo non ten ningún técnico de emprego.

Di que nós non tiñamos axudas, que facíamos política antisocial pero as axudas á contratación e á creación de empresas que xa lle lembrei no mes de xullo que debía presentalas canto antes, ven de presentalas agora, exactamente igual que as nosas: o mesmo importe das axudas, o mesmo texto con algúns fallos porque di que o plan de emprego veu ó Pleno e non é certo. Eran as mesmas axudas o que pasa é que nós publicámolas antes, demos tempo suficiente para se presentar a elas e vostedes dan dez días hábiles. Hai que avisar á xente porque o 21 de novembro publicáronse as axudas no BOP e só teñen dez días hábiles.

En xullo eu lembráballe a un grupo vigués que se chamaba Siniestro Total e vexo que vostede segue ó de seu, ante todo moita calma. Hoxe voulle lembrar a outro grupo que xa desapareceu: Semen Up que nunha das súas cancións dicía “Estalo facendo moi mal”

(Está ausente o Sr. Alonso Pérez e a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, instando un plan de medidas urxentes para os desempregados, autónomos e pequenas e medianas empresas, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

16.- (216).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A NEGOCIAR COA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE PARA UN PROXECTO DE RECUPERACIÓN INTEGRAL DO RÍO LAGARES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de novembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra, formula a seguinte moción:

"As últimas informacións que o goberno está a difundir sobre o contorno e estado da canle do río Lagares están a preocupar aos veciños que cada vez máis se interesan pola situación medioambiental da súa cidade.

Dende o GM do Partido Popular vimos manifestando nosa adhesión e participación no debate xerado, así como a necesidade de levar a cabo un proxecto global de sustentabilidade en todo o seu ámbito.

Por unha banda, temos o derradeiro anuncio de que son máis de cen as empresas instaladas na canle do río, por outro, que as inspeccións que se están a realizar constatan que unhas verten augas pluviais e outras residuos contaminantes.

Diante destas informacións nos está a preocupar a demora para presentar e acometer de maneira clara e concisa a rexeneración integral que necesita o río Lagares abranguendo dende a súa fauna e flora ata a canalización necesaria, sen esquecer as sendas peonís. No investimento que debe ser importante, deberíase obter o compromiso da Consellería de Medio Ambiente e de Augas de Galicia como institucións competentes á hora de intervir na canle do río.

O traballo a realizar debe dirixirse a través dun plan que deseñe as necesidades reais do río para propoñer con que medidas hai que intervir e onde hai que facelo.

A Consellería coa colaboración do Concello ten que apoiar seriamente as necesidades que Vigo demanda con relación ó Lagares.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno a negociar coa Consellería de Medio Ambiente a acometer un proxecto integral da recuperación do río Lagares dende o seu nacemento ata a súa desembocadura, tendo en conta todas as necesidades e rexeracións medio ambientais, de fauna e flora, de control de vertidos e de espazos de lecer.

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 17 de novembro, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Presentamos hoxe un tema de interese para os cidadáns e a cidade en xeral cos acontecementos dos últimos meses, en concreto coa catástrofe que sufriu a cidade o pasado mes de setembro hai un debate xerado na opinión pública da cidade do que nós obviamente non nos imos abster. Falamos neste caso do río Lagares en toda a súa extensión.

Non imos eludir ese debate senón todo o contrario; imos dar o noso punto de vista e defenderemos nesta e outras cuestións o desenvolvemento sostible de Vigo baseado conceptualmente en tres cuestións: a medioambiental, a económica e a social. Trataremos de achegar as nosas ideas, previamente asesorados como debe ser, e como dixen non imos eludir nin este debate nin ningún outro.

Nesta cuestión moito menos porque consideramos que chegou o momento de incidir nela, de tomar decisións importantes, ter unhas propostas claras, concisas e con medidas moi concretas. Tamén pensamos que se debe involucrar a todas as institucións competentes neste caso, tanto a Consellería de Medio Ambiente, Augas de Galicia e por suposto o Concello de Vigo.

Logo das moitas noticias e informacións que recibimos a través dos medios de comunicación nos últimos tempos sobre as inspeccións realizadas na canle do río Lagares, as sendas peonís, a necesidade de rexeneración da fauna e flora, coidamos que chegou ese momento de presentar un plan integral, deseñar as necesidades do río e establecer as medidas a tomar.

Como dixen neste tema non nos imos abster, imos dar a nosa opinión en todo momento e esperamos que dende o departamento de Medio Ambiente deste Concello, a cidade máis importante e máis poboada de Galicia, se tomen as

medidas necesarias e se impliquen neste caso porque ate o de agora o que vimos é que o programa estrela do departamento de Medio Ambiente desta cidade foi "Camiño a camiño".

Non é que esteamos en contra de pasear as fins de semana, pero se o departamento de Medio Ambiente se adica a pasear as fins de semana esperamos que durante a semana se adique a pasear ó longo e ancho dese departamento. Esperamos que por unha vez dende o consenso e dende unha actitude positiva atopemos un acordo e voten a favor do que propoñemos que é negociar coa Consellería de Medio Ambiente para acometer un proxecto integral de recuperación do río Lagares.

Un proxecto que debe abranguer prazos, presupostos e medidas concretas. Esperemos que sexa así porque xa presentamos moitas iniciativas en cuestións medioambientais no último ano e medio e unha delas, que considero importante e que eu mesmo defendín neste hemiciclo, foi a creación dun órgano consultivo en materias medioambientais que moito nos podía ter axudado ata o momento, podía ter sido bastante positivo para este tema, para tomar medidas fronte a catástrofes como a que aconteceu o pasado mes de setembro cuxas secuelas imos sufrir durante moito tempo.

Imos seguir nesa liña de presentar ideas positivas aínda que logo por unha banda o Sr. Alcalde o 7 de abril de 2006, teño o recorte do Faro de Vigo, reclamaba un Consello consultivo e sen embargo logo votou en contra. O que nos gustaría é que o que se promete, sobre todo en cuestións de compromisos, se leve finalmente a cabo. Esperamos contar co apoio do goberno nesta cuestión porque nós imos intervir sempre con medidas positivas e dende a serenidade.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: No Partido Socialista temos moi claro que é imprescindible, tanto para o desenvolvemento da sociedade como para o sostemento dos ecosistemas, acadar un equilibrio entre o desenvolvemento e o medio ambiente. Para isto temos que contar cun amplo coñecemento dese ecosistema.

Aquí dáse unha circunstancia especial como é que o Lagares nace, discorre e desemboca no mesmo municipio, polo tanto é unha característica que coido que se repite pouco noutras situacións.

Vostede fai referencia ás empresas que verten, o que non é nada novo porque a

propia concelleira delegada de Medio Ambiente, nunha xuntanza a finais de outubro de 2008 co subdirector xeral de Xestión de Dominio Público Hidráulico, xunto con técnicos municipais do Laboratorio, de Medio Ambiente e coa patrulla medioambiental da Policía Local, analizaron todas estas cuestións e é certo que se está a facer o que coido que nunca se fixo: inspeccións e controis que se están a realizar polo Concello o que é un gran traballo xa feito.

Ademais, como xa lle contestou a miña compañeira a concelleira de Medio Ambiente no pasado Pleno, como vostede coñece ou debera coñecer, para poder tratar un espazo como o do Lagares non se debe actuar de calquera xeito, debe facerse cun coñecemento exhaustivo porque calquera actuación inadecuada pode ser irreversible ou tardar moito tempo na súa recuperación. Para iso lémbrolle que a miña compañeira informoulle do proxecto de mellora ambiental do río Lagares que nos entregarán a finais deste mes e que é un proxecto integral para poder abordar estas actuacións que coido que vostede demanda.

Será nese momento, unha vez teñamos este proxecto, cando academos coa Consellería de Medio Ambiente o necesario acordo para o seu desenvolvemento. Mentres tanto estase a traballar nese proxecto, evidentemente inclúese todo o acondicionamento da senda peonil pero aínda imos moito máis alá.

Tamén lle quero dicir que nos ocupamos do río Lagares e dos seus afluentes. O meu compañeiro de Corporación Sr. Rivas, en recentes negociacións coa Consellería de Medio Ambiente, acordou que podemos contar coa recuperación das marxes entre Fragoso e Coruxo e tamén entre Grileira e Cabral, así como a recuperación de dúas fontes, unha en cada unha das beiras.

Imos apoiar esta moción, coidamos que xa o estamos a facer como lle dixen e tamén imos facer a reforma conxunta coa Consellería de Medio Ambiente.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: O Lagares non pasa por Coruxo, Sr. Rodríguez. Esperaba algo máis do Partido Socialista, esperaba que alguén cun pouco máis de responsabilidade, de coñecemento e de posta ó día contestara esta moción pero xa vexo o pouco interese fundamentalmente do Partido Socialista dentro do Goberno. Sinceramente non esperaba menos.

Unha vez máis do que está a falar é de proxectos figurativos que non acaban de se cumprir. O outro día repasando este tema veume á mente o famoso oleoduto que o

Sr. Alcalde pretendía que se construíra ata Salvaterra para a construción da maior planta de biodiesel que se ía instalar en Galicia e que definitivamente gracias ó seu compromiso e á súa palabra dada foise para o Ferrol. Aquí temos o exemplo máis claro dos compromisos e da palabra do Sr. Alcalde.

Aquí teño un recorte: Ferrolterra liderará a produción de biodiesel en territorio nacional. Infinita Renovables, filial de Isolux, tamén se instalará no porto exterior. A compañía atópase a punto de concluír as obras de construción da súa planta preparada para producir 300.000 toneladas.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra, lémbrolle que estaba vostede a falar do río Lagares.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Claro, pero están falando de proxectos e logo se quedan sempre en auga de castañas e este é un exemplo. A vostede gústalle moito falar de se amplía ou non a ponte de Rande, etc.

A PRESIDENCIA: Sr. González Sagarra atéñase á orde do día.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Fala de que é intolerable que se incumpran os prazos, claro que os prazos se incumpren sempre con vostede, ese é o problema.

Dende logo imos estar pendentos dese suposto proxecto que nós aceptamos, valorarémolo e expresaremos a nosa opinión ó respecto, pero recibimos moitas informacións nos últimos meses sobre as inspeccións realizadas.

Vostede fala da patrulla Medio-ambiental. Eu persoalmente defendín a necesidade de colaboración a través dunha patrulla entre o departamento de Medio Ambiente e a Policía Local no pasado mes de xaneiro. Seis meses logo o Partido Socialista puxo en funcionamento esa famosa patrulla; alegrámonos que algunha vez como neste ocasión nos fixeran caso.

Recibimos moitas informacións acerca das inspeccións realizadas; por parte do conselleiro de Medio Ambiente, don Manuel Vázquez, falábase de que hai unha vontade política: “Daremos o machadazo”, pois vaia xeito de facer política. Tamén falaba de que un equipo de natureza e biodiversidade se desprazaría á zona afectada para estudar medidas de rexeneración a adoptar no Lagares; pero tamén

nos din que na segunda fase de actuación no plan do departamento para rexenerar o castigado río será a recuperación do ecosistema danado polo incendio do Gorxal. Ó mesmo tempo nos din que a recuperación do ecosistema debe ser espontánea sen introducir novos elementos de biodiversidade. Pois que veña Deus e o vexa porque eu non entendo nada, sería para o poñer nun programa cómico polas tardes.

En todo caso nos encantaría que en vez de difundir tanta información e tantas noticias nos aclararan as cuestións e nós apoiaremos calquera tipo de proxecto como do que fala o Sr. Rodríguez, dese proxecto integral do Lagares. Tamén nos gustaría que dixesen claramente se é necesaria a rexeneración da fauna e flora como reclaman moitas asociacións e colectivos. Gustaríanos que houbera un compromiso de execución do paseo do Lagares que xa presentamos esa proposta o pasado mes de setembro neste Pleno para facer o paseo do Lagares dende o seu nacemento ata Avenida de Madrid e aínda non sabemos nada. Por iso digo que está ben que se aproben os proxectos pero logo hai que os cumprir e executar.

Por exemplo nos gustaría de Augas de Galicia fixera unha exposición da súa opinión porque tamén está implicada; gustaríanos saber se os sumidoiros se van pechar ou non; gustaríanos que houbera unha partida presupostaria para a rexeneración do río Lagares e diso tamén imos falar porque o presuposto do ano 2009 xa o teño e non inclúe ningunha partida a excepción dunha para a recuperación das pontes do río Lagares danados na zona de San Andrés de Comesaña. Esas pontes xa reclamáramos nós que se arranxaran porque levaban moito tempo danadas, sen embargo dende hai xa bastantes meses están precintadas e non se levou a cabo ningún tipo de actuación.

En definitiva nos gustaría que se se fai unha proposta, se defende e estamos todos de acordo, que se execute porque en canto a prazos de execución e compromisos cumpridos cero. O Partido Socialista tampouco tivo moitas achegas no anterior mandato e a maior achega que fixo ó longo do mesmo foi instar que se incorporara o Concello de Vigo á rede española de Cidades polo Clima, reviseinas todas e, miña nai! De todos os xeitos esperemos e confiemos que dunha vez por todas cheguemos a un consenso, a un acordo e se cumpra cuns prazos, dun xeito visible para todos.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Agora entendo cando se enfadaba a miña compañeira porque cando non se quere escoitar non se escoita. Paréceme dunha gravidade absoluta cando vostede fai referencia a que o Lagares non pasa por Coruxo. Sr. Sagarra, dicíalle que non só imos actuar na canle do Lagares senón tamén en dous afluentes do Lagares porque o meu compañeiro, Sr. Rivas, acadou un acordo coa Consellería de Medio Ambiente; na recuperación das marxes de Fragoselo-Coruxo e outro en Grileira-Cabral. Sei que non escoitou ben ou que lle pareceu oportuno para dicir algo que aquí non se dixera.

Non lembro se cando vostedes gobernaban na Xunta había Consellería de Medio Ambiente, se a houbo non debía facer nada porque nin vostedes mesmos lembran quen era. Agora si que temos Consellería de Medio Ambiente, cun conselleiro que se preocupa, temos tamén unha concelleira e un Alcalde que preside esa Rede de Cidades polo clima. Fíxese se temos implicación.

Sr. Sagarra, para que non volva sobre o mesmo porque como lle dixen xa lle contestou a miña compañeira en setembro: imos deixar o Lagares planchado, sen contaminación, imos chegar ós acordos necesarios para que as empresas que están a verter teñan un tempo para se adaptar, tampouco é cuestión de querer facelo todo nun mes. Xa o saben, xa están avisadas, xa teñen as actas e estas empresas en breve se van adecuar á normativa medioambiental.

A máis lle dicía que imos facer unha intervención en todo o Lagares, non só en ter o paseo en condicións para a cidadanía que é importante, senón tamén para que toda a fauna e a flora da que vostede fala teña un equilibrio entre o necesario desenvolvemento e o necesario coidado do medioambiente. E máis cando hai unha relación directa entre o coidado e o mantemento do medioambiente coa xeración de emprego, como logo veremos nalgún outro punto deste Pleno. É algo do que nós, os socialistas, nos preocupamos e nos sentimos orgullosos en traballar niso.

Non lle contestei á súa referencia ó Gorxal na súa primeira intervención, pero agora volveu facer unha referencia un tanto negativa e só lle quero dicir que está totalmente recuperado, a canle e as augas, coas intervencións que se fixeron coa gran colaboración de todos, a primeira a Consellería de Medio Ambiente, polo tanto dicir a toda a cidadanía que teñan a tranquilidade de que isto está totalmente saneado e recuperado.

Reitérolle que as actuacións medioambientais, a pesar do que poidan dicir os

veciños cunha lóxica preocupación, téñense que facer por auténticos profesionais que coñezan con detalle cada unha das actuacións que se vaian acometer nesa canle ou nos diversos tramos do río, xuntamente con quen sabe tamén do tema: o propio Ministerio de Medio Ambiente, a Consellería de Medio Ambiente e Augas de Galicia. É necesario para poder facelo ben e non como lle dixen antes facer algunha actuación equívoca, con moi boa intención pero que logo teña algún efecto negativo para a recuperación dese río tan querido, tan sentido por todos e para os socialistas deste goberno os primeiros.

SR. GONZÁLEZ SAGARRA: Insiste cos proxectos virtuais e gustaríanos que se convertesen en realidade. Teño un montón de titulares e por exemplo este di que a concelleira está ausente por completo; ó mellor ten razón, o seu proxecto estrela da cidade máis grande, poboada e extensa de Galicia é camiñar, pasear.

Gustaríanos que se implicasen máis en cuestións medioambientais que como ben di o Sr. Rodríguez tamén teñen relación coa actividade económica e co emprego, pero xa puxen un exemplo antes de como coidan o emprego, con promesas incumpridas, Sr. Alcalde, e iso si gústalle moito dicir que é intolerable que as promesas dos demais se incumpran. É curiosa esta contradición.

Insisto en que imos apoiar calquera tipo de proxecto que se presente para o río Lagares na súa extensión, daremos a nosa opinión, buscaremos o consenso, iso que a vostedes non lles gusta, e trataremos de dar a nosa visión dende un punto de vista positivo.

Espero que así sexa e que finalmente se cumpra o acordado. En todo caso cando di que a rexeneración é absoluta, pois se é así e consiste en que curiosamente cando está o Sr. Alcalde por alí aparecen por detrás uns patos que acaban de colocar, se iso é rexeneración absoluta dáme a risa, hai que sacalo nalgún programa pola tarde porque a iso se dedican. Vostede sábeo Sr. Alcalde, sabe como foi a historia e que o podo demostrar, non teño fotos pero teño testemuñas. Esa é a súa máxima achega á rexeneración do río Lagares.

Nós xa incluímos no Plan Xeral un plan especial que se chama “De protección, rexeneración ambiental e acondicionamento do corredor do Lagares”, aquí teño a ficha. Polo tanto nós xa tiñamos moi claro cal era a nosa achega e as nosas ideas e o que pretendíamos facer. Sen embargo agora vemos no presuposto do ano que

ven a importante achega do Grupo Socialista que consiste basicamente nunhas pontes de madeira que se van reparar. Esperemos sinceramente que non sexa así e que sexa algo máis. Estaremos moi pendentes e tentaremos que se cumpran os prazos.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. González Sagarra, instando realizar negociacións coa Consellería de Medio Ambiente para acometer un proxecto de recuperación integral do río Lagares, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (217).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO SE INSTE Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E Ó MINISTERIO DE FOMENTO QUE A NOVA EDAR DO LAGARES SEXA SOTERRADA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de novembro, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Porro Martínez, formula a seguinte moción:

"De todos é coñecida a urxencia de Vigo en materia de depuración das súas augas debido á grave situación medioambiental da nosa ría, cuestión xa advertida no seu día pola Unión Europea.

Así, o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación Municipal de Vigo que tome o acordo que segue:

Que o goberno municipal de Vigo inste á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e ao Ministerio de Medio Ambiente para que a nova EDAR sexa completamente soterrada, en cumprimento dos acordos acadados e feitos públicos entre o goberno municipal do PP de Vigo e o Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.

A comisión informativa de Medio Ambiente, en sesión do 17 de novembro, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Este asunto considerámolo de vital importancia, unha cuestión na que temos que afondar. É un tema demasiado complexo como para que o grupo maioritario da oposición non faga un pronunciamento e un debate neste Pleno.

Todos sabemos cal é a situación da depuración na cidade de Vigo, sabemos cales foron as decisións que se tomaron e cal é a situación actual. O tema da depuración, en concreto da depuradora, a este grupo preocúpalle dende o primeiro día e se facemos memoria a primeira visita, logo de tomar posesión a Sra. Porro, foi acudir á propia depuradora, facer a visita e ter unha reunión cos veciños. Aquel primeiro luns de traballo foi a primeira entrevista que tivo a Sra. Porro cos veciños afectados pola depuradora de Vigo.

A partir de aí xeráronse diversas situacións, encontros, propostas e coido que hai unha historia que seguramente haberá que repasar algúns temas. Os veciños da depuradora levaban catro ou cinco anos cunha problemática importante e o eixo fundamental da estratexia do Grupo Popular durante o mandato anterior foi tentar resolver este problema.

Para iso en primeiro lugar nos puxemos en contacto co conselleiro de Medio Ambiente naquel intre, Sr. Barreiro, e logo, despois de producirse un cambio no goberno de España, prodúcense unha serie de contactos e xuntanzas coa ministra de Medio Ambiente dona Cristina Narbona, persoa que foi receptiva a este problema pero tamén hai que dicir que nun momento determinado de toda esta situación remitiu un escrito onde se nos fixo entender que o tema da depuración da ría de Vigo non era única e exclusivamente do Concello de Vigo senón que era un problema de toda a depuración da ría de Vigo e o seu contorno.

Dito isto nós, logo de ano e medio de goberno, empezamos a ter claras unha serie de cousas da estratexia que está a seguir o Sr. Alcalde. Durante o último ano de goberno da Sra. Porro o Partido Socialista tiña moi claro un obxectivo que era boicotear toda a xestión que se facía polo goberno da Sra. Porro a través de denuncias, crispacións, mobilizacións nos Plenos, etc.

Iso tiña un contrapunto de estratexia clara política que a través do Porto de Vigo

estábbase fraguando, en conivencia co grupo municipal unha candidatura á Alcaldía de Vigo con dous argumentos claros: mentres uns criticaban, crispaban na vida municipal e dicían absolutamente que non a todo, ós presupostos, á depuradora, ós aparcadoiros, ó pazo de congresos, dende o Porto se facía unha estratexia de comunicación, de malgaste de publicidade e propaganda, de proxectos virtuais que a historia poñerá a cada quen no seu sitio e hoxe, logo de case dous anos, deses proxectos non sabemos absolutamente nada, se se levarán a cabo ou non. O que si está claro é que esa era a estratexia.

Pasan as eleccións municipais e hai un partido que queda case ás portas da maioría absoluta e a partir de aí hai que facer outro tipo de estratexia que é tentar calumniar, difamar, denunciar todo o que fixo o goberno anterior durante unha tempada e así vostedes puxeron o ventilador a funcionar con todos os temas: aparcadoiros, guindastre, ORA, depuradora, etc. Era normal, era unha estratexia para debilitar á Sra. Porro, tentar que eses 25.000 votos que conseguiu máis que o actual Alcalde quedasen diluídos nunha estratexia clara, por iso vostedes tamén empezaron a falar da situación económica do Concello.

Todos lembrarán que dicían que a situación era nefasta, estaban en banca rota, non había un can para nada, pois todos os presupostos que se aprobaron tanto o ano pasado coma este ano van con cargo ó financiamento propio do Concello. Agora si que podemos dicir e xa o demostramos no seu momento, que era unha situación boiante, o Concello que mellor situación económica tiña de toda España. Vou seguir afirmándoo e se hai alguén que diga o contrario que demostre con datos se atopa algún concello que teña unha estrutura e unha situación financeira mellor que o Concello de Vigo. A ver se o entendemos todos.

Esa estratexia montouse dese xeito e agora o tempo empeza a quitar razóns. Enganar é posible algunha vez pero enganar moitas veces é moi complicado porque ó final a verdade sae a relucir e iso pasou coa depuradora.

O que pasou coa depuradora foi que mentres a Sra. Narbona non tiña directrices dun candidato ou do presidente da Xunta ou do goberno da Xunta actuou de boa fe e consignou unha partida de 1.200.000 euros para facer un estudo da depuradora de Vigo. Tan pronto como chegou atendeu a alcaldesa a través de comunicacións e por teléfono, mesmo tiveron unha xuntanza no Club Financeiro que aproveitou a Alcaldesa para presentar todo o tema da depuración de Vigo e nalgunha carta

contestou moi claramente que unha das prioridades do saneamento de Vigo, para este Concello e para Galicia, era a construción dunha depuradora.

Isto evidentemente apoiado polo Goberno da Xunta de Galicia que naquel intre era conselleiro o Sr. Barreiro e mesmo se lle remite un escrito para que se declare de interese xeral a depuradora de Vigo como procedía e era normal debido á situación na que nos atopábamos.

Transcorre o tempo, hai un cambio de goberno na Xunta de Galicia e atopámonos cun conselleiro que en conivencia coa conselleira de Política Territorial atopan o argumento perfecto para paralizar todo o investimento da depuradora: dicir que o Plan Xeral non se podía aprobar se non se tiña depuradora.

Logo de moitos meses agora demóstrase con datos, con planos e con certificacións que o que incluía o Plan Xeral no ano 2007, na aprobación provisional feita polo goberno da Sra. Porro, coincide totalmente cos planos que aprobou o goberno do Partido Socialista, non se modificou absolutamente nin un só plano.

Durante todo este tempo o Sr. Vázquez, conselleiro do Medio Ambiente, utilizou un argumento para paralizar o Plan Xeral pero tamén para paralizar a propia depuradora: que había que aplicar a Lei 9/2006, unha Lei de excepcionalidade que non existía en ningures pero el publicou a través dos medios de comunicación que o Concello de Vigo tiña que pedir a excepcionalidade para aplicar esa Lei e tivo o Plan Xeral paralizado durante un mes, incluso se suspendeu a tramitación do informe de medio ambiente. Unha estratexia moi ben montada politicamente para asfixiar a un goberno do Partido Popular. O triste é que tamén asfixiaron á cidade de Vigo e a todos os vigueses e viguesas.

Neste intervalo de decisións tomadas polo Sr. Vázquez, este nos premeu para que deramos unha localización, dicía que o Plan Xeral non contemplaba a depuradora e obrigábanos a dar localizacións da posible depuradora.

A Xunta de Galicia deu a posibilidade da localización no recheo de Bouzas, en Teis ou na propia EDAR do Lagares porque tamén estaba contemplada no Plan Xeral. Había tres opcións que daquela contemplaba a Xunta de Galicia, pero como non lle valían ningunha delas, lembráranse vostedes que nos obrigou a dar unha concreta. En consecuencia o goberno da Sra. Porro encargou un estudo totalmente independente e á empresa adxudicataria deste traballo se lle dixo que buscara o mellor lugar para situar a depuradora da ría de Vigo. Estamos convencidos e o

tempo demostrará que a decisión que se tomou de levar a depuradora fóra da ría de Vigo, fóra do contorno da ría e dos seus concellos, era idónea: Cabo Silleiro onde se está a construír agora unha depuradora para Baiona. Isto era tecnicamente posible, era un lugar perfecto, sacábase o saneamento da ría e metíase un colector fóra da ría e era unha solución. O tempo demostrará que foi unha oportunidade perdida importante.

Pero nese afán de abafar se dixo que non e se volveu retomar a localización do Lagares e iso logo dunha intervención dos veciños e veciñas da zona neste Pleno, xa que todos os grupos políticos aceptamos que tivesen voz neste Concello.

Agora teñen que saber todos os veciños e veciñas por que se chegou á actual decisión. Foi porque o Sr. Vázquez se comprometeu coa daquela alcaldesa a que a depuradora sería totalmente soterrada. Iso non o dicimos nós, dio o Sr. Vázquez nos medios de comunicación: "Porro acorda con Vázquez converter a planta do Lagares nunha grande depuradora soterrada". Nós non estamos mentindo, só imos ás hemerotecas e aí está perfectamente claro o por que desa decisión, por que esa decisión aprobouse neste Pleno por todos os grupos políticos. Se queren tamén lles saco as actas do Pleno.

Aquí está o por que da decisión de localizar a depuradora no Lagares. Leo novamente o que dicían os medios porque este é un tema moi importante porque estamos xogando co futuro da nosa cidade: "Porro acorda con Vázquez converter a planta do Lagares nunha grande depuradora soterrada. Non gaña nin perde ningúen, gaña Vigo e a ría -di o conselleiro-".

O antedito é o motivo da nosa moción, para que se inste á Xunta de Galicia e ó goberno central para que a depuradora sexa soterrada como así se comprometeu daquela o Sr. Vázquez. Por iso a Sra. Porro deu hai uns días unha conferencia de prensa dicindo que a Xunta nos enganou cando dixo que a depuradora se construíría baixo terra. Esta é a argumentación principal de todo isto.

Nós estamos moi preocupados porque se a depuradora non é soterrada, primeiro incúmprese un compromiso importante, segundo se vai cometer un erro moito máis grave do que agora xa temos na depuradora porque sabemos perfectamente e así o demostrarán tamén as hemerotecas, que os actuais terreos da depuradora non chegan, non son suficientes para a instalación que queren facer. Isto tampouco o dicimos nós porque parecería que estamos mentindo. O 5 de xuño de 2008 sae nos

xornais: "A nova macro depuradora de Vigo non cabe no terreo previsto polo Plan Xeral". "Medio Ambiente dá por feito que a nova depuradora ocupará máis terreos". "Os terreos da depuradora son insuficientes. A nova depuradora de Vigo non cabe na parcela que reservou o Concello".

O que pasa é que como a Sra. Porro denunciou isto, inmediatamente, na última presentación, cambiaron a proposta do anteproxecto. Temos coñecemento a día de hoxe por técnicos cualificados que traballaron nese proxecto que se lles mandou cambiar a proposta do estudo do anteproxecto. Dicimos isto con total contundencia para que todo o mundo o saiba, déronse directrices políticas para axustar o anteproxecto á proposta dos terreos. Isto demostráremolo co tempo.

A segunda cuestión que tamén está clara é que como a Sra. Porro fixo unhas declaracións que nós compartimos totalmente porque quixo demostrar que a depuradora ía ter plantas e que ía ser outro "Toralla", porque é certo, non é que teña a mesma altura, todos os cidadáns entenden perfectamente o que se quixo dicir, quíxose visualizar que podería ser outro "Toralla". Sabemos perfectamente que esa depuradora non vai ser soterrada e que vai ter un volume importante de case 70.000 m² construídos e evidentemente vai ser unha "mole" importante que vai superar as alturas que ten o centro comercial "A Laxe". Pero isto tampouco o dicimos nós, dino as hemerotecas: "A depuradora terá a altura do centro comercial de "A Laxe" pero cunha planta moito maior". Esta é a cuestión fundamental.

Pero ademais é que se está enganando en canto os prazos. Os xornais reflectían o día 1 de febreiro de 2006 unhas declaracións da ministra dona Cristina Narbona, non en Vigo senón en Santiago de Compostela, do seguinte xeito: "Narbona anuncia o inicio dos traballos para que a depuradora funcione en tres anos". Se fixéramos caso a depuradora estaría rematada como moito no verán do 2009. Pero ó mellor como a Sra. Narbona estaba en Madrid non se decataba moito do que se dicía en Vigo porque o presidente da Xunta dicía o 9 de marzo de 2007, en campaña electoral como non podía ser doutro xeito, anunciaba nos xornais para finais de ano a licitación da depuradora. Xa está claro que estaba mentindo porque de faceren estudo de impacto ambiental, consultas e todo o demais era totalmente imposible.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, por ordenar os tempos. Nós decidimos que se

intervén durante 10 minutos e vostede leva xa 20 minutos. Quedamos en que os tempos das intervencións serían de 10 minutos na primeira, 5 na segunda e 3 na terceira.

Sr. Figueroa, dígolle que continúe a súa intervención, non lle estou dicindo que remate pero leva 20 minutos.

SR. FIGUEROA VILA: Eu entendía que a primeira intervención era de 20 minutos. Vou tentar rematar pero xa lle anuncio que en calquera caso, como este tema é de moito calado daremos unha conferencia de prensa e non haberá ningún problema.

Vostedes hai uns días presentaron un anteproxecto da depuradora e sorprendeunos o despregue que fixeron vostedes. Claro que estamos en campaña, pero como cidadán de a pé e con todos os respectos dígolle: que este Concello tivera para ese acto vinte e un coches oficiais na porta di moi pouco do acto. Para min é intolerable que os medios de comunicación teñan que reflectir que para 60 persoas que había no acto había vinte e un coches oficiais na porta.

Fixeron vostedes todo un despregue institucional que penso que é intolerable para unha presentación; se fora para a inauguración aínda poderíamos entender que en troques de vinte coches houbera corenta, pero era a presentación dun anteproxecto, que ademais o tempo nos dirá que non é o definitivo. Imos gardar moi ben ese anteproxecto porque, aínda que sei das consecuencias que pode ter porque isto vai quedar gravado, ese non vai ser o proxecto final da depuradora.

Vostedes dinnos que en tres anos van ter rematada a depuradora; nós sabemos un pouco do procedemento, sabemos que se necesita o estudo do impacto ambiental e que hai varias consultas que facer. Eu preparei o sábado este expediente e cando o domingo lin un medio de comunicación pensei que era o mesmo que eu pensara o día anterior. Dicía: "Prazos de Guinness para a depuradora. O Ministerio e a Consellería de Medio Ambiente terán que tramitar en tempo récord a maior infraestrutura hidráulica de Galicia para a iniciar en 2009 e a rematar en 2011".

O estudo de impacto segundo os expertos require de 6 a 8 meses, xa sabemos que isto vai ser mentira, vai ser outro proxecto virtual, outra fantasía e outro incumprimento de prazos.

Con todo isto nós pedimos un compromiso firme desta Corporación de que se lle vai esixir á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Medio Ambiente que a depuradora

sexa totalmente soterrada e que se nos dea un certificado por parte dos redactores do anteproxecto de que os terreos son suficientes. Que nolo dean, que llo pasen ó Pleno desta Corporación, a ver se alguén é quen de asinar ese documento no que se diga que os terreos para a depuradora actual, dende o proxecto que vostedes presentaron hai quince días, son suficientes porque se non a nosa pregunta é: Quen pasou esta información anterior ós medios de comunicación? Nós non porque non a tiñamos e ademais está moi claro que hai tres versións dos mesmos números.

Aquí recóllese perfectamente que se está enganando, se lles está mentindo ós cidadáns e cun proxecto virtual de norias no Porto ata poderíamos pasar, pero nun tema como o da depuradora non imos permitir baixo ningún concepto enganar ós veciños e ás veciñas.

Tamén sería bo que o alcalde polo menos tivera a delicadeza de recibir a ese colectivo igual que fixemos os demais grupos políticos no anterior mandato. Cando viñeron a un Pleno, con razón ou sen ela, con argumentacións ou sen elas, pero non se pode menosprezar ás persoas, a un colectivo que está sufrindo as consecuencias dunha situación dunha depuradora. Iso é o primeiro que ten que facer un responsable político estea ou non de acordo, convencido ou non, como fixemos outros que aguantamos moitas veces o ballón.

Nós apoiaremos ó alcalde para que neste Pleno non pase nada, para que a xente poida participar no Pleno e non se produza ningunha algarada, pero o que non imos permitir baixo ningún concepto é que o esencial da democracia, o básico da pluralidade desta cidade, do consenso e do diálogo rache. A un colectivo coma ese haino que recibir e aguantar as súas palabras ou o que nos digan en privado nun despacho. Estamos de acordo en que hai que respectar os Plenos e imos apoiar ó alcalde nesa tarefa. Os veciños e veciñas teñen que entrar neste salón sabendo a que se van ater de non cumpriren a normativa do Pleno. Pero o que non se pode facer é provocalos non os recibindo e mesmo, cando se pecharon na Alcaldía, nin deixándolles traer uns bocadillos.

Esa non é cidade que queremos, non é a cidade que entre todos construímos de pluralidade, de consenso, de diálogo; unha cidade que é quen de aceptar dende ós empresarios ata ós traballadores, ás persoas podentes e ás menos podentes, coido que esta cidade constrúese á base da pluralidade. Baixo ningún concepto se pode

permitir desprezar e non recibir a un colectivo cando non está na liña do que marca o alcalde ou o goberno.

Todo isto vai moito cara ó Bloque, máis que para o Partido Socialista, dígoo con absoluto malestar persoal porque sei o que vostedes pensaban e facían cando estaban na oposición tentando que todos os colectivos tiveran voz e mesmo capacidade de pronunciamento. Agora, como cidadán, a actitude do Bloque non poden maxinar canto me defrauda e dígoo de corazón e en público porque xa llo dixen a vostedes en privado. Coido que o Bloque non pode estar á marxe destas situacións porque hai colectivos que hai que recibir e atender, están pasando por situacións complicadas que ó mellor non llas podemos resolver e non pasa nada, pero hai que estar con eles coa cabeza ben alta e polo menos ter a cortesía de dedicarlles uns minutos.

Non creo que sexa tan nefasto explicarlles para que non teñan que estar eles pedíndolle á prensa que lles dea os anteproxectos. Coido que é o mínimo que se lles pode ofrecer a unhas persoas que van vivir unha situación complicada, non sei se de alleamentos ou do que sexa, polo menos atendelos e explicarlles. Deberían ser os primeiros en coñecer o tema. Agora non son nin os primeiros, nin os últimos, nin se lles atende. Iso é grave para a democracia desta cidade.

Con todo isto nós queremos deixar clara a nosa postura, imos esixir e imos estar moi vixilantes para que a depuradora de Vigo se constrúa totalmente soterrada.

Van ter o apoio do noso grupo para todas as decisións, mesmo as que non sexan as máis oportunas popularmente, para que esta planta se faga pero cando se cumpran os compromisos da Xunta de Galicia e do Ministerio de Medio Ambiente. Ademais pedimos que non se engane ós veciños e veciñas, que non se lles minta, que se diga a verdade de cal é o anteproxecto e a postura que vai adoitar este goberno. Anúnciolles que aí terán á oposición ó seu carón. Sempre que fagan as cousas correctamente e con coherencia o Partido Popular vai estar, aínda que non sexa unha medida moi popular, ó carón do goberno para resolver un problema que nos afecta a todos.

A PRESIDENCIA: Polo goberno ten a palabra o Sr. Mariño. Sr. Mariño, tendo en conta que o Sr. Figueroa utilizou trinta minutos na súa intervención en troques dos dez acostumados, pode vostede facer utilización flexible do tempo.

SR. MARIÑO MENDOZA: Tentarei cinguirme ó tempo porque o Sr. Figueroa falounos de moitas máis cousas que da moción que estamos a tratar.

Creo que o que realmente lamentan os cidadáns é que o goberno do Partido Popular non fose quen de pechar eses grandes proxectos ós que se referiu o Sr. Figueroa: a depuradora e o Plan Xeral. No tempo que levamos nós si fomos quen de pechar estes proxectos e coido que iso é o realmente importante e o que buscan os veciños desta cidade.

Tamén teño recortes de prensa do 20 de decembro de 2006: “A alcaldesa, Corina Porro, detalloulle a proposta ó conselleiro de Medio Ambiente, don Manuel Vázquez. A rexedora xustificou a elección alegando que permite dar a solución máis rápida ó tema da contaminación”. A localización da depuradora escollérona vostedes. “Porro anunciou que irá totalmente soterrada. Vázquez, máis cauto, sinalou que haberá que ver se é posible. O conselleiro si asegurou que haberá unha coas últimas tecnoloxías: “Onde chegue calquera cidade de España aí vai chegar Vigo”.

Dende logo eu non coñezo ningunha depuradora destas características que sexa totalmente soterrada, pero estou agardando ós seus exemplos. O que está claro é que o obxectivo do conselleiro está cumprido e 234 millóns de euros, que posibilitan a construción dunha depuradora coas últimas tecnoloxías, é o que o garanten. “O concelleiro de Medio Ambiente, José Manuel Figueroa, explicou que lonxe de traizoar o acordo cos veciños a nova proposta garante o remate dos problemas de malos cheiros xa que as instalacións contarán coa última tecnoloxía”. Esta depuradora conta coa última tecnoloxía, Sr. Figueroa.

O que me parece unha perda de tempo é que vostede pasara a fin de semana preparando esta moción; coido que perdeu o tempo o que non mirou o anteprojecto porque dende logo lle podo garantir, porque asistín a todas as comisións técnicas, que o anteprojecto que se presentou é o da depuradora que se vai executar.

Tamén lle podo garantir que nesa presentación se di claramente cal é a situación da depuradora, os terreos que se van ocupar coa nova depuradora, as zonas que se liberan e iso queda moi claro no anteprojecto que se presentou o outro día. Non sei que anteprojecto mirou vostede pero se asistira á presentación segura que tería estes datos.

En canto ás alturas eu pódolle garantir que a nova planta non vai ter en ningún dos seus volumes máis altura que a actual planta e dende logo menos altura que as naves que se atopan xusto á outra beira da estrada. Nós queremos unha depuradora que solvete os problemas tan graves de saneamento desta cidade e que nos dea as mellores prestacións e condicións.

Ese é o anteprojecto que se presentou o outro día e pódolle garantir, senón o tempo dirao, que a vostede alguén lle pasou mal os datos e a información porque o anteprojecto que se presentou non se modificou en ningún momento e pódollo garantir. Non sei que técnicos lle pasaron eses datos pero eu lle podo garantir que o que di non é certo.

As imaxes que se presentaron o outro día están aí, é unha cuestión das gardar e o tempo dirá quen ten a razón.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Por unha alusión directa. Sr. Figueroa, pode repetir as veces que queira que a actitude do Bloque defraudado, etc. Nós non estamos en política para satisfacelo ou defraudalo a vostede, estamos para satisfacer a toda a cidadanía e repito unha vez máis que o BNG non ten que escoitar leccións de participación democrática de ninguén e moito menos do Partido Popular.

O Bloque Nacionalista Galego, esta persoa que lles fala, así como todos os concelleiros e concelleiras, recibimos a todo o mundo, sexa crítico ou non co noso labor. Non hai ningunha persoa nesta cidade, ningún colectivo que poida dicir que calquera concelleiro ou concelleira do BNG se negou a recibilo. Polo tanto nese tema no temos absolutamente nada máis que falar.

O BNG nos vemos cansando de repetir, aínda que repetiremos sempre, que nos temas importantes desta cidade deberíamos deixar a un lado as prácticas electoralistas e poñernos a traballar.

Hai unha pregunta que todos se fan en Vigo: A situación actual da depuradora, a situación actual do saneamento do tesouro máis prezado que temos que é a nosa ría, está ben como está? A contestación é unánime en toda a cidadanía: non podemos seguir máis tempo como estamos, a nosa ría non se o pode permitir.

Polo tanto este é un tema de cidade, tema absolutamente importante para que lonxe de poñer os consabidos atrancos que sempre queremos poñer dependendo de onde esteamos, eliminemos eses atrancos e poñámonos a traballar.

O que quere o BNG co tema da depuradora e así o imos esixir son as maiores garantías técnicas para que a nova depuradora funcione e sanee a ría definitivamente. Isto é unha cuestión técnica, non é política. As cuestións políticas son vir aquí lembrar hemerotecas, falar do que fixeron uns e outros. Se sacamos hemerotecas dun e doutro lado chegamos sempre á conclusión de que nos temas de cidade algunha forza política segue actuando sempre única e exclusivamente por intereses electoralistas.

Dicía vostede que hai que lembrar as reunións cos veciños e veciñas. Por suposto. Hai outra cousa que o BNG ven repetindo e que vai esixir sempre: Se a construción da depuradora supón un gasto social e de atender ás demandas xustas e reivindicativas dos veciños, o BNG sempre estará aí. A depuradora haia que facer, a súa situación non ten marcha atrás e vostedes estiveron de acordo, non se pode vir agora dubidando.

O outro día a súa voceira seguía insistindo en Cabo Silleiro. Vostede acábao de lembrar, pero cando quixeron vostedes saír na foto co conselleiro de Medio Ambiente apostaron por esta situación actual. Polo tanto, a que ven agora volver incidir no de Cabo Silleiro?

A min estes espectáculos lémbbranme tristemente a algúns outros acontecementos que tivemos nesta cidade, tamén pola implantación dunha infraestrutura necesaria. Lembro que daquela o Partido Popular falaba do futuro desa infraestrutura, dicía que non iamos poder estar no parque da Guía, etc. Cando se goberna, Sr. Figueroa, hai que ter responsabilidade para gobernar mesmo tomando medidas do máis impopulares se son beneficiosas para esta cidade. O importante é que entre todos esixamos, non que vaia ou non soterrada a depuradora e acáballe de ler o meu compañeiro, Sr. Mariño, unha hemeroteca onde nunca dende a Xunta de Galicia se asegurou tal cousa. Pregúntelle vostede ós técnicos da casa que eu si lles preguntei porque, é máis, nin sequera nas primeiras e principais propostas vostedes nunca contemplaron o soterramento da depuradora. Agora din que si e repito que o fan sinxelamente por poñer un atranco.

O que temos que esixir os tres grupos desta Corporación, e así o fará o BNG, son todas e cada unha das maiores garantías para que a nova depuradora funcione. Eu que si estudei e lin informes digo que hai informes técnicos de moita solvencia que mesmo din que soterrar unha planta depuradora destas características totalmente

ten moitos problemas e dificultades e voulle dicir algún.

Primeiro, é moi importante que a depuradora permita acceder a nivel a onde se atopa o famoso dixestor aneróbico que é onde se concentran os restos que ó cabo dos anos convértense en formigón e chegan a crear problemas importantes para a depuradora, problemas como os que se están creando agora mesmo. Pois os técnicos solventes na materia inciden en que é necesario que a ese depósito se poida acceder dende nivel porque o único xeito de quitar eses residuos é metendo unha pala escavadora para os quitar. Pero tamén os informes solventes de técnicos indican que soterrar enteiramente a depuradora ten un problema de sustentabilidade económico e medio ambiental porque encarece moito o consumo de enerxía e duplica e case triplica o consumo de enerxía necesario.

Polo tanto pode haber moitas razóns técnicas a favor ou en contra, pero do que nos temos que asegurar entre todos e todas é de esixirlle á Consellería de Medio Ambiente e ó Ministerio de Medio Ambiente as maiores garantías técnicas para que esta depuradora funcione.

En canto as hemerotecas, todos nesta cidade lembrámonos de cando certo conselleiro do Partido Popular, e dígoos con todos os respectos porque por desgracia xa non está con nós, viu esta cidade a inaugurar a depuradora e textualmente dixo: “Con esta construción o problema do saneamento da ría de Vigo está absolutamente solventando”. Dixo que o problema da depuración na ría de Vigo estaba absolutamente solventado.

Polo tanto dende o Bloque Nacionalista Galego o que pedimos é que neste tema nos sentáramos todos, consensuáramos todos pero non con opinións ou estratexias preconcebidas, senón que nos sentemos todos para asegurar as mellores condicións para que a nosa ría teña a depuración que precisa e que é urxente. En segundo lugar tamén para asegurar que aqueles veciños e veciñas que hoxe están sufrindo os problemas dunha depuradora que non puxo este goberno a funcionar, non son problemas dunha depuradora que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego puxéramos a funcionar, que foi un goberno do PP que eses problemas se solucionen e se hai que allear terreos ou algunha casa, teñamos todos tamén o convencemento de traballar para que estes veciños e veciñas sexan xustamente recompensados.

Coido que estas son as dúas condicións que debemos poñer todos enriba da mesa

e o BNG así o fará. O BNG non vai aprobar, xa o anuncio aquí, ningún proxecto onde o BNG non teña as maiores garantías de que esa depuradora vaia funcionar correctamente e tampouco defenderemos ningún proxecto que non leve consigo as xustas reivindicacións dos propios veciños e veciñas atendendo ó que poidan sufrir de alleamentos e demais.

Coido que este ten que ser sempre o camiño que nos debe levar a aqueles temas que son fundamentais para a nosa cidade, non dicir unha cousa cando estamos nun lado e outra distinta cando estamos noutro.

O BNG demostrou a súa coherencia nestes temas apoiando os grandes temas da cidade tanto cando eramos oposición e gobernaba o PP, como agora que formamos parte dun goberno.

SR. FIGUEROA VILA: Coido que non entenderon absolutamente nada.

Sr. Domínguez, do que se trata aquí é de que se lle está enganando e mentindo unha vez máis á poboación. Seguro que con proxectos que non lles afectan directamente ás persoas ata podería ser entendible que cada grupo político faga a súa estratexia. Que o Sr. Alcalde queira facer proxectos virtuais ou fantasías é a súa decisión política, xa os veciños o xulgarán, como se quere ir cara ós medios de comunicación a facer publicidade do que non fai. Aquí é todo maxestoso, fantasioso, xa está todo feito, xa empezou todo, todo está a piques de remataren e para ver iso non fai falla vir este Pleno, só hai que coller algún medio de comunicación ou escoitar algunha conferencia de prensa. Repito que é así, non nos estamos inventando nada e se agora imos xunto ós veciños xa nos din que o proxecto está rematado. Iso é o que está acontecendo. Nós o que dicimos é que todos os proxectos como o do Porto, todas esas norias, son decisións políticas dunha persoa ou dun grupo político que terá que responder cando chegue o momento, pero aquí estamos falando dun tema fundamental que xera problemática e dificultades, sobre o que é difícil tomar decisións e que se tomaron en base a uns compromisos.

Cando nós tomamos a decisión foi en base a un compromiso e aínda que vostede non estaba daquela si lle digo que se chamou a todos os voceiros para o explicar. Deuse unha resposta en base a unha proposta do Conselleiro de Medio Ambiente. Voulle dicir por que nós tomamos a decisión da localización en Cabo Silleiro que

non foi nin un invento noso nin dos técnicos.

Hai unha carta da daquela ministra, Sra. Narbona, que di: “Dada a ineficacia das medidas adoptadas ata este momento e a importancia dos vertidos xerados pola área metropolitana de Vigo e o seu contorno turístico, municipios do sur de Vigo ata Baiona, resulta pertinente buscar unha solución axeitada ó problema actualmente existente. Neste sentido te propoño que os servizos técnicos da Confederación Hidrográfica do Norte estuden o problema e colaboren na definición da solución”.

A ministra, Sra. Narbona, dicía que había que contemplar as medidas dentro da área metropolitana e con moi boa redacción porque os técnicos da Confederación Hidrográfica así lle asesoraron. Nós tivemos varias xuntanzas cos técnicos da Confederación Hidrográfica e cando xurdiu a proposta de Cabo Silleiro dicían que era a proposta tecnicamente máis correcta, só poñían o problema da viabilidade económica; este era o único atranco que poñían.

Por iso nós nos seguimos reafirmando e dicindo que Cabo Silleiro era a mellor proposta para o saneamento e depuración da ría de Vigo, sen ningunha dúbida porque ademais non só se resolvería o problema de Vigo, senón o de toda a depuración da ría. Foron os técnicos da Confederación Hidrográfica os que nos asesoraron, tiveron varias xuntanzas cos técnicos municipais e os que levaron a esta solución ós técnicos da Consultoría que fixo o proxecto.

Isto está todo cheo de enganos e por iso queremos que se diga a verdade dunha vez, para que cando chegue o momento de tomar a decisión non nos atopemos con situacións que ninguén de nós queremos.

Non se pode construír un goberno con base na mentira porque é o peor que pode pasar. Este goberno estase construíndo en base ó engano e á permanente mentira, con propostas que sabemos que non son realizables. Iso non o dicimos nós. Sr. Domínguez, nós só imos ás hemerotecas e así lle podo ler novamente que “Narbona anuncia o inicio dos traballos para que a depuradora funcione en tres anos”. Iso dicíao no ano 2006. “Medio Ambiente confirma a Porro que financiará as obras para a segunda depuradora”. Dicíase máis: “Os paseos marítimos licítanse en 2006”. Isto dicíao o secretario de Estado, don Antonio Serrano, do departamento de Territorios e Biodiversidade do Ministerio de Medio Ambiente. Dicía así o xornal: “Antonio Serrano, secretario xeral do Ministerio de Medio Ambiente, confirma tamén na reunión de onte coa alcaldesa que as obras para os paseos marítimos no

litoral do municipio licitaranse ó longo do vindeiro ano. Trátase dos paseos de A Guía, Alcabre e da Xunqueira do Lagares”. Aquí está outro engano máis.

Agora veñen vostedes dicindo que eses paseos xa se están xestionando. Pero se o martes 13 de decembro do ano 2005 o secretario de Estado estaba dicindo que se sacarían a licitación os tres paseos, quen boicoteou estes paseos? Porque un secretario de Estado non é un calquera, é unha persoa de prestixio e tiña cedidos os terreos, tiña os acordos plenarios e os de Xunta de Goberno.

Logo nas hemerotecas se di: “A depuradora terá a altura do centro comercial da Laxe. Goberno, Xunta e Concello presentan a nova depuradora sen concretar o financiamento final”. “Porro acorda con Vázquez converter a planta do Lagares nunha grande depuradora soterrada”. “Non gaña nin perde ninguén, gaña Vigo e a ría”, di o conselleiro. En marzo, en campaña electoral de 2007 dise: “Touriño anuncia a licitación da depuradora”. “A nova macro depuradora de Vigo non cabe na parcela que reservou o Concello”. “Medio Ambiente dá por feito que a nova depuradora ocupará máis terreos”. “A nova macro depuradora de Vigo non cabe no terreo previsto polo Plan Xeral”. “Prazo de Guinness para a depuradora”.

Con todas estas novas, que van pensar os veciños e veciñas? Queren que esteamos mudos ou calados? Sr. Olveira, nós como oposición non podemos estar nin mudos nin calados, témoslle que esixir ó goberno que nos dea unha resposta contundente, que nos diga con claridade se isto é mentira ou é verdade porque toda esta información está na mente dos cidadáns. Isto non nolo estamos inventando nós porque mesmo nin estamos a facer o noso discurso, estamos collendo os recortes e lendo o que anuncian vostedes, o que di o Goberno, a Xunta, o conselleiro, o Sr. Touriño. É que o Sr. Touriño está presentando agora a depuradora porque ten unhas eleccións e o que anunciaba dende marzo do 2007 o quere facer agora? Por iso fixeron vostedes un acto institucional multitudinario con vinte e un coches oficiais?

Todo iso está nos recortes de prensa, non o dicimos nós. Para facer unha presentación dun anteproxecto dunha depuradora coido que abonda con invitar ós axentes sociais, á corporación e ós medios de comunicación de Vigo. Pero claro, houbo “toque” e todos viñeron aquí. A foto é lamentable. Todo isto non o recollemos nós, os medios de comunicación faloron de despregue institucional.

Esa é a situación e é polo que nós non cremos isto. Pensamos que con todos estes

antecedentes se está enganando á opinión pública.

O que lle pedimos ó goberno e ó alcalde desta cidade é que diga a verdade, que non minta nin engane ós veciños e veciñas de Vigo, sobre todo que non engane á Corporación.

Nós non acudimos ó acto de presentación porque sabiamos que o que se estaba presentando era un acto electoralista partidista.

Para rematar e para que quede perfectamente claro repítolles que a oposición está disposta a axudar e a colaborar co goberno, pero non queremos un goberno que minta e engane, queremos un goberno que nos diga a verdade, que se hai que dicir que se diga que hai que allear, que se non vai ir soterrada que se diga e que o que se diga sexa con absoluta transparencia, sen escurantismo nin baixo un motivo electoral partidista que non conduce a nada.

Iso é o que queremos. Van ter toda a colaboración da oposición pero o que non queremos é que non se diga a verdade. O goberno ten que dicir a verdade e o alcalde ten que pensar que este non é un proxecto de fantasía nin virtual, este é un proxecto co que todos nos estamos xogando moito. Aquí non se pode xogar coa virtualidade, hai que seren sensatos, serios, coherentes e responsables, pero con este tema non se está sendo.

Nós ímonos poñer ó carón do goberno pero, repito novamente, sempre que non nos mintan.

SR. MARIÑO MENDOZA: Dicir primeiro que estamos encantados de que nos visiten os ministros, sobre todo se veñen traer 234 millóns de euros para nos facer unha depuradora. Ogallá viñeran moito máis por aquí e seguiran facendo investimentos para a cidade. Non sei cal é a súa política pero nós estamos encantados de que nos visiten os ministros e os conselleiros e de que nos traian investimentos para a cidade.

Lamento que non me falara desas depuradoras soterradas porque todas as que eu coñezo non teñen a planta no seu conxunto soterrada, son depuradoras, como a de Marsella ou Xenebra, que teñen o tratamento de lodos afastado e están comunicadas.

Cando antes leu a hemeroteca non leu toda a declaración do conselleiro porque era: "Vázquez máis cauto sinalou que haberá que ver se é posible: Existen

precedentes como a de Barcelona". Si, a de Barcelona é unha grande depuradora pero se a observamos (teño aquí unha imaxe) vemos que non está totalmente soterrada, de feito ten edificios moito máis altos que a nosa depuradora. Unha cousa é que teña unha praza enriba de parte da depuradora e outra é que a depuradora sexa soterrada.

Está claro que os condicionantes do terreo poden facilitar que haxa partes transitables nas cubertas, pero todos coñecemos os terreos da actual depuradora e dende logo o anteproxecto que se presentou o outro día é claramente o que se vai executar, están soterradas todas aquelas partes que se pode, que non xeran problemas para o tratamento dos lodos porque, como ben dicía antes o meu compañeiro, o que se pretende con esta depuradora e polo que deberíamos loitar todos é porque rematen os problemas que os cidadáns desta cidade no seu conxunto a nivel de saneamento, veñen sufrindo nos últimos anos e máis especificamente os cidadáns que viven ó carón da depuradora cos continuos cheiros que a actual depuradora ten.

Estamos encantados co anteproxecto. Repito que ese anteproxecto foi o que evolucionou dende un principio, non houbo ningún cambio e o que se presentou o outro día é moi claro xa que di exactamente onde vai estar localizada a depuradora e os terreos que se liberan para recuperar a xunqueira do Lagares.

Nós si coidamos que é un grande proxecto. Se vostede non ten copia do anteproxecto eu llo facilitarei pero míreo ben porque aí está moi claro como vai ser a depuradora desta cidade.

SR. FIGUEROA VILA: Vostede sabe perfectamente que hai depuradoras soterradas, non fala da de Mónaco; é certo que a de Barcelona está metade/metade...

SR. MARIÑO MENDOZA: A de Mónaco é exactamente igual que a de Xenebra, ten os lodos separados.

SR. FIGUEROA VILA: Vostede sabe igual ca min que hai depuradoras soterradas e xa lle poño este exemplo, a de Barcelona está máis ou menos na mesma liña.

O que lle digo claramente é que nós si que temos información de que este anteproxecto o cambiaron e iso amosarase. Vostedes diante da crítica da nosa

voceira tomaron a decisión de facer algo distinto. Ademais son vostedes os que a través das hemerotecas, da Consellería de Medio Ambiente, filtraron que os terreos non son suficientes. Iso vaise demostrar facilmente porque van ter que allear. Saben iso porque ademais hai técnicos que teñen xa esas directrices para comezar traballar.

O importante disto, señores do goberno, é que cunha instalación destas características non se pode estar xogando cos veciños e veciñas.

Aquí fálase agora de consenso pero foron vostedes, Bloque e Partido Socialista, os que racharon o consenso cando dende a Xunta de Galicia boicotearon esta instalación e así se está demostrando. O Sr. Vázquez dixo por activa e por pasiva que a proposta do Plan Xeral non tiña depuradora e demostrouse todo o contrario. Mesmo fíxonos pasar por ter que pedir unha lei de excepcionalidade que non existía por ningures. Pero foi moito máis grave porque mesmo en maio ou xuño do ano 2007 chegou dicir que non tomaba a decisión de aceptar a excepcionalidade porque estábamos nun proceso electoral.

Teño aquí os recortes de xornais de cando o Sr. Vázquez contestou á nosa remisión da documentación do pedimento da excepcionalidade de 2 de outubro de 2006, foi logo das eleccións, en setembro, cando vostedes gobernaban na cidade de Vigo. Durante un ano tomounos o pelo. Iso é boicotear a unha cidade, ser partidista, enganar ós veciños e veciñas e mentirlle á cidadanía. Mentiron descaradamente e agora se está demostrando.

Nós denunciámos o pasado e aí está a hemeroteca, pero agora non imos permitir baixo ningún concepto que nos sigan enganando cara ó futuro. Ese é o papel que ten que facer a oposición e que vai seguir facendo coa cabeza alta, con dignidade e, tamén lle digo, colaborando co goberno. Coido que deste xeito estamos colaborando co goberno porque estamos denunciando o escurantismo e a falla de transparencia de vostedes nalgúns proxectos. Evidentemente que a oposición está para denunciar iso. Coido que estamos no certo e que ademais o tempo nos dará ou quitará a razón como aconteceu ata agora.

Dicíamos ó Sr. Vázquez que o Plan Xeral contemplaba a localización de depuradoras en Vigo. El dicía que non. Suspenderon a tramitación do proxecto coa conivencia da conselleira de Política Territorial e agora, veñen presentarnos un proxecto do que non fixeron durante tres anos? Do que non quixeron facer e boicotearon durante

tres anos? Hai que lles dicir ós cidadáns que se Vigo non ten a depuradora edificada e en marcha é porque alguén paralizou todo o procedemento administrativo intencionadamente e digo e repito que foi intencionadamente e a mala fe. Iso é o que non podemos permitir os responsables políticos.

A esta cidade prexudicoulle claramente a decisión dalgún político de atrasar e boicotear o proxecto e agora, como se miran sen saída teñen que fuxir cara adiante por veren como escapan deste tema. Iso é o que están facendo vostedes. Se só hai un proceso administrativo medio ambiental de oito meses, como alguén pode dicir que no ano 2011 vai estar feita a depuradora? Quen cre iso? Cando cheguemos ó 2011 dirán que houbo problemas técnicos. Iso é enganar e mentir ós cidadáns e nós estamos denunciando esa mentira.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACÓRDO:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Porro Martínez, solicitando se inste á Consellería de Medio Ambiente e ó Ministerio de Fomento que a nova EDAR do Lagares sexa soterrada, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (218).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO TOMAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA ALIVIAR AS MOLESTIAS QUE SOFREN OS VECIÑOS

CON MOTIVO DAS OBRAS DO APARCADOIRO DA RÚA JENARO DE LA FUENTE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de novembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

"Na actualidade estanse a executar obras en catro aparcadoiros públicos da cidade; Policarpo Sanz, Jenaro de la Fuente, Pintor Colmeiro e Castelao, quedando pendente para unha fase posterior o comezo das mesmas nos de Areal e Rosalía de Castro.

Nun deles, en concreto no de Jenaro de la Fuente, os veciños e comerciantes da zona véñennos advertindo das molestias que está a producir a súa construción, tanto dende o punto de vista do tráfico rodado, como do peonil, xa que o reducido espazo habilitado para o tránsito das persoas, está a afectar negativamente ó comercio desa rúa, cuxas vendas minguaron de xeito alarmante, máxime nestes tempos de crise económica.

Coidamos que é necesario por tanto que se adoiten as medidas necesarias tendentes a mitigar o impacto negativo que esas obras -sen dúbida necesarias e beneficiosas para a zona- están a día de hoxe ocasionando.

Por todo isto, instamos ó Goberno Municipal a que faga as xestións necesarias cos departamentos correspondentes co gallo de paliar na medida do posible as consecuencias prexudiciais que están a sufrir os residentes e comerciantes derivadas da construción do aparcadoiro soterrado de Jenaro de la Fuente.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 17 de novembro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Presentamos esta moción por mor dunha denuncia de veciños e comerciantes da rúa Jenaro de la Fuente onde a construción dun novo aparcadoiro está dificultando as vendas e nalgúns casos imposibilitando o funcionamento dos pequenos comercios.

Dende o Partido Popular defendemos dun xeito claro a construción destes aparcadoiros que darán un pulo importante á mobilidade da cidade de Vigo con 3.000 prazas de aparcadoiro, e 700 prazas aproximadamente para residentes, o 20% nuns casos e 50% noutros; cunha reserva dun 2% para minusválidos e 1% para motos. Cremos que a adxudicación destes seis aparcadoiros: Areal, Pintor Colmeiro, Policarpo Sanz, Castelao, Jenaro de la Fuente e Rosalía de Castro, foi

unha decisión acertada que tomou o goberno do Partido Popular coa Sra. Porro. Aproveitamos esta oportunidade para lles dicir a moitos veciños e veciñas que a través dos medios de comunicación saiban o que pasa nos Plenos, que este grupo municipal se sente moi orgulloso da adxudicación que fixo no seu día destes seis aparcadoiros, adxudicación que se criticou dun xeito rabioso polo Partido Socialista porque primeiro houbo boicoteo, logo non querer participar na comisión cando nós lle dábamos voz e voto e por último cando tentaron paralizar este proceso no mes de setembro dicindo que non se axustaba á legalidade.

Isto é unha mostra máis da política do goberno actual do Partido Socialista, boicotear obras e adxudicacións importantes para esta cidade que fixo o Partido Popular, que ademais as fixo con absoluta transparencia e legalidade, pensando nos beneficios para os veciños porque aproximadamente uns 3.000 residentes van poder aparcas os seus coches e 700 deles van ter unha praza en réxime de concesión. Parécenos que esta decisión ademais vai posibilitar que as humanizacións deses contornos como o de Policarpo Sanz, García Barbón, Areal, Jenaro de la Fuente, Pintor Colmeiro e da avenida de Castelao van ser con custo cero para as arcas municipais. Esa foi unha decisión política que tomou no seu día o Partido Popular.

Repito que estes aparcadoiros adxudicáronse polo Partido Popular e cando o Sr. Caballero co Partido Socialista chegou á Alcaldía criticáronnos e agora fan "*seguidismo*". Non só iso, resulta que van ás inauguracións, á posta da primeira pedra e non invitan á oposición, cousa que é unha falla total e absoluta de estilo porque foi o goberno do Partido Popular coa Sra. Porro quen levou a cabo eses proxectos.

Ese "*seguidismo*" político desas obras, ese querer apropiarse de obras que eles mesmos criticaron, lévanos á conclusión da que falaba antes, que tentaron durante un tempo calumniar e difamar ó goberno da Sra. Porro e agora lle queran vender ós cidadáns estas obras como propias do actual goberno. Non, esas non son obras deste goberno. Esas obras deixounas adxudicadas o Partido Popular, as adxudicacións fixéronse con absoluta claridade e transparencia, pensando nos beneficios dos cidadáns e ademais cunha vantaxe: que é custo cero para as arcas municipais, cousa que noutros momentos non se fixo así.

Queremos por tanto eficacia á hora de xestionar esas obras, que escoiten os

problemas da veciñanza para poder chegar a acordos, consensuar propostas e mesmo a forma das levar a cabo. Coido que isto é importante porque, á parte da crise que estamos vivindo que xa lles afecta directamente, indirectamente están vivindo os prexuízos da construción dos aparcadoiros.

Estamos convencidos que de haberen máis comunicación, diálogo e máis consenso cos veciños, estes non estarían sufrindo as consecuencias dunha falla de xestión do goberno do Partido Socialista e neste caso do alcalde de Vigo.

Esperemos que alguén algún día recoñeza o traballo que fixo o Partido Popular para deixar estas seis obras adxudicadas, ó igual que outras dúas importantes que están en marcha como son as piscinas de Lavadores e Florida. O goberno da Sra. Porro, o goberno do Partido Popular, deixou proxectos importantes para esta cidade en marcha e adxudicados e vemos que o Partido Socialista que os criticou dun xeito feroz agora se apropia deles. Esperemos que polo menos teña a delicadeza de recoñecer o traballo ben feito polo goberno anterior.

SR. LÓPEZ FONT: É encomiable, Sr. Figueroa, a capacidade de aguante que ten vostedes consigo mesmo. Dálle o mesmo do que falemos pero ó final sempre remata co mesmo discurso. Dígolle que é encomiable porque non sei como non se aburre vostede mesmo. A min si que me traslada que aburre vostede a esa cámara á que tanto mira porque dá o mesmo que se fale dun aparcadoiro, do Celta de Vigo ou do cambio climático que o seu discurso é permanentemente o mesmo. Dende logo se esta é toda a alternativa política que teñen para cidade estamos listos.

Lémbrolle, como pasa sempre, que estamos falando dunha moción sobre o aparcadoiro de Jenaro de la Fuente, que é vostede quen a presentou e que se eu fora un veciño desa zona que tivo problemas, que os ten, que llos trasladou ó goberno desta cidade e que ó mellor nun momento determinado se sentiu contento de que vostede presentara unha moción, por tanto miraren vostede á cámara sentirase agora defraudado, porque do que menos falou foi dos problemas. Falou de que o máis importante é o recoñecemento ó que vostedes fixeron, a legalidade. Isto do insulto para vostedes é algo permanente porque mesmo fala dunha “rabiosa” oposición. A verdade é que coido que deberían dignificar este Pleno.

De entrada dígolle que creo que independentemente de onde veñan os proxectos dos aparcadoiros, posiblemente se vostedes gobernasen hoxe ó mellor non eran

quen de executar o aprobado. É moi posible, Sr. Figueroa, porque antes falaba do Porto e eu non puiden intervir máis, pero aquí se está demostrando permanentemente que cuestións que vostedes proxectaron ó final non foron capaces de executalas.

A cidade atópase nun importante volume de obras, aí están os aparcadoiros ós que vostede aludiu, e estas obras conviven con outras de humanizacións que segundo vostede, non sei como non saca os recortes das hemerotecas, a súa fonte principal de debate político, sempre me dixo nos debates que non ía haber humanizacións este ano, sempre me dixo que na Mesa de Contratación non faciamos nada, que non executabamos o Orzamento. Diso tamén teño eu recortes de prensa e está nas hemerotecas.

Pero hoxe o principal problema do Partido Popular é que a cidade está, no mellor sentido da palabra, levantada en obras, que temos un comportamento exemplar dos cidadáns, porque é verdade que tanto a nivel colectivo como individual as obras crean moitas dificultades, pero o comportamento dos cidadáns é totalmente exemplar. Ata as medidas de tráfico que houbo que adoptar para mitigar o impacto das obras están funcionando. Polo tanto é verdade que ten que sacar estes problemas, pero non é menos certo, e vostedes sábeno, que o principal problema político que ten o Partido Popular é que o que vostedes dixeron que ían facer nós o estamos a facer, que cando falamos de Orzamento dicimos que é un instrumento fundamental e nós o estamos levando a cabo. Iso é o que verdadeiramente irrita pero con este nivel de humanizacións e de obras na cidade durante catro anos, o seu discurso política irá caendo, non teña dúbida.

Mantemos unha atención permanente ás propostas que nos fan os cidadáns. Eu sei que vostede busca a oportunidade política nesta moción pero saiba, recoñecendo o goberno que se lles crean moitos problemas ós cidadáns, uns son circunstanciais e outros teñen unha duración un pouco máis longa, que estamos en permanente contacto con todos os colectivos e con todos os que aparecen na busca de solucións.

No caso concreto de Jenaro de la Fuente, se vostede está tan informado porque lle contan os comerciantes e os veciños, cousa que me parece moi ben, debe saber que o día 31 de outubro me reunín cos afectados, coa asociación de comerciantes e con todos os que quixeron vir a unha reunión que realizamos na Asociación de

Comerciantes do Calvario. Alí trasladaron ó goberno os problemas que tiñan, as propostas e sobre todo a súa maior preocupación que era o tema dos valados, que dende unha beira da rúa á outra non se vía, impedíase a visión e polo tanto non se sabía que había comercios na outra banda. Tamén falaron do tráfico, do alumeadado e da seguridade nos cruzamentos de peóns. Todo isto a data 31 de outubro.

Volvín pasar pola zona de Jenaro de la Fuente para o seguimento das medidas tomadas o pasado venres, 21 de novembro, porque a min isto si que é o que me preocupa e non o que lle preocupa a vostede do seu goberno anterior e demais.

Pode constatar que no prazo de vinte e un días se tomaron medidas que para os comerciantes e veciños da zona foron rápidas, eficaces e solucionaron nunha parte importante os problemas que tiñan. O venres presentáronse unha serie de actuacións que afectan a máis concellerías e seguimos afondando nas medidas a tomar. Pero debe entender vostede que o que nos ten que preocupar ó goberno é o tema da seguridade na obra, que non haxa ningún accidente e polo tanto que a obra se desenvolva correctamente.

Afirmo categoricamente que estivemos en contacto coa Asociación de Comerciantes, cos veciños, con algún que a título individual se dirixiu a nós, pero tamén estivemos coa Asociación de Veciños do Calvario que serviu de canle dos problemas e eu dende aquí quero aproveitar para salientar o seu papel nesta situación, cousa que demostra claramente a sintonía que hai entre este goberno e moitas das asociacións de veciños da cidade e que cando as propostas que se fan son tendentes a solucionar problemas, chámese hoxe Jenaro de la Fuente ou calquera outra zona da cidade, o goberno aténdelas.

Este é un exemplo de como en vinte días se solucionan gran parte dos problemas que tiñan aínda que seguimos avanzando no mesmo.

Imos votar a favor da súa moción porque a min o que menos me importa é a oportunidade política que vostede buscou nisto. Polo tanto, se o que lle preocupaba eran os problemas que tiñan os veciños, vistas as solucións que lles dá este goberno, maximo que por economía de tempo nin sequera precisará replicarme de novo e darase por satisfeito coas medidas que tomamos para as que os últimos destinatarios son os veciños, comerciantes e demais. Saiba que os atendemos debidamente e coido que buscamos boas solucións.

Sr. Figueroa, deixe de cansarnos co discurso de tempos pasados. Coido que xa lle

dixen en varios Plenos que fagan unha oposición construtiva pero póñanse ó carón deste goberno. Non se dá conta de que cando nos obriga a facer mencións ó pasado é precisamente porque a dinámica a crean vostedes. Coido sinceramente que esta cidade merece outra cousa distinta á que vostedes presentan. É de verdade, permítamo no terreo político, grotesco escoitalle falar a vostede e ridiculizar unha presentación na que estivo unha ministra e altos cargos nesta cidade.

Esa era, Sr. Figueroa, a súa grande carencia como goberno, que vostedes eran institucionalmente incapaces de chegar a acordos absolutamente con ninguén. É vostede quen de ridiculizar por non sei que historia de coches oficiais unha presentación. Claro que a xente ven en coches, vostede tamén vai en coche e, que importa que haxa vinte e un? Precisamente iso fala da magnitude da reunión e da oportunidade que está tendo esta cidade.

Agora eu tamén dirixíndome á cámara e digo que este é o Partido Popular ó que semella que lle molesta que veñan ministros e directores xerais. Sr. Figueroa, para o seu pesar, porque semella que lle molesta moito, ogallá veñan máis ministros, ministras e directores xerais. O que ocorre é que vostedes xa dende hai moito tempo están ás costas do que é a evolución do que é a cidade.

SR. FIGUEROA VILA: É increíble que o Sr. López Font se moleste.

Sr. López Font. Nós traemos a debate e insistimos nestas cuestións porque vostedes calumniaron e difamaron ó goberno anterior e en concreto o Sr. Alcalde. Cando chegaron aquí pasaron seis meses calumniando e difamando todo o que fixo o goberno do Partido Popular e a cuestión é que se nós lles fixeramos caso cando estaban vostedes na oposición, agora mesmo non habería nin seis aparcadoiros, nin dúas piscinas, nin teríamos o mobiliario urbano que están colocando por todo o rural, nin teríamos outras cousas que nós deixamos adxudicadas e iso porque as boicotearon, porque vostedes non eran leais con esta cidade, foron deshonestos e pouco nobres con esta cidade. Todo iso haino que denunciar.

Mesmo aquí teño unha acta dun Pleno no que o seu grupo en setembro do ano 2006 pedía a paralización de todos os concursos. Difamando, calumniando e mentindo que é o único que fan vostedes, dígoo claramente, este é o goberno da mentira. Dóelle a vostede que nós denunciemos isto? Repito de novo que o Partido

Socialista o 9 de setembro do ano 2006 tentou paralizar os concursos de seis aparcadoiros, de dúas piscinas e do mobiliario urbano que agora vostedes están dicindo que é unha xestión de seu. Mesmo fan inauguracións de primeira pedra.

Claro que temos que dicir que isto foi unha xestión do goberno da Sra. Porro e ademais con custo cero para as arcas municipais. O investimento de 72 millóns de euros dos seis aparcadoiros seguramente é o maior investimento da historia desta cidade e ademais xera emprego, con custo cero para as arcas municipais e iso foi así porque vostedes nos obrigaban a utilizar a imaxinación porque nos votaron en contra de todo, abafáronos por sistema; durante tres anos e medio só nos deixaron a posibilidade dun orzamento e para iso, de 20 millóns de euros once foron para pagar o que deixou o goberno anterior, mesmo ata este salón do que non falei porque quixen estar calado neste tema, pero xa que abriron a veda vou falar.

Este recinto no que estamos pagámolo cando estabamos nós no goberno e a día de hoxe aínda hai pendente unha factura de 4 millóns de pesetas da comida dos Premios Max,. Deberían ter vergoña de tentar botar as facturas que hai pendentes na contra do goberno anterior. Non teñen nin dignidade, nin ética política, nin nada. Logo critican os despachos que se compraron pero o Sr. Alcalde trouxo os mobles de abaixo para os utilizar el no seu despacho. Iso é vergoñoso. Teñan dignidade. Se critican uns mobles devólvanos pero que non os utilice o Sr. Alcalde.

Esa é a verdade que teñen que saber os veciños e veciñas. Estanlles dicindo ás empresas que non lles pagan, que vaian ós xulgados. O sofá branco do despacho, Sr. Alcalde, era de abaixo, tamén as alfombras que utilizou vostede e as cadeiras. Non ten vergoña política dígalles a verdade ás empresas, teña valentía e páguelle ás empresas que fixeron o servizo xa que algunhas mesmo teñen problemas para lles pagar ós seus traballadores. Sexa valente e non un covarde político.

Páguelle ás empresas como fixemos nós cando chegamos aquí. Mesmo hai unha factura dos Premios Max e non me fagan falar algún día dese tema, dalgunha exposición que fixo unha ex- concelleira que non se pagou, que se tivo que pagar dende aquí e deu lugar a unha sentenza xudicial porque se ingresaron cartos onde non se debía. Non me fagan falar diso porque foi en contas persoais. Non teñen vergoña ningunha.

Páguellle á xente, ás empresas que fixeron servizos, estean mal ou ben feito politicamente, mesmo teñen facturas de seu e non lles queren pagar e estanlles

dicindo que vaian os xulgados. Quero que isto o saiban os veciños. É lamentable. Cando nós chegamos tivemos que pagar 11 millóns de euros de débedas que nos deixaron vostedes e por exemplo agora mesmo hai un restaurante en Vigo ó que lle debemos unha factura de preto de 24.000 euros dos Premios Max que realizou o seu goberno.

Sr. López Font, esta é a política que vostedes sementaron durante seis meses mentres nós estivemos calados. Agora tócanos falar a nós. Os tempos cambian. Claro que vostede non quere falar do pasado pero, como non o imos facer se o futuro se constrúe en base ó pasado? Para que vostedes hoxe poidan estar facendo investimentos na cidade de Vigo de preto de setenta e dous millóns de euros nos aparcadoiros, máis case trinta millóns nas piscinas, os case cen millóns de euros de investimentos que se están facendo agora na cidade de Vigo viñeron por decisións que tomou o goberno do Partido Popular coa Sra. Porro, goberno boicoteado por vostedes e aquí están as actas. Eses investimentos xeran emprego, benestar e reactivación da economía na nosa cidade.

Se quere lles saco todas as humanizacións que están facendo vostedes agora e ás que votaron en contra durante os últimos dous anos: todo o contorno de Povisa, o de Casablanca e todo o que vostedes están facendo agora votárono en contra.

Esa é a historia desta cidade e terán que aguantar porque as decisións que se tomaron durante o goberno da Sra. Porro traen agora unhas consecuencias positivas para esta cidade. Repito que o maior investimento que se está facendo agora mesmo na cidade ven por obras adxudicadas pola Sra. Porro que vostedes criticaron, tentaron boicotear e atrancar para que non se fixeran. Gracias a iso están vivindo vostedes.

Gracias a eses investimentos vanse humanizar rúas como Genaro de la Fuente, García Barbón, Policarpo Sanz, Pintor Colmeiro e como a avenida de Castelao. Por primeira vez na historia desta cidade van vostedes ter a posibilidade de que os residentes teñan os aparcadoiros que vostedes con tantos gobernos de progreso nunca contemplaron.

Esperemos que nesa proposta que sacaron agora mesmo para que a xente oferte, non teñan a ocorrencia de asinar os contratos ata que a obra estea rematada. Esperemos que non lles obriguen ós veciños e veciñas a ter que desembolsar ou adquirir compromisos bancarios, avais ou pagar esas adxudicacións de prazas para

residentes. Eu espero que este goberno de progreso non queira facer un adianto para lle adiantar os cartos a non sei quen. Paréceme ben que se saquen esas prazas de residentes a concurso e que quen queira se presente, pero que ata o día no que se abra a porta do aparcadoiro ninguén teña que desembolsar absolutamente nada. Esperemos que sexa así, non vaia ser que algúns teñan que estar adiantando os cartos para financiar a outros.

Se lle molesta iso, síntoo, Sr. López Font, voulle repetir constantemente este discurso porque vostedes tentaron paralizar a cidade, boicotear un goberno, abafalo e iso a xente teno que saber aínda que evidentemente os cidadáns xa responderon.

Non se lle pode esquecer a ninguén que gracias a esas decisións agora mesmo hai cen millóns de euros en investimentos na cidade e con custo cero para as arcas municipais, tampouco que vostedes tentaron paralizar o proceso nun Pleno de setembro por non sei que cuestións.

Agora van dicindo que xa hai marquesiñas en todo o rural. Si, gracias ó goberno do Partido Popular. As piscinas da Florida, de Lavadores, os seis aparcadoiros, as humanizacións das rúas que están enriba deses aparcadoiros van estar gracias ó Partido Popular e ó goberno da Sra. Porro. Iso é así lles moleste ou non, invítenos ás inauguracións ou non, poñan ou non carpas, inviten con ou sen pinchos, danos igual porque imos ir rúa por rúa a dicir quen o fixo. Esperemos que para esta obra en Blein Budiño nos inviten porque tamén a intentaron boicotear, non querían que leváramos a subestación ó Castro e gracias a unha decisión política do facer hoxe temos menos problemas de tensión eléctrica. Tamén esas escaleiras que estaban abandonadas gracias a esa decisión política hoxe están en Blein Budiño e ademais só co custo da parte da urbanización.

Cando dende o noso grupo presentamos propostas positivas cara ó futuro, vostedes xa o están facendo. Cando criticamos é pasado. Cando nos din vostedes que deixamos o Concello en bancarrota temos que nos calar. Pois non, porque o deixamos saneado. Pero evidentemente nós non temos un programa pagado por todos os vigueses para dicir o que nos dea a gana; esperamos telo algún día, un programa pagado polos vigueses con dous xornalistas comprados e con preguntas totalmente amañadas. Cando queiran facemos nós un programa igual. Déanos a oportunidade para que a ese programa poida ir a oposición ou mesmo a parte de

gobierno que queira. Teñan esa valentía e non fagan preguntas totalmente amañadas, a primeira para dicir o que van facer, a segunda para dicir o que están facendo e a terceira para criticar á Sra. Porro. Iso está en manuais da comunicación. Nós temos a valentía para dicir iso aquí no Pleno porque esa é a verdade desta cidade. Vanos escoitar todo isto o tempo que faga falla, nós non temos presa, como se temos que deixar o Pleno e seguir pola tarde, para iso nos pagan.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sr. Figueroa. Efectivamente os acordos eran de facer unha segunda intervención de cinco minutos. O Sr. Figueroa utilizou catorce e iso significa, Sr. López Font, que vostede dispón de catorce.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Figueroa, no tempo que falta nesta lexislatura ata o ano 2011 eu vou seguir aguantando o discurso que vostede queira facer pero de verdade que non é sinónimo de que o estean facendo ben, xa o vou coñecendo e canto máis se enfada vostede é peor. Vostede cando ten razón adoita utilizar outro tipo de linguaxe, outra moderación. É a vostede a quen lle molesta todo isto.

Nós non calumniamos absolutamente a ninguén. Fixemos, como é moi posible que fixeran os antecesores, concelleiros socialistas, debate político sobre o que vostedes presentaron ou o que facemos agora. Iso non é calumniar. Calumniar, Sr. Figueroa e sábeno os cidadáns, é a táctica que tivo o seu grupo dende o primeiro Pleno de insultar. Vostedes si que insultan cando á menor oportunidade dinlle á concelleira de Facenda que é unha mentireira, dinlle ó alcalde e a todos nós determinados adxectivos. Vostedes si que caeron no insulto persoal e nós o que temos é debate político. Eu fállolle de política.

Se vostedes non foron quen de sacar uns orzamentos adiante, iso non é poñer ningún atranco, Sr. Figueroa. Eu cando me sento a negociar con alguén se non son quen de acadar un acordo, non lle podo dicir ó outro que me atranca. Os tres anos e medio que gobernaron vostedes foi a historia dun fracaso político considerable, Sr. Figueroa, que só un orzamento pola abstención do Partido Socialista foron quen de sacar cara adiante. Como sería sospeitoso que eu fixera mención a argumentacións que me favorecesen, a Sra. Méndez díxollo neste Pleno, que sinxelamente cando dous non logran un acordo parte de culpa tena quen o

propuxo. Polo tanto non veñan co discurso permanente do atranco, da incapacidade e demais.

Si quero aproveitar este momento, malia que marchara, non sei se é que non lle gusta o que lle estou dicindo ou é que hai algunha necesidade fisiolóxica, si quero facer aquí a distinción entre o que é o debate político, que é o que vostedes non aguantan e dáme a impresión con toda certeza que non aguantaron durante tres anos e medio, e o que é a difamación persoal. Dá o mesmo que o Sr. Conde Gil dea argumentacións e frases literarias, tiña xa hai tempo gañas de dicir que se dedicaron sistematicamente durante todo este tempo a insultar. Polo tanto non confundamos a calumnia, que nós xamais calumniamos, con o insulto do que vostedes fan gala permanentemente.

Sr. Figueroa, no debate político nin sequera resiste o xogo normal que sería unha intervención súa e logo outro, senón que ameaza con que “non vaia ser que os cidadáns que pediran un crédito...” Tranquilícese porque a nós non nos van pasar as cousas que lles pasaron a vostedes, polo tanto non se preocupe por ese tema.

A verdade desta cidade vese nos feitos e os feitos de seu aí quedaron. A verdade desta cidade son as humanizacións que hoxe se están facendo, os aparcadoiros que hoxe se poden facer, o auditorio, é que vai ter AVE ata Vigo, que vai ter unha estación, vai ter unha depuradora. Faime moita gracia cando vostede tira de hemeroteca e non se dá conta de que cando fai mencións á Sra. Porro falando nos xornais non hai ningunha concreción. A Sra. Porro e o seu goberno por extensión non foron quen de acadar ningún acordo para esta cidade, ata cuestións como o auditorio que semellaba que quedaban adxudicadas, ó mes de estar nós aquí o que vostedes adxudicaran por unha cantidade, aqueles ós que adxudicaron dixeron que valía o dobre.

Sr. Figueroa, a realidade desta cidade, sen ameazas, tranquilamente é o que están mirando os cidadáns, Agora o colmo é que calquera que lle escoite a vostede e sexa de Cuenca, semella que as obras de humanizacións que se están a facer fainas vostede. A diferenza entre o seu goberno e o noso é que vostedes non facían e este goberno si fai.

Sr. Figueroa, por ese ton ameazante sobre a situación económica do Concello e demais, eu coidaba que xa se dera vostede por rendido. Mire que o explicou con moita claridade a concelleira de Economía e Facenda, explicámolo con claridade

todos os concelleiros deste goberno que chegamos un 16 de xuño a gobernar co 95% do orzamento gastado. Eu pensaba que malia que sexa encomiable a súa paciencia, nisto xa se rendera pero outra volta volve chamar covarde a non sei quen e demais. Os covardes políticos son vostedes porque o que está dicindo sobre as empresas e sobre as facturas é totalmente falso.

Estando amparado en dous casos que quere poñer vostede e non son ningún mentireiro, Sr. Figueroa. O que é evidente é que vostedes, amolando moito ás empresas, comprometeron mobles, servizos e todo tipo de contratos sen ningunha xustificación legal e hoxe, ós que di vostede que lles debemos, que lles temos que pagar, o primeiro que tería que facer é o que me dicía o outro día un dos "afectados": "Ogallá o Sr. Figueroa e a Sra. Porro recoñecesen que encargaron estes servizos e non lles deron a cobertura orzamentaria". Esa é a realidade e ten moito que ver cos mobles e con outras cousas.

Pero de todos os xeitos só se ten que remitir a anteriores gobernos. Este é un debate que introduciu vostede e dende logo que é moi molesto para vostede, pero lles podemos demostrar a cantidade de facturas pendentes e compromisos económicos que non se cubriron legalmente neste Concello e polo meu despacho pasan moitos deses provedores. Tampouco vale a ridiculización porque, quere que devolvamos unha cadeira de brazos? Pensa que este é o Corte Inglés? Vostede encarga unha serie de mobles e cre que pode deixar a este goberno na situación na que nos deixaron? Paréceme absolutamente increíble e é certo que hai unha morea de facturas coas que vostedes actuaron deste xeito.

Sr. Figueroa, fala de votar en contra e non se trata nin de votar en contra nin a favor, o primeiro que ten que admitir vostede con tantas marabillas psicodélicas que fixo o seu goberno nos anteriores tres anos e medio e que aínda a 24 de novembro, transcorrido xa tempo deste goberno, non o fixo, é o resultado das urnas, por que non se pregunta por que non tiveron maioría absoluta se o fixeron tan ben? Por que non se pregunta se todo iso que fixeron tan marabillosamente non lles reportou a maioría absoluta? Porque non podían gobernar doutro xeito. Vostedes só poden gobernar sós porque non son quen de chegar a acordos con ninguén.

Encantaríame que vostedes dous, Sra. Porro e Sr. Figueroa, como vicepresidentes da Deputación, tivesen esta valentía, este arroxo e defensa de Vigo por todo, ogallá

a tivesen coa Deputación provincial de Pontevedra e non estivesen enganando ós cidadáns. Ogallá lle puidera escoitar a vostedes pedirlle ó Sr. Louzán para Vigo o mesmo que a Deputación deu cando a Sra. Porro era alcaldesa, ogallá o fixera vostede algún día.

Cada vez teño máis claro que vostede é o pasado e nós o futuro. Cando fala con grandilocuencia de que a historia nos xulgará, efectivamente, cando rematen estes catro anos e se teñan investido máis de 40 millóns en humanizacións, o cidadán non se preguntará por eses atrancos e demais que só entran na cabeza do Partido Popular. Preguntaranse como un goberno foi quen de facer estas cousas; entón serán vostedes o pasado.

De verdade que cada vez os vexo máis, permítame porque llo digo no mellor sentido da palabra e politicamente, como leóns engaiolados. Canto máis avanza este goberno, desenvolve o orzamento, canto máis ven os cidadáns, porque semella que vostedes ó saíren de aquí van ás súas casas e non camiñan pola cidade, canto máis avanza esta cidade, canto máis invisten nela Goberno central e autonómico e a vostede delatouno ás veces a súa mala fe política cando lle parece mal que veñan ministros a esta cidade, pois temos o que xamais tivo o Partido Popular, colaboración institucional e apoio do Goberno central e da Xunta e sería bo que algunha vez mirando a esa cámara o recoñecesen. Fíxome falar do que precisamente non se trataba na moción e que tampouco foi quen de contestar.

Cando lles digo, señores concelleiros do Partido Popular, se camiñan pola cidade é porque quen fose por Jenaro de la Fuente sabe que o que nos pediron os veciños está na súa grande maioría, pero como vostede diso xa non me dixo absolutamente nada, Sr. Figueroa, eu lémbrolle que a moción presentouna vostede, ten ese dereito, ía sobre solucións para a construción do aparcadoiro de Jenaro de la Fuente, díxenlle as solucións que adoptamos, volveuse esquecer e volveu á historia anterior desta cidade que afortunadamente pouco lle interesa ós cidadáns que ven o magnificamente que están quedando as rúas e o resto da obra conxunta deste goberno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde, cuestión de orde. Cremos que os acordos que se toman conxuntamente polos tres grupos na Xunta de Voceiros son para respectar. Non imos permitir que se un fala vinte minutos, outro fale vinte e entón o

terceiro ten dereito a falar vinte. Hai que respectar os acordos que se toman e tamén as ordes do día deste Pleno. Non se poden utilizar mocións sobre un tema concreto como foi este para facer abertamente un debate que non ten nada que ver. No nome do BNG pídolle que faga cumprir eses acordos neste Pleno.

A PRESIDENCIA: Sr. Tenente de Alcalde, agradézolle que solicite que se cumpran os tempos e os obxectivos dos debates.

SR. FIGUEROA VILA: Nós non chegamos a ningún acordo. As imposicións fanas vostedes, como as oito mocións que queren que presentemos a partir de agora.

Sr. Domínguez Olveira, xa estamos cansos da súa actitude compracente de quedar ben porque logo se entrega ó goberno dun xeito descarado e desaparece. Polo tanto o que diga vostede agora para nós xa ten pouca importancia. Abandonou a loita da participación, da presenza, de poder ter voz nos Plenos porque mesmo deixou tirados a veciños. Polo tanto non nos di absolutamente nada, nin nos vai molestar, nin inquietar o seu posicionamento.

Sr. López Font, evidentemente que vostede estivo en Jenaro de la Fuente o venres pero nós estivemos nas obras a semana anterior cando fixemos a moción e os veciños estaban bastante quentes. Seguramente que vostede reaccionou ó mirar esta moción para este Pleno. Este é o xeito de traballar do seu goberno e polo tanto a oposición tamén fai o seu traballo.

Nós estamos contentos de que veñan ministros pero para que traian investimentos porque o investimento real da Xunta de Galicia na cidade de Vigo o ano pasado foi de 38.000 euros, ademais ten dúas obras case paradas porque non ten financiamento para as pagar e falo da avenida da Florida e Castrelos que teñen que esperar ó ano que ven porque para as executar este ano só teñen 400.000 euros e entón están movendo os valados dun lado para o outro. Esa é a situación.

Claro que non cremos nada porque igual que o Sr. Touriño dixo no ano 2007 que licitarían ó remate do ano, ven dicir agora que se licitará non sabemos cando. Mesmo os medios de comunicación, que non somos nós, sacan xa prazos Guinness para a depuradora porque saben que están mentindo. É unha información periodística porque eles mesmos se dan conta de que vostedes os están enganando.

Cando nós os criticamos vostedes falan de debate político, pero eu lles digo a realidade: que se non fose polo Partido Popular, se lles fixéramos caso a vostedes que tentaron atrancar, non teríamos agora mesmo cen millóns de euros de investimentos na cidade. Esa é unha realidade que non lles gusta, como lles vai gustar que lles lembremos cando vostedes boicotearon?

Sr. López Font, do pazo de congresos xa falaremos porque agora xa empezamos a entender algunhas cousas máis do que está pasando a nivel nacional. Entregáronse, puxéronse de xeonllos diante da concesionaria e por iso imos ter un “mini” pazo de congresos, porque vostedes cederon ante os intereses dunha empresa e non me estraña, agora xa se empezan a saber as connotacións. Por culpa de vostedes e neste caso concreto do Sr. Alcalde. Estivemos calados pero cando queiran vostedes podemos facer un debate público aquí neste Pleno. Hai unha empresa á que hai que axudar, tena que axudar o goberno socialista.

Que casualidade que nós nos opuxeramos a todas as propostas que nos fixeron porque con informes técnicos e cun aval dun proxecto básico que presentaron nos negamos rotundamente. Había unha presentación que dicía que a rocha ía xerar un incremento no valor do proxecto. Agora é mentira, non hai rocha, o que hai é entrega, poñerse de xeonllos e rebaixarse diante dunha empresa porque chaman de Madrid e esa empresa está totalmente condicionada ó goberno socialista. Esa é a realidade desta cidade. Fan o equilibrio da explotación en base a subvencións e achegas anuais; contra o equilibrio da explotación que non da infraestrutura.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, vostede está facendo un peche dun debate, se segue por aí reabrímolo. Está no peche dun debate sobre Jenaro de la Fuente; está reabrindo un debate sobre outra cuestión, por certo, de grande importancia. Se vostede quere presente unha moción e debatemos, pida un Pleno extraordinario e debatemos, pero use a legalidade e non aproveite o remate dun debate sen opción a réplica por parte do goberno para sacar un tema desta envergadura. Ese non é xeito de proceder nin leal, nin político, nin valente. Remate, por favor.

SR. FIGUEROA VILA: Vou respectar, Sr. Alcalde, pero falaremos deste tema, foi o Sr. López Font quen introduciu esta situación dicindo non sei que do goberno anterior. Nós queremos facer debate político e imos seguir facendo debate político porque

cando un ten acción de goberno, fai propostas que a oposición rexeita e boicotea e logo, cando esa oposición está no goberno, as acaba asumindo. Evidentemente iso haino que denunciar. Vostedes saben perfectamente que de todas esas humanizacións que están facendo había anteproxectos e mesmo viñeron a Pleno e vostedes votáronos en contra. Como non lles imos dicir isto se todo o material e toda a liña de deseño son os mesmos? Non cambiaron absolutamente nada.

Se queren falar de investimentos falen doutros que teñen agora no ar e que antes prometeran. Non os podemos crer, viñeron presentar ós catro ventos en Vigo a ampliación da ponte de Rande e agora vese que é imposible. Viñeron tamén presentar o novo hospital e non fan absolutamente nada.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, cingase á cuestión.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. López Font, este Pleno é para debater politicamente sobre o que se considere porque aquí non hai contido, vostedes levan todo á Xunta de Goberno e paréceme ben, non imos entrar nesa consideración, pero estes Plenos son de debate político e así o di a Lei de grandes cidades.

Nós non lles cremos. Esperemos que este goberno se transforme en troques do goberno da mentira no goberno da racionalidade, da coherencia e da seriedade. Imsos tentar que sexa así e imos denunciar moleste ou non, presentaremos todas as mocións que coidemos oportunas e se nos quitan a voz, non se preocupen, convocaremos conferencias de prensa ou utilizaremos outros sistemas. Tamén lles dicimos que se nos deixan unha parte dese programa que ten o alcalde pagado polo Concello, tamén o aceptamos.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, por tentar ordenar as cousas. Este Pleno está aberto a todo tipo de debate sen ningunha restrición, pero ten unhas normas de funcionamento votadas e decididas polos que estamos aquí e, por certo, nin sequera polos que estamos aquí, por outras corporacións que decidiron a forma de funcionamento.

En todas as institucións democráticas existen unhas regras que se seguen nos debates ou na forma do facer.

Claro que hai que facer debate político. Tanto é así que estamos permitindo

intervencións sen limitar o tempo, o contido e deixando que se saian acotío dos temas obxecto do debate. Polo tanto, se vostede quere debater presente mocións, pida Plenos extraordinarios que nós estamos absolutamente abertos á aplicación da norma. Pero, Sr. Figueroa, non semella razoable que en cada un dos puntos da orde do día se pase revisión a toda a situación política da cidade.

En todo caso vostedes presentaron catorce mocións e todas están aquí. Nunca ata agora, dende que este goberno está funcionando, deixou de debaterse nin un soa moción, nin unha soa proposta, nin se deixou de argumentar todo o que os membros da oposición quixeron. Así imos seguir.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, instando tomar as medidas necesarias para aliviar as molestias que sofren os veciños con motivo das obras do aparcadoiro da rúa Jenaro de la Fuente, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- 8219).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO SE ESTUDE A POSIBILIDADE DE INSTALACIÓNS SEMAFÓRICAS E CAMBIO DE DIRECCIÓNS EN RÚAS DA CIDADE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de novembro, o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, formula a seguinte moción:

"Por se tratar de varias propostas que necesitarán do estudo técnico por parte dos responsables do Departamento de Tráfico, a presente moción agrupa distintas demandas que veciños dos contornos afectados consideran positivas en beneficio da súa seguridade como peóns e condutores, que nós asumimos e consideramos oportunas.

En primeiro lugar, o incremento da veciñanza na nova urbanización de Cambeses na zona de Barreiro, está a provocar un maior número de vehículos que cada día se dirixen aos edificios e vivendas unifamiliares alí construídos, provocando xiros de sentido dende a avenida Ramón Nieto cara á citada urbanización, cunha visibilidade limitada pola curva onde se atopa, o que supón un risco grave de colisión como xa ten ocorrido. Por isto, solicitamos a posibilidade da instalación dun semáforo que regule o xiro nese punto da avenida Ramón Nieto.

En segundo lugar solicitar tamén a instalación dun semáforo na baixada de Manuel de Castro camiño do estadio de Balaídos á altura do último paso de peóns, xa que é moi utilizado polas persoas que viven nesa zona, que teñen que soportar un tráfico permanente debido á proximidade da fábrica de Citroën, sendo moi poucos os vehículos que respectan a sinalización horizontal do chan.

E para rematar, a terceira demanda refírese á posibilidade de converter a rúa Casal de abaixo, preto da AA.VV. de San Xoán Poulo en Sampaio, en dirección única cara á rúa Cabaleira, coa intención de gañar en fluidez xa que permanentemente se producen atrancos cando se atopan dous vehículos ó se tratar dunha rúa moi estreita.

Por todo isto o GM do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Instar ao Goberno Municipal a que os técnicos do Departamento de Tráfico, estuden a posibilidade de instalar no cruzamento de Ramón Nieto con Cambeses un semáforo que regule o cambio de sentido da circulación, outro no paso peonil de Manuel de Castro na confluencia co estadio de Balaídos e converter a rúa Casal de abaixo en dirección única dirección rúa Cabaleira.

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 17 de novembro, quedou informada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: No preámbulo da moción veñen claramente deseñados os tres puntos que logo de xeito máis pormenorizado avaliarei e indicareilles a todos vostedes.

Son peticións e propostas que nos fan chegar as asociacións veciñais, así como tamén os usuarios de determinados ámbitos de actuación que se atopan, como se ve na moción, na zona de Cabral, contorno de Barreiro, contorno de Balaídos onde está a multinacional Citroën e por último na zona dos depósitos de auga do Casal. Presentamos estes pedimentos porque coidamos que van dar seguridade ós peóns e ós usuarios do automóbil.

Aínda que coñecemos todos os ámbitos da cidade, nos contornos nos que adoitamos movernos é onde apreciamos unhas necesidades que queremos que

polo departamento que dirixe o Sr. Calviño se estuden tecnicamente para a súa posible solución.

Concretamente na avenida de Ramón Nieto, zona que nestes momentos ten un grande dinamismo e onde se están a construír e xa se construíron ámbitos de vivendas unifamiliares no xiro que sobe cara á zona de Cambeses propoñemos un semáforo que regule ese xiro que posiblemente dará máis seguridade ó contorno.

En segundo lugar na zona de Balaídos, baixando a rúa Manuel de Castro, o último paso sen semáforos que temos na actualidade está preparado para un posible enganche; é unha zona bastante ampla, unha avenida cun sebe na intersección da mesma e pedimos que nesa zona que ten moito tráfico por todo o ámbito industrial que a rodea a posibilidade de implementar outro semáforo para dar máis seguridade a todas as persoas que se moven nese ámbito.

Por último, na zona de San Xoán Poulo, na rúa Casal de Abaixo en dirección á rúa Cabalaria, a Asociación de Veciños de San Xoán Poulo fainos chegar a proposta de que sexa unha dirección única.

Os concelleiros que pasamos polo departamento sabemos que moitos dos problemas que se poden resolver nesta cidade é acometendo precisamente direccións únicas aínda que a algunhas persoas ó principio lles resulte incómodo ou máis ou menos oneroso ter que andar uns metros máis.

Deseguido o Sr. Coello Bufill procede a ler o texto da parte dispositiva da moción que se transcribe nos antecedentes.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Por suposto que nos termos que está redactada a moción é obvio que a imos aprobar. Os termos son: "Que os técnicos do departamento de Tráfico estuden varias posibilidades". Fallaría máis, mesmo vostede nin todo o Grupo popular necesitan presentar mocións para que estudemos as súas propostas. Ímolo facer en calquera circunstancia.

Como obviamente estamos traballando permanentemente nesas zonas todos os días e non só porque vostedes presenten unha moción un luns e teñamos unha semana para o tratar, porque dende logo que estes tres temas teñen tamén a súa historia, pódolle dicir que os técnicos xa estudaron esas propostas en concreto e adiántolle que é bastante difícil tecnicamente, gustaríame que crera que é algo

técnico e non un posicionamento político, que se poidan resolver eses temas nos termos que vostede propón.

En concreto Ramón Nieto con Cambeses, que temos o xiro indo cara a Lavadores á esquerda cara a Cambeses, ou cando vimos dende Lavadores, obviamente aí é menos problemático pero mesmo os que saen de Cambeses para calquera dos dous sentidos teñen posibilidade de xiro cara á esquerda que está funcionando aceptablemente ben, entre outras cousas por que ambos xiros teñen carril de refuxio, é dicir, hai a posibilidade de estar perfectamente nese tramo de Ramón Nieto esperando que haxa condicións de seguridade.

Vostede sabe que o tráfico non é tan esaxerado como para que poñamos unha instalación semafórica en todo ese contorno, porque sería algo máis que un semáforo. A constancia que nós temos por todo o que nos din os veciños é que está funcionando aceptablemente ben. Caso de ter que tomar medidas respecto a ese punto, pode vostede ter a seguridade que quizais fose mellor unha rotonda que afectara tamén ós veciños que van por Ramón Nieto co que conseguiríamos unha diminución de velocidade importante o que sería bo para a zona.

A solución semafórica hoxe non nos aportaría nada e, caso de que fose necesario, sobre todo se vemos que existen accidentes nesa zona, cousa da que non temos constancia significativa, abordariámolo por esta outra vía da rotonda aínda que non é fácil porque non hai espazo suficiente.

Respecto á segunda das propostas: o paso peonil de Manuel de Castro, preto do campo de fútbol, vostede sabe que para poñer semáforos, agás que sexa cousa de poñer semáforos de apertura manual para peóns, é necesaria unha importante presenza de peóns. Non é o caso, agás a fin de semana e sobre todo cando hai partido onde, por certo, xogaríase ese papel pero na medida en que está restrinxido o tráfico nesa zona, sobre todo cando hai máis concentracións, en principio nas fins de semana, ese non sería o sitio axeitado para unha instalación semafórica, dado que os días laborais non hai unha demanda suficiente para ese paso de peóns. Do que si temos constancia e ademais estaba previsto é que convén reducir a velocidade e por iso está previsto poñer bandas reductoras de velocidade no contorno dese paso de peóns que poden utilizar absolutamente todos os veciños e así queremos que o fagan con total seguridade.

No último caso, converter a rúa Casal de Abaixo en sentido obrigatorio cara á

Cabalaria, como precisamente estabamos traballando por esa zona de San Xoán Poulo por outras razóns, sobre todo por facer sentido único o camiño de Gondarén que é unha auténtica barbaridade e ademais se está afundido, no contorno do colexio Teis-Frián onde hai un grave problema de seguridade peonil, estamos tomando medidas que teñen que ver tamén coa seguridade.

Estamos en conversas sobre todo isto dende hai un mes e ademais para atender un pedimento que me pareceu moi interesante por parte da Asociación de Veciños. Eles son conscientes de que nesas rúas onde hai unhas tremendas pendentes, as velocidades ó mellor non son moi elevadas, pero entre a pendente e a sensación de estreiteza nesas rúas teñen a sensación de grandes velocidades e queremos poñer medidas para que se reduzan, sobre todo tamén para as medir.

A Asociación Veciñal propúxonos que faría unha campaña entre os propios veciños, porque son conscientes de que son os propios veciños os que utilizan esas rúas, dicindo que vai estar o radar da Policía Local durante bastante tempo seguido para que aminoren a velocidade. Pareceunos moi boa idea. Logo dese traballo feito pola asociación estamos na situación de mandar o radar da Policía Local para que realmente se diminúan as velocidades nesas zonas.

Cando presentaron a súa moción eu estaba en relación con estes veciños, díxenllo e sorprendeulles porque non sabían nada desta solicitude e mesmo logo dun tempo no que a directiva da asociación de veciños fixo consultas co resto da asociación, chegou á conclusión de que Casal de abaixo cara a Cabalaria pertence á Asociación de Veciños de Sampaio. Daquela eu falei con esta última asociación e nela tampouco tiñan ni idea do tema. Vostedes falan das asociacións e dende logo que eu traballo permanentemente en contacto con todas as asociacións veciñais e na Asociación de Veciños de Sampaio, cousa que me sorprendía porque xa estivera por alí vendo outros posibles sentidos únicos hai máis ou menos tres ou catro meses, non estaba esta solicitude enriba da mesa. Nin na asociación veciñal de San Xoán Poulo, nin na de Sampaio, ninguén sabe nada deste asunto.

Ademais vostede sabe que os técnicos e dende logo este concelleiro que lle fala é totalmente partidario de direccións únicas sempre que supoñan mellora da seguridade o que acontece nunha boa porcentaxe de casos. Neste caso nin eles mesmos son partidarios dese tema porque lle crearía un problema moi grave a unha zona con moitos veciños, pero sobre todo están sorprendidos de que unha

proposta deste tipo que normalmente é por atenderen suxestións, eles mesmos non o souberan.

Pero visto no lugar o asunto os técnicos dinme que hai moitas outras rúas que deberían ter prioridade á hora de convertelas en sentidos únicos. Vostede tamén sabe que é malo facer este tipo de cousas cando hai unha posición radical en contra por parte da maioría dos veciños. Pode haber unha certa división, terá que haber unha decisión de maiorías e minorías porque cando se toman estas resolucións sempre hai algún afectado e sen son moi poucos obviamente o que ten que predominar é o tráfico en xeral e non solucións que satisfagan ó cen por cen dos veciños.

En principio pódolle adiantar, aínda que seguiremos estudando estas zonas e moitas outras da cidade, que aínda aprobando esta moción porque trata de que se estude, segundo me din todos os técnicos semella que non son razoables ningunha das tres propostas.

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, eu evidentemente limítome a cumprir os prazos e a legalidade. A moción presentouse en tempo e forma, foi a unha comisión informativa e así os técnicos a estudaran. Eu non lles pido que a estuden nunha semana, terá un tempo porque do que se trata é de estudar esa posibilidade. Eu agora non teño a posibilidade de coñecer a opinión dos técnicos, é vostede o maior responsable do departamento.

Estoulle trasladando un pedimento de determinados veciños, pode que non sexa da maioría dos veciños pero evidentemente que estas son zonas sensibles que nós coñecemos, nas que estivemos e falamos e algún compañeiro meu, tamén desa zona que é concelleiro responsable do distrito, traslada eses pedimentos ó grupo e de seguido se comprobán. Eu estiven por mor deses pedimentos xunto con outros veciños mirando en toda a zona de Sampaio e de San Xoán Poulou as posibilidades que ten de implementar unha dirección única que coido que sempre é beneficiosas. Chámame a atención que diante de calquera iniciativa que se presenta en tempo e forma vostede sempre di o mesmo: que xa están traballando. Eu púxelle o exemplo da zona de Casal de Abaixo e do contorno de Balaídos. Evidentemente que eu non podo dar instrucións ó departamento correspondente para que haxa unha medición, unha conta dos vehículos como vostede sabe que se adoita facer. Eu non

sei se fixo ou non, se ten o dato prégolle que mo diga, pero evidentemente é unha zona moi sensible ó tráfico.

Non me diga vostede que todo o contorno de Citröen, con toda a zona do seu derredor que é Castrelos, avenida de Fragoso, as saídas e entradas da cidade máis un contorno fabril, o motor de Galicia, así o dixeron os nosos respectivos presidentes, e de toda a automoción, é unha zona na que ó mellor cun interruptor manual podémolo resolver, pero coas bandas de caucho non se modera a velocidade, se vostedes as pon verá que se acaban deteriorando ou as arrancan. Eu fixen un resalte na estrada e quédome con el, pero vostede tiña previsto poñer sesenta e tantos e coido que fixo nada máis que dous en Samil, o resto ogallá se poñan pero eu non vin ningún. Vostede ten orzamento, non sei se o acometerán ou non neste orzamento pero evidentemente se fixo moi pouco esforzo nese sentido.

Respecto ó xiro na avenida de Ramón Nieto o que si lle podo dicir é que os propios veciños na súa humildade, porque é xente que vive nas parroquias, que coñece ese ámbito, propuxéronme que en troques dun semáforo se podería poñer un espello. Eu díxenlles que non rotundamente ó espello porque como saben vostedes non están homologados, non duran nada, rómpenos, son un perigo e ó final a DGT non os autoriza e estanse quitando de todos os sitios onde se poñen; é máis, eu non puxen ningún espello.

Se vostede fala dunha rotonda benvida sexa e inaugurarémola se nos invitan. Evidentemente que iso é mellor que un semáforo pero tamén lle digo que vostede agora está aforrando bastantes cartos na rede semaforica e non o digo eu que o di o Sr. López Font, ten toda a cidade levantada. Pois mentres que duran esas obras que van seguir durante un tempo son as concesionarias que as quen teñen que pagar e teñen que facer o mantemento desa rede semaforica; correspóndelles cambiar os semáforos de sitio, mantelos e, como non é o Concello quen o ten que facer, hai un aforro importante de cartos e polo tanto invístao no que sexa, Sr. Calviño.

Non se sorprenda como sempre fai cando lle traio unha moción. Quizais o mellor é que me quede mudo, que me sente aquí e como que o ex concelleiro xa non aparece. Poderei falar como o fai e brillantemente o Sr. Figueroa, a Sra. Molares ou outros compañeiros, igual que o fan dende os bancos do goberno. Non se sorprenda tanto de que fale, Sr. Calviño, dígollo co maior respecto pero lle volto

lembrar que era un obxectivo prioritario da súa campaña: sesenta e tantos pasos elevados. Eu remítome ó que vostede dicía.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Penso que máis amable con vostede non puiden ser na primeira intervención. Espero que non se moleste cando lle diga que os problemas de tráfico que temos en Vigo, os problemas de sinalización son tales que, en efecto, paréceme absolutamente increíble que coa cantidade de temas moito máis importantes que ten a sinalización e a seguridade vial nesta cidade vostede veña con estas tres cousas que ademais non responden a decisións fundamentalmente sacadas dos veciños porque, aínda que os responsables do PP tamén son veciños, faltaría máis, cando vostede dixo que quen falou con vostede foi o responsable de distrito do PP xa o entendín un pouco mellor. Dende logo que eu non vou facer unha cousa que lle pareza ben ó responsable do distrito do PP en contra das dúas asociacións de veciños que poden estar implicadas nesa rúa en concreto que vostede está a propoñer.

Síntoo e teño que dicir que os técnicos cando leron os pedimentos quedaron asombrados porque non teñen a sensación de que nestes tres puntos haxa un problema como para xustificar unha moción do PP vista a cantidade de temas graves que temos nesta cidade. Isto é o que me parece realmente asombroso.

Non entendín o dos aforros co tema das concesións das obras, dende logo que non ten nada que ver con poñer un semáforo novo. Sabe que Ramón Nieto corresponde ó ámbito de competencias da Consellería de Política Territorial; direille que estamos esperando pola autorización da devandita Consellería para poñer un semáforo en Ramón Nieto pero nun sitio onde si houbo algún accidente, onde nas súas proximidades hai un colexio e pode ser moi importante poñer un semáforo sobre todo nunhas determinadas horas e ímolo facer en canto teñamos esa autorización.

Tamén xa lle expliquei por mor dalgunha outra moción presentada por vostedes, que imos poñer cantidade de semáforos que non se puxeron nestes últimos anos. Non teño as cifras aquí agora pero llas trouxen con motivo doutra anterior moción.

Sr. Coello, con todo o cariño dígolle que imos seguir estudando estas propostas. A seguridade vial para nós é o fundamental e non quero escapar desa consideración respecto ó número de pasos sobre elevados que nun determinado momento poderíamos poñer en marcha, sabe que é unha iniciativa que resulta moi onerosa e

que por desgracia non puidemos traer aquí unha modificación orzamentaria que nos permitise cumprir ese compromiso pero que dende logo se vai cumprir o vindeiro ano se é que os orzamentos que temos en marcha se aproban, porque agora si vai unha partida orzamentaria. Antes non había orzamento para eses pasos sobre elevados e mesmo non renuncio a poñer onde vostede fala en Manuel de Castro.

Si que haberá esa partida orzamentaria pero mentres estamos acudindo a esa solución dos resaltes que en moitos casos é formidable porque impiden que se aumente a velocidade en determinados sitios. Así todos os comprometidos por este concelleiro están en marcha e funcionando, malia algunha información que sae erradamente nos xornais.

Por último dicirlle que pode ter a absoluta e completa seguridade de que imos seguir estudando estes temas, aínda que xa lle digo que os propios técnicos non crían que estes fosen os graves problemas de tráfico e de seguridade vial que detecta o Partido Popular nesta cidade.

SR. COELLO BUFILL: Se ningún tipo de acritude, Sr. Calviño, esta moción fíxose con boa fe e vontade. Non hai cidadáns de primeira ou de segunda división como vostede cualificou aquí porque fixo alusión a algúns do PP. Estas son suxestións, propostas que nos fan chegar cidadáns que pagan os seus impostos, que viven nesta cidade e ós que vostede ten a obriga de atender e escoitar esta moción. Non se asombre tanto porque outros técnicos independentes me din que é factible ese tipo de medidas.

Vostede varre para casa cando lle convén, pero eu traio aquí esta moción con moito orgullo porque é de cidadáns que veñen aquí e que nos falan dos seus pequenos problemas de seguridade e de mobilidade que se poden solucionar.

Claro que a cidade de Vigo ten moitos problemas de tráfico e seguridade nestes momentos, de iso xa falaremos, pero como vostede reabriu ese debate dígolle que o plan do tráfico pesado é un auténtico fracaso. Saia vostede á rúa como fago eu. Enviareille algunhas fotos por correo para que vexa por onde transitan, onde estacionan os camións de máis de 10.000 quilos; é un auténtico fracaso.

Diso falaremos pero ademais se decatará vostede a través dos medios de comunicación.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción presentada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, solicitando se estude a posibilidade de instalacións semafóricas e cambio de direccións e diversas rúas da cidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (220).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A REVISIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIONS EN MATERIA SOCIO-CULTURAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de novembro, a concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, formula a seguinte moción:

"En materia de participación cidadá é responsabilidade do Concello, ofrecer á cidadanía un apoio institucional e económico que promova, tanto a creación de asociacións de animación sociocultural, como o desenvolvemento de programas, actividades ou servizos que complementen a actividade da Administración nesta materia. Esta tarefa conforma unha das liñas de traballo fundamentais do Servizo de Animación deste Concello.

Facéndonos eco das queixas que nos fan chegar diversos colectivos da cidade, o Grupo Popular quere manifestar o seu desacordo coa actuación do goberno local, en relación ás axudas para o desenvolvemento de actividades socioculturais, que están a desmotivar a moitas asociacións de Vigo.

A participación dos veciños non se pode reducir a colaborar ou opinar sobre ás actuacións propostas polo Concello. Participar supón a vontade de intervir e xera implicación na vida social e cultural, contribuíndo, de xeito destacado, a facer cidade.

A política de animación sociocultural desenvolvida por este goberno, non establece vías de diálogo suficientes que axuden a definir cal é o interese xeral dos vigueses, no que fai á vida cultural que desexan para a súa cidade e as vías para levalo a efecto.

Por máis que se argumente que estas políticas están avaladas pola vontade da maioría, corremos o risco de que as propostas carezan da aceptación suficiente e a mala xestión que denunciámos pode influír negativamente na articulación da actividade cultural da cidade. Xa que logo, propoñemos a esta Corporación:

A revisión da política de axudas e subvencións en materia de Animación Sociocultural, na procura dunha maior transparencia, equidade, eficiencia e eficacia na súa xestión.

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 17 de novembro, quedou informada do contido da anterior moción.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, procede a ler o texto da moción que se transcribe nos antecedentes.

DEBATE.- SR. LÓPEZ CARREIRA: Adiántolle que imos votar en contra desta moción.

Sra. Larriba, o certo é que cando vostedes presentaron esta moción eu realmente alegreime. Cando a lin confirmei de novo que imos polo bo camiño. Preocupárame non pouco que vostedes tomarán posicións concordando con nós na política de subvencións que estamos levando na Concellería de Cultura e Animación Socio Cultural e mesmo no resto de concellerías do actual goberno municipal.

Se algo tiñamos claro era a necesidade de rematar cunha política de subvencións baseada exclusivamente en criterios subxectivos onde a man do concelleiro ou concelleira do momento puidera aplicar criterios de favor en función de quen pida a subvención e mesmo da proximidade persoal ou ideolóxica.

Só lle pido, e sei que aquí non é fácil, que realmente faga un exercicio de obxectividade e que estude e valore as convocatorias de subvencións dos anos 2004 ó 2007 cando o Goberno popular gobernaba nesta cidade, ou aínda máis preto, que estude a convocatoria de subvencións que se fai nestes momentos na Deputación provincial.

Se eses son os criterios que vostedes defenden están no seu dereito, pero seguro que están absolutamente nas antípodas do que o BNG coida que debe ser unha política obxectiva de subvencións e por iso me tranquiliza que estean en desacordo con nós.

Ademais veñen vostedes con redaccións que me deixan claro que non hai argumentacións. Din vostedes que se fan eco das queixas que lles fan chegar diversos colectivos da cidade. Déixense de sementar murmuracións, que iso o fan moi ben, xa está ben con esas imprecisións, sexamos claros porque eu quero saber cales son esas queixas dos colectivos. Non se poden lanzar chismes indeterminados e quedar tan tranquilos; é a política de “emporca que algo sempre queda”. Realmente pregúntolle outra volta que cales son esas queixas.

Di vostede na moción que “a participación dos veciños non se pode reducir a colaborar ou opinar sobre as actuacións propostas polo Concello”. Nisto estamos totalmente de

acordo, o que pasa é que logo engaden que “a política de animación socio cultural desenvolvida por este goberno non establece vías de diálogo suficientes que axuden a definir cal é o interese xeral dos vigueses”. Novamente xeneralidades sen concretar.

Sra. Larriba, o modelo de Participación Cidadá é o que se aprobou neste Concello o 31 de marzo do ano 2006 cando vostedes, o Partido Popular, gobernaban nesta cidade. Pode ser que agora non estean de acordo con el.

Eu dende logo si que estou en contacto con todos os colectivos culturais e veciñais desta cidade e coñezo as súas necesidades e intereses. Sei ademais que aplaudiron a reforma dos criterios de subvención que se fixeron este ano, unha reforma que obxectiviza as subvencións en función do interese social da actividade; subvencións que buscan a participación transformadora da cidadanía para a mellora da súa calidade de vida cultural e a cohesión social da cidade; unhas subvencións que queren fortalecer o tecido asociativo, fomentar valores sociais e culturais, promover a recuperación e promoción da cultura popular e apoiar iniciativas culturais innovadoras. Todo isto faise sen entrar a ver se quen pide a subvención, sexa colectivo ou persoa, está máis lonxe ou preto de quen realmente a vai resolver, fuxindo dende logo de calquera tipo de consideración persoal.

SRA. LARRIBA LEIRA: Fálame vostede de plans e eu queredría lembrar aquí que en materia de cultura e participación na vida cultural o Concello de Vigo abordou a necesidade de redactar un plan estratéxico para a cidade de cara ó futuro, que se consensuou polos grupos políticos e axentes sociais co obxecto de garantir un proxecto social que era necesario. Este plan recolle entre outros programas o programa “Vigo crea cultura” co obxectivo de promocionar a actividade cultural local. Entre as súas accións recollía explicitamente o fomento da actividade cultural de base.

Nós falamos polo que din as hemerotecas e hai declaracións ben recentes de colectivos que demandan e critican da política do goberno actual que precisamente o que non se está a facer é política cultural de base.

Pero tamén ten a obriga de facer e desenvolver unha oferta cultural de calidade. É por iso responsabilidade do Concello en materia de animación socio cultural promover os intereses de todos os colectivos da cidade en materia de festas e animación, promovendo plans. Precisamente vostede está a falar dos plans de participación socio cultural que non están aprobados.

Tamén debe promover a creación de novos colectivos, debe estimular a creatividade dos cidadáns, á parte de xestionar e programar as actividades festivas que ten

adscritas o seu departamento.

A primeira pregunta que se cabería facer é se a proposta que fan, que está recollida nos seus programas electorais, está nesa órbita. Como lle dicía segundo os colectivos non porque a actual política, segundo eles denuncian nos medios de comunicación, non potencia esas actividades de base, non fomentan o asociacionismo, nin a participación no deseño da programación cultural, nin se coordinan suficientemente as actividades das distintas entidades culturais e non se intercambian experiencias entre elas. A programación faise principalmente dende o Concello.

As formulacións sobre a Participación Cidadá que fai a súa política quedan plasmadas no orzamento que vimos de aprobar nestes días onde se recollen cales son programas que vostedes queren desenvolver e os indicadores para a súa execución.

Así que o que traemos a debate hoxe aquí é como se administran os cartos en materia de animación socio cultural e facémolo remitíndonos ó orzamento como o instrumento que supostamente integra a súa vontade política e a capacidade técnica que ten o departamento de Cultura neste Concello para rendibilizar eses recursos.

As partidas destinadas a animación socio cultural que teñen por obxectivo, por unha banda manter e mellorar os programas que propón o Concello e por outra apoiar a colaboración das asociacións e dos creadores que complementan esa actividade do Concello coas súas propias iniciativas.

Nos Capítulos I e II do Orzamento intégranse basicamente estes programas de actuación do goberno. No Capítulo II están recollidos os programas que propón directamente o Concello e no IV os que complementan co seu apoio económico as asociacións para que sexan elas as que propoñan á cidade as actividades que queren facer. Polo tanto quedan recollidas, por unha banda o que son as propostas que se fan dende o goberno e por outra as que se fan por iniciativa dos cidadáns.

Curiosamente para o Partido Popular o que non é de recibo é precisamente isto, que o Capítulo IV que é o destinado ás axudas para iniciativas das asociacións teña a metade do peso orzamentario que ten o Capítulo II, é dicir, no Orzamento que se acaba de aprobar as actividades propostas polo Concello teñen a dobre cantidade orzamentaria que o diñeiro que se lles dá ós cidadáns para que sexan eles os que promovan as actividades que coiden interesantes. Para o Grupo popular isto significa que, coa que está a caer, aumentar o gasto corrente non é a mellor política.

A resposta á participación cidadá que dá o goberno nos seus orzamentos prioriza o gasto en festas e gástase menos en vertebrar e potenciar o tecido cultural da cidade.

Vostedes saberán o que fan, pero para nós estes malgastes son unha triste burla para

os moitos afectados pola crise económica que haberá nos vindeiros meses. Pero é que ademais o aumento do Capítulo II, do gasto corrente, significa tamén a privatización encuberta das actividades culturais que diseña o Concello, é dicir, son as actividades que propón o Concello e curiosamente aumenta ese Capítulo II e as transferencias para que outras entidades as desenvolvan. Isto pon de manifesto unha escasa capacidade do departamento para xestionar estes programas e penso que actúa en sentido contrario ó que sería potenciar equipos humanos de carácter profesional e estable, o que sería o óptimo.

Incrementar o Capítulo II significa ademais actuar en contra da participación cidadá na vida cultural claramente, porque participar na actividade cultural, como dicía na presentación da moción, non é colaborar co que propón no Concello, non é opinar se lle parece ben ou mal o que propón o Concello. Definir cal é o interese xeral dos vigueses no tocante á vida cultural que queren para a cidade non se pode facer exclusivamente dende o poder político, é insuficiente, faise especialmente necesaria a participación activa de todos os colectivos cos seus intereses diversos no proceso de definir cal é o interese xeral e como se debe levar a efecto. Non se pode prescindir, como están a facer, de moitos axentes sociais que con grande esforzo, escaso apoio institucional, manteñen en moi boa medida o tecido cultural de Vigo.

Para o Grupo popular estas políticas que vostedes están a levar a cabo favorecen que os cidadáns sexan consumidores de produtos debidamente seleccionados polos seus gobernantes en troques de fomentar a participación da cidadanía na vida cultural da súa cidade.

Pero tamén denunciámos unha falla de transparencia que se pon de manifesto na xestión do seu departamento que opta por convenios en detrimento das subvencións. Vostede que estaba a falar das subvencións ten que ver que precisamente o seu departamento opta por convenios, non por subvencións.

As subvencións están reguladas legalmente, suxeitas a principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade..., vostedes saben os principios que as regulan. Pola contra no convenio non hai convocatorias públicas que garantan todo o anterior. Un convenio non é máis que un acordo de vontades no que a discrecionalidade do responsable que outorga a quen coida oportuno pola confianza que lle ofrece dende o punto de vista profesional, persoal ou política, coa mera xustificación do gasto é unha convocatoria que queda fóra do control político e é para nós absolutamente discrecional no sentido de que non hai ningún control desta Corporación sobre as decisións que se tomen de con quen e por que facer estes

convenios.

Este Pleno xa manifestou con anterioridade a importancia de coñecer ben o que se está facendo para distribuír xustamente as axudas. Non coñecemos que exista un regulamento destas subvencións en materia tamén de festas e de animación socio cultural que poida recoller cales son os obxectivos e fins que pretende o seu departamento. Non coñecemos se existe ese plan e por iso para nós é dificilmente avaliabile se se respectan eses principios de eficacia, se os recursos cumpren os obxectivos e de eficiencia, se efectivamente se están empregando de xeito responsable.

Polo tanto a nosa valoración desta xestión da que estamos a falar, de falla de transparencia, de ter un peso orzamentario moi inferior a aquel que afecta directamente á iniciativa cidadá, como lle dicía a nosa valoración dos programas está baseada tamén nas declaracións que fan os colectivos e que vostede di que son “entelequias”, pois non, están nos xornais e recollidas ademais en titulares.

Todos os colectivos quíxanse nas reunións que vostedes están a ter coas distintas asociacións da cidade, de que precisamente en barrios e parroquias é onde a carencia de actuacións municipais é maior. Precisamente o que vostedes propoñían no seu programa como actuación prioritaria que era o desenvolvemento cultural en barrios e parroquias, xustamente son estes os que están a denunciar que hai unha concentración das actividades no centro da cidade.

Estes colectivos están a criticar nunha serie de puntos a convocatoria da única subvención do departamento de Animación Socio Cultural que ten o goberno porque o resto son todo convenios. Primeiro, porque na presente convocatoria restrinxiron o número de programas ós que as asociacións se poden presentar. Hai unha falla de obxectividade no sistema de módulos que vostedes puxeron en marcha porque elimina o criterio de proporcionalidade ó asignaren unha mesma cantidade para todos. Non todas as accións custan o mesmo, non é o mesmo organizar un certame folclórico internacional que un magosto. Esa falla de obxectividade está no sistema que vostedes empregan na única convocatoria de subvencións do seu departamento.

Por outra banda se complicou moito o acceso ás axudas. Aínda que houbo dúas persoas para informar na lonxa do Concello de como tramitar estas subvencións, semella que non foi suficiente.

Dende o Grupo popular coidamos que as bases das convocatorias deben ser claras e sinxelas porque moitas asociacións non se poden permitir o luxo de ter unha persoa capaz de reunir a información que se pide ou de cubrir os impresos que se lle facilitan.

Ademais é importante que sexan os técnicos da Casa quen redacten as bases das convocatorias porque o seu criterio está avalado pola experiencia.

Tamén coidamos que non é oportuno definir polo miúdo o contido dos programas que se poden subvencionar porque é poñer atrancos á iniciativa e á creatividade. Se vostede fai unha relación pormenorizada dos programas ós que se poden presentar e as características que teñen que ter, é que dende o Concello son quen de ter todas as ideas e todas as recollen no texto da subvención e quen teña unha iniciativa que non está recollida aí queda fóra. Nós pensamos que é mellor non definir polo miúdo, senón en capítulos xerais para que a xente teña capacidade de propoñer.

Por último e tamén recollendo as queixas das asociacións, sería bo axilizar a resolución das subvencións. Isto non se fai, xa sei que vostedes me vai dicir que tampouco se facía con anterioridade pero vostede é moi consciente, leva xa dúas convocatorias e sabe que os colectivos xa protestaron moito o ano pasado. Este é o seu segundo ano, a cousa ven de lonxe e segue sen se arranxar; vostede sabe que é moi importante para os colectivos que a resolución das subvencións sexa cedo. Este ano fíxose a resolución hai uns días e a estas alturas de ano case todas as asociacións realizaron xa o 90% das actividades obxecto de subvención, tardaren tanto en resolvelas é un xeito de hipotecar e desmotivar. Pediría que se pense en que a resolución ten que ser máis cedo. Para moitas asociacións este atraso na notificación é unha desfeita porque cando programan as súas actuacións ó comezo do ano non saben se van ter ou non subvención e teñen que esperar todo o ano para saber se o seu programa foi do gusto dos responsables do departamento para saber se terán dereito á subvención.

Xa comentei antes a necesaria distribución territorial, si que semella que hai unha tendencia a que as actuacións máis importantes e relevantes estean situadas no centro da cidade.

En canto ás bases da única subvención do seu departamento que non consideramos admisible, dentro dos criterios de valoración que aparecen redactados na subvención para a adxudicación das axudas a puntuación máis alta do baremo, puntuación de 30 puntos, é un parámetro que nós coidamos totalmente arbitrario e que vou ler textualmente, ese parámetro que é o que máis puntúa independentemente do número de asociados, do territorio ou ámbito de actuación da asociación, da súa antigüidade, dos programas e da experiencia de ter desenvolvido programas importantes; todo iso queda por debaixo deste criterio: "Adecuación dos programas conforme ás prioridades e necesidades sociais detectados pola Concellería de Cultura e Animación Socio Cultural". Iso é arbitrariedade.

SR. LÓPEZ CARREIRA: Son vostedes especialistas en desviar debates. Levamos toda a mañá cunhas mocións, moitas delas con moi pouco contido, con moi pouco peso e logo querendo entrar en debates realmente de fondo. Se quere debatemos tamén sobre como pagar o AVE, porque é o único que nos falta.

Paréceme realmente que é absolutamente impresentable que vostedes queiran utilizar as mocións para logo, nunha última quenda de cinco minutos que temos fagamos un debate, neste caso sobre toda a política cultural e de animación socio cultural da miña concellería. Dende logo non vou entrar nese xogo.

Tamén teño claro que, ou é que falamos con persoas moi diferentes na cidade, que é posible que os interlocutores non sexan os mesmos, ou é que aquí o que vostede acaba de dar é a súa visión persoal e non a dos colectivos.

Fala de moitos puntos que calquera deles me levaría un rato explicar, pero é que non se sosteñen en absoluto. Fala da importancia que hai que lle dar á política de subvencións. Eu considero que é fundamental. Fala de subvención, pero o que hai é unha convocatoria de subvencións e non unha subvención, unha convocatoria con diversos programas que, por certo, con máis programas dos que había cando vostedes a facían. Non é certo que se recorten, pola contra se amplían. Aparece un cuarto apartado que é a innovación que vostedes en absoluto cubrían.

Chámame a atención a súa política e como agora nos queren facer crer no importante que é cando na práctica foi todo o contrario. Vostedes no ano 2004 convocaron subvencións por importe de cen mil euros dos que só entregaron 91.950 euros. No ano 2005 convocaron tamén subvencións por importe de 100.000 euros, pero é que no ano 2006 rebaixaron a cantidade a 95.000 euros, é esa aposta que fan vostedes polas subvencións?. No ano 2007 estaba exactamente o mesmo.

No ano 2008 nós aumentamos a cantidade en 110.000 euros. Nós si apostamos pola política de subvencións para facer programas coas distintas asociacións culturais, veciñais e ata polas persoas que coiden que os deben levar cara adiante.

Fala de que cometemos o grande erro de definir polo miúdo. Pois claro que si, é xustamente a única forma de que non poidamos aplicar criterios subxectivos, non dar as subvencións a quen se queira dar. Iso farano moi ben vostedes, nós dende logo non porque estamos pola obxectividade. Definindo polo miúdo acadamos que se valoren obxectivamente eses programas que se presentan. Claro que se o que facemos é unicamente que se presenten e se valora en función exclusivamente do interese pasará o que pasa.

Unicamente voulle relatar certas vantaxes desta convocatoria de subvencións que, por certo, é do que fala esta moción e non de política cultural en xeral. Simplificáronse os formularios. Vostede di o contrario e por iso lle dicía que coído que temos interlocutores diferentes. Simplificouse a xustificación e a documentación. Antes os criterios da xustificación eran só por proxecto, agora se teñen en conta criterios obxectivos: a representatividade da entidade solicitante, a súa capacidade económica, o seu orzamento e mesmo a súa capacidade de organización; antes todo isto non contaba.

Recóllese a posibilidade de presentar proxectos concertados. É dicir, que entre varias asociacións presenten un único proxecto. As axudas antes estaban limitadas ó 50% da actividade, agora ó 75%; pódese chegar a esa cantidade. A distribución dende logo máis racional dos apartados polos que se pode pedir subvención e, como lle dicía antes, ademais engadimos un novo que é o de proxectos de vangarda.

Pero o que é fundamental, os criterios de valoración non permiten comparación con respecto a como se facía antes, son valoracións absolutamente obxectivas nas que se ten en conta de xeito claramente taxado a entidade solicitante, a súa traxectoria, a masa social, a súa antigüidade, a representatividade, a súa implicación no barrio e na parroquia, a súa infraestrutura, o seu orzamento e os seus recursos; o programa ou proxecto, o seu interese evidentemente témolo que valorar, a innovación, o ámbito xeográfico, a duración, o colectivo a quen vai dirixido, a calidade do seu deseño, a viabilidade técnico-económica, o tratamento das temáticas transversais como son o uso do galego, os programas dirixidos á mocidade, a incorporación da perspectiva de xénero e mesmo tamén da perspectiva intercultural; tamén se ten en conta a propia xustificación que fixeron de programas anteriores.

Son criterios absolutamente obxectivos para que calquera persoa ou entidade poida optar a unha subvención en condicións de igualdade de oportunidades, as mesmas condicións para todo o mundo.

Logo me fala de que hai un atraso importante na resolución. Aí doulle totalmente a razón. Temos que andar máis finos, acurtar prazos; evidentemente que se chegue a finais de ano complícalle á propia asociación a realización das actividades. Estamos totalmente de acordo pero partan de que a reforma que se fixo este ano é importante, que obxectivizar complica a propia resolución porque hai que ir taxando punto por punto, non como ata agora. Tampouco quero mirar cara atrás porque o ano pasado resolveuse en novembro, no ano 2004 cando gobernaban vostedes en outubro, no ano 2005 en outubro, no ano 2006 en decembro. Evidentemente que estamos de acordo en que hai que acurtar prazos, estaremos niso.

SRA. LARRIBA LEIRA: Como agora estamos analizando o tema das subvencións só insistir na idea de que precisamente son as axudas á iniciativa das asociacións as que diminuíron, o que aumentou foi o gasto corrente do departamento e das actividades de animación socio cultural en actividades propostas e conveniadas directamente polo Concello. Para nós iso non é fomentar en absoluto a iniciativa dos cidadáns.

Efectivamente é probable que teñamos interlocutores diferentes, o problema é que vostede debería falar con todos e non só ter uns interlocutores. Debería ser vostede o interlocutor de todas as asociacións de Vigo; esa é a súa obriga.

(Está ausente a Sra. Lago Rey).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, López Atrio, López Carreira, López Font, Méndez Piñeiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Veloso Ríos e a Presidencia, e trece votos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez, Molares Pérez, Muñoz Posse e Porro Martínez, prodúcese un empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, se efectúa unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte

ACORDO:

Rexeitar a moción presentada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Larriba Leira, instando a revisión das axudas e subvencións en materia sociocultural, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (221).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás

quinze horas e nove minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

DILIXENCIA:

Esténdese para facer constar que a presente acta corresponde á sesión ordinaria do Pleno do día 24 de novembro de 2008. Consta de 88 folios da serie A numerados do 2141958 ao 2142045, e números do 852 ao 939. Aprobouse na sesión ordinaria do Pleno do día 23 de febreiro de 2009.

Vigo, a 23 de febreiro de 2009
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda